

OS DISCURSOS PARLAMENTARIOS DE
FERNANDO GONZÁLEZ LAXE

SEGUNDA LEGISLATURA
1987-1990



COLECCIÓN PARLAMENTO DE GALICIA



Fernando González Laxe (A Coruña, 1952). Licenciado en Ciencias Económicas e doutor en Ciencias Económicas e Empresariais. Afiliado ao PSdeG-PSOE en 1977, pasou por todos os niveis políticos. Foi subdirector xeral de Pesca da Xunta preautonómica (1979-80); primeiro tenente de alcalde e voceiro do grupo socialista no Concello da Coruña (1979-82) e director xeral de Ordenación Pesqueira. Nas eleccións autonómicas de 1985 foi candidato á Presidencia da Xunta polo PSdeG-PSOE. En 1987 gañou unha moción de censura contra o goberno de Fernández Albor e converteuse así en presidente da Xunta ata 1989. Logo foi elixido senador autonómico e permaneceu na alta cámara ata o ano 2000. Posteriormente fundou e presidiu o Instituto Universitario de Estudos Marítimos e Portuarios. No ano 2009 volveu á política activa como presidente de Portos do Estado.

OS DISCURSOS PARLAMENTARIOS DE
FERNANDO GONZÁLEZ LAXE
SEGUNDA LEGISLATURA
1987-1990



COLECCIÓN PARLAMENTO DE GALICIA

*Todos os textos de Fernando González Laxe foron recollidos
do Diario de Sesións do Parlamento de Galicia, tal e como
foron transcritos orixinariamente*

EDITA:

Parlamento de Galicia. Colección «Discursos parlamentarios» © 2015

FOTOGRAFÍAS:

Arquivo do Parlamento de Galicia

IMPRESIÓN:

Lugami

D.L.: C 610-2016

ISBN: 978-84-7836-105-2

Índice

7 A MODO DE PRESENTACIÓN.

11 PRESENTACIÓN DO PERSONAXE

13 A presidencia de Fernando González Laxe (1987-1990).

José Luis Gómez

19 SEGUNDA LEXISLATURA 1987-1989

21 Debate e votación da moción de censura presentada polos 22 deputados adscritos ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, para esixir responsabilidade política da Xunta, do seu presidente e dos conselleiros, que inclúe a don Fernando González Laxe como candidato a presidente da Xunta.

21 de setembro de 1987

- 59** Discurso de toma de posesión no pazo de Fonseca do novo presidente da Xunta de Galicia, Fernando González Laxe.

29 de setembro de 1987

- 63** Comparecencia do presidente da Xunta de Galicia ante o Pleno da Cámara para informar sobre a organización e estruturación do novo Goberno galego, por petición propia e por solicitude de 30 deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

20 de outubro de 1987

- 77** Comparecencia do presidente da Xunta de Galicia, por petición de 18 deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, para informar sobre o encallamento do buque *Casón* e os problemas xurdidos na factoría Alúmina-Aluminio.

29 de decembro de 1987

- 93** Comparecencia do presidente da Xunta de Galicia para informar sobre o desenvolvemento e solución da crise de goberno e nomeamento dos novos vicepresidente da Xunta e conselleiro de Educación.

13 de setembro de 1988

- 99** Debate de política xeral sobre a situación actual e as perspectivas de futuro de Galicia.

14 de marzo de 1989

A MODO DE PRESENTACIÓN

«Discursos Parlamentarios» é unha colección que nace coa intención de compilar, dunha forma ordenada, rigorosa e ben estruturada, as principais intervencións dos presidentes da Xunta ante o Parlamento de Galicia ao longo da nosa historia máis recente.

Os programas de goberno e as tomas de posesión, as análises do estado da autonomía e as comparecencias informativas cruciais dos distintos presidentes ante os xenuínos representantes do pobo galego son textos moi relevantes, de fonda significación, cuxa edición sinxela resulta plenamente xustificada polo seu grande interese político, documental e sociolóxico.

Todas e cada unha destas intervencións en momentos especiais da vida galega constitúen pezas mestras da súa pegada de goberno, que o pouso do tempo convida a ler con máis pausa e detemento para a súa mellor comprensión e valoración, na súa xusta medida. Os textos aquí incluídos preséntanse perfectamente enmarcados, tanto nos seus datos coma nos seus enunciados, e tamén se corresponden cos léxicos orixinais.

Estes «Discursos Parlamentarios» non están destinados a historiadores e eruditos, aínda que tamén, senón que son uns libros de fácil lectura para todos aqueles que sintan curiosidade ou teñan interese polo noso pasado máis recente. Unha época política que observarán a través dos que tiveron en cada momento a enorme responsabilidade de estar á fronte do Goberno galego.

Fernando González Laxe estivo á fronte da Xunta de Galicia durante a última parte da segunda lexislatura, entre setembro de 1987 e outubro de 1989, tras obter o respaldo parlamentario a moción de censura que defendeu fronte ao presidente Xerardo Fernández Albor.

Aínda que o período de mandato foi curto, posto que apenas durou dous anos, non por ese motivo resultou menos interesante. González Laxe foi o primeiro presidente que impulsou ante o Parlamento de Galicia, en marzo de 1989, un debate sobre o estado da autonomía, práctica que logo mantiveron todos os seus sucesores. Esas análises e reflexións dos distintos presidentes galegos ocupan un lugar preferente dentro desta colección.

Dentro da abundante e meritoria bibliografía que impulsou o Parlamento de Galicia ao longo da súa historia, faltaba unha colección coma esta que agora incorporamos aos nosos fondos para poñer en valor uns textos cruciais.

Tamén en homenaxe e recoñecemento aos presidentes galegos, Xerardo Fernández Albor, Fernando González Laxe, Manuel Fraga Iribarne, Emilio Pérez Touriño e Alberto Núñez Feijóo, naceu esta colección de «Discursos Parlamentarios», cuxa presentación me satisfai e me enche de orgullo moi especialmente.

Pilar Rojo Noguera

Presidenta do Parlamento de Galicia

PRESENTACIÓN DO PERSONAXE

A PRESIDENCIA DE FERNANDO GONZÁLEZ LAXE (1987-1990)

José Luis Gómez

Fernando González Laxe, do PSdeG-PSOE, foi o primeiro socialista que presidiu a Xunta de Galicia. A chegada ao poder deste xove profesor de Economía, actualmente catedrático, produciuse en setembro de 1987, tras unha moción de censura ao ata entón presidente, Gerardo Fernández Albor, de Alianza Popular (agora PP). Avalaron a súa elección parlamentaria os deputados do PSdeG, daquela segundo partido do Parlamento e primeiro da Oposición, xunto aos de Coalición Galega (CG) e o Partido Nacionalista Galego (PNG). Os líderes destas forzas serían vicepresidente (Xosé Luís Barreiro) e conselleiro da Presidencia (Pablo González Mariñas) do Executivo tripartito encabezado por Fernando González Laxe, que gobernou ata 1990. Nas eleccións de finais de 1989 resultaría vencedor con maioría absoluta, por escasa marxe, Manuel Fraga Iribarne, do PP, nova marca de AP desde aquel ano.

A política territorial, a educación e a inserción de Galicia no exterior caracterizaron o Goberno de Fernando González Laxe, quen puxo un particular



Fernando González Laxe tomou posesión do seu cargo como presidente da Xunta de Galicia na mañá do 29 de setembro de 1987, no pazo de Fonseca. Testemuñas foron, entre outros, Francisco González Amadiós (PSOE) e Luís Cordeiro Rodríguez (CG). Ao fondo, Víctor Manuel Vázquez Portomeñe (CP).



interese en dar un pulo ás grandes cidades con obras emblemáticas en todas elas e combinou estas actuacións cunha política de cooperación cos pequenos concellos. Da mesma época data a creación das universidades da Coruña (UDC) e de Vigo (UVigo) ou a posta en marcha da Escola Galega de Administración Pública (EGAP), grazas ao empuxe e os coñecementos do profesor González Mariñas. Por último, en materia exterior, desenvolvéronse políticas sectoriais que foron converxendo para canalizar a difícil inserción da atrasada economía galega na moderna Comunidade Europea, ante a que Galicia acreditou a súa Fundación Galicia Europa, en Bruxelas.

Esta clara estratexia política de fondo, inspirada polo presidente González Laxe, vertebrou a acción de goberno daquela Xunta de Galicia, suxeita tamén a certas diferenzas internas debidas non só á presenza de tres forzas políticas senón tamén a distintas sensibilidades nas filas do PSdeG-PSOE, cuxo secretario xeral era entón Antolín Sánchez Presedo, nomeado conselleiro de Ordenación do Territorio. As tensións afectaron, por exemplo, á CRTVG, onde se mantivo o equipo de Fernández Albor porque o aparello do PSOE que dirixía Antolín Sánchez Presedo freou un acordo do seu presidente con Xosé Luís Barreiro e Pablo González Mariñas para facer unha substitución con tres xornalistas mozos á fronte. O Goberno de González Laxe tamén tería que superar un contratempo xudicial de Xosé Luís Barreiro e algúns accidentes –inundacións en Padrón, embarrancamento do buque Casón, paralización de Alúmina-Aluminio, grandes incendios forestais...– que lastraron a non menos notoria política modernizadora daquel Goberno.

A Galicia de entón –1987– tiña recentemente estreada a pertenza de España á Comunidade Económica Europea (CEE), a actual Unión Europea (UE). Por tanto, ao Goberno de Fernando González Laxe abríase a oportunidade de lograr financiamento e de se adaptar a novos escenarios en España e en Europa. Aveniábanse tempos de maior competencia, onde era mester coñecer as reviravoltas de Bruxelas, sen perder de vista nin a acción da Comisión Europea –o Executivo comunitario–, nin o papel dos *lobbies*, algo que non todas as empresas galegas souberon ver a tempo. Nese contexto enmárcanse precisamente moitas das actuacións da Xunta de Galicia da época para afrontar a modernización e reestruturación económica derivada tanto da entrada na CEE como do propio tránsito español.

As políticas europeas e, de rebote, españolas, cambiaron aqueles anos o rumbo de sectores industriais como o naval, a siderurxia, o lácteo, a pesca ou o forestal, con altas exigencias para uns gobernantes cuxa tecnocracia

ía por diante dos propios sectores e das súas organizacións empresariais, a miúdo centradas na xestión de subvencións, cando o que se impoñía era aprender a competir. Os coñecementos académicos do profesor Laxe e, sobre todo, a súa experiencia como negociador do tratado de adhesión de España á CEE, desde o seu posto de director xeral de Pesca no Goberno central, deron consistencia á actualización política e técnica daquel Executivo, onde tamén sobresaía Francisco Sineiro, conselleiro de Agricultura.

Definíronse entón en Galicia pautas e proxectos comúns de país que pasaban por mellorar a formación dos mozos –de aí o impulso ás novas universidades– e tamén por fomentar todo o relacionado coa I+D+i, o desenvolvemento tecnolóxico e a presenza internacional, sen perder de vista o tránsito rural ao medio urbano, que se fixo cada vez máis intenso.

No plano institucional, a comunidade autónoma nada en 1982 exixía tamén atención política para reforzar o concepto da propia autonomía. Así se explica a nova lei do Presidente, con capacidade de disolver o Parlamento e convocar eleccións –competencia esquecida e non incluída no Estatuto de autonomía de 1981–, do mesmo xeito que a nova lei de coordinación de Deputacións Provinciais. Outra lei importante daquela etapa foi a de cooperación local, que revitalizou o papel dos concellos. Así mesmo, aprobáronse leis básicas que afectaron a universidade, a tecnoloxía, o comercio exterior e os montes veciñais en man común.

A defensa do idioma propio de Galicia, o galego, foi igualmente obxecto de impulso nunha política governamental non exenta de certos rozamentos co Goberno de España, do PSOE. E non só por cuestións lingüísticas, que en Madrid adoitan suscitar sempre receos, senón tamén pola aposta do Goberno de González Laxe por unha ordenación territorial adaptada ao país galego. Co Executivo que presidía Felipe González houbo tamén diferenzas pola firme defensa que facía Galicia do eixo atlántico, que ás veces motivaba tensións coa aposta mediterránea de Madrid. Desde Galicia pretendíase afianzar sobre todo a loxística marítima da fachada atlántica.

En pouco máis de dous anos, o Goberno de González Laxe tamén se ocupou doutras fronteas que levaron consigo a creación do Consello de Relacións Laborais, case en paralelo co Centro Galego de Arte Contemporánea e os palacios de congresos da Coruña e de Santiago de Compostela, e a posta en marcha de novos criterios políticos, entre eles o chamado policentrismo, a cultura do pacto institucional e, en definitiva, o goberno de coalición, habitual noutros países europeos pero de escasa implantación en España e en Galicia.

Todo iso significou unha gran complexidade política, pero desde o Goberno de Galicia non se eludiron nin os debates nin as rendicións de contas permanentes. Baixo o mandato de González Laxe instaurouse, por vez primeira, o debate da autonomía, e déronse explicacións parlamentarias cada vez que se produciu unha catástrofe, caso do buque Casón, por exemplo, a pesar de non ter a Xunta de Galicia competencias na materia.

Máis aló do Parlamento de Galicia, entre os discursos do presidente da Xunta destacaron os pronunciados na Cámara de Comercio da Coruña, onde Fernando González Laxe explicou as apostas da modernización de Galicia, e no Senado de España, onde foi o primeiro presidente en pronunciarse a favor da necesaria reforma da Cámara Alta para que dea participación real ás comunidades autónomas, a semellanza do que sucede en Alemaña. Fóra de España tamén impartiu varias conferencias, entre as que sobresaíu unha en Múnic. Alí preconizou unha maior concepción federalista de Europa, formando parte Galicia da Asociación Rexións Europeas, embrión do Consello de Rexións de Europa.

O vector económico resultante do período de goberno de Fernando González Laxe saldouse cunha maior converxencia de Galicia co resto de España, en parte froito dunha taxa de crecemento superior á media española. Foi a súa particular maneira de contribuír desde o Goberno de Galicia á recuperación do tempo perdido.

1987-1990
SEGUNDA
LEXISLATURA

DEBATE E VOTACIÓN DA MOCIÓN DE CENSURA PRESENTADA POLOS 22 DEPUTADOS ADSCRITOS AO GRUPO PARLAMENTARIO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA, PARA EXIXIR RESPONSABILIDADE POLÍTICA DA XUNTA, DO SEU PRESIDENTE E DOS CONSELLEIROS, QUE INCLÚE A DON FERNANDO GONZÁLEZ LAXE COMO CANDIDATO A PRESIDENTE DA XUNTA.

21 de setembro de 1987

Señor Presidente, Señorías:

O día 15 do mes en curso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presentou na Mesa deste Parlamento un escrito no que se suñaban en oito puntos as razóns que nos levaron a lle presenta-la moción de censura ó actual Presidente da Xunta.

A moción de censura, por dicilo coas mesmas palabras dun ilustre membro do partido do señor Presidente en ocasión especialmente parella a esta, supón unha técnica de control do Executivo polo Lexislativo, xustamente a máis importante, por implicar un xuízo xeral sobre a xestión do Goberno e o seu rexeitamento porque non levou a cabo a súa xestión en beneficio do interese común.

A moción de censura debe entenderse, pois, como unha técnica normal de control e acollerse con rotundidade como unha iniciativa parlamentaria lóxica e sempre posible.

Esta correcta descrición do mecanismo debe ser ben recibida por tódolos demócratas de Galicia e tódolos galegos preocupados pola boa andaina da vida pública deste país. É opinión común que, nun sistema democrático, o debate político ten como escenario institucional o Parlamento.

O Grupo Parlamentario Socialista, o principal da oposición, ten a obriga de lle facer saber ó pobo galego –non soamente ós seus votantes– cal é a situación deste país na encrucillada presente e, ó mesmo tempo, presentar solución razoadas e politicamente viables.

Esperar outra cousa da oposición sería o mesmo que convidala a demitir dos seus deberes. Sería unha forma de prevaricación de resultados funestos.

Tendo en conta a degradación acelerada do Goberno da Xunta e do partido que debería apoialo, ninguén poderá acusa-lo Partido Socialista de precipitación ou de aventureirismo político. Aí está o enorme exercicio de discreción con que o meu partido seguiu os acontecementos de todos coñecidos, sen intentar en ningún momento tirar proveito da situación de debilidade do Goberno. O Partido Socialista non é responsable –como algúns pretenden facer crer– da actual situación de dispersión do Grupo Popular, tamén nisto imitador tardío dos seus correligionarios de Madrid.

O Partido Socialista si que é responsable de pó-los medios legais e políticos necesarios para que os cidadáns galegos non teñan que seguir a padece-la incompetencia e maila irresponsabilidade dun Goberno que non merece tal nome.

Antes de pasar á exposición polo miúdo do programa alternativo que teño a honra de presentarlle a esta Cámara, quero insistir nas consideracións que moveron o noso Grupo Parlamentario a presenta-la moción de censura.

Considerámo-la moción de censura como un acto normal, lexítimo, e mais como unha vía válida para sanciona-la inoperancia do Goberno actual e non un simple exercicio de desaforo.

Considerámo-la moción de censura como un deber político fronte á probada incapacidade da Xunta para defende-los intereses do país. Consideramos aínda máis que é tamén un deber moral co país actuar dun xeito exemplar pondo en marcha o mecanismo axustado á gravidade do momento.

Pero aínda hai outras razóns que por si mesmas xustificarían unha moción de censura nas actuais circunstancias.

Queremos rematar dunha vez coa confusión política e co caos administrativo, motivo de indignación xeral do país.

Queremos evitar que o Goberno siga eludindo as súas responsabilidades políticas, xa que este Goberno non conta co apoio parlamentario para o

cumprimento das súas obrigas, nin tivo azos para se someter a unha moción de confianza, e o Grupo Parlamentario Socialista está resolto a exercer as responsabilidades que lle cómpren.

Queremos rematar co desgoverno. Todo o mundo sabe, incluídos os integrantes do Executivo, que o Goberno non funciona e tampouco funciona o aparello administrativo. É unha irresponsabilidade governamental que coñecen os cidadáns. É unha experiencia padecida por moita xente deste país, e non precisa, desgraciadamente, ningunha proba.

O trámite máis simple pode ser cousa de meses, cando non de anos. Os acredores bufan, os funcionarios pagan as culpas dos gobernantes e o pobo ten a seguridade de que está sendo estafado, porque o Goberno Galego non goberna. Todo este estado de cousas ten un responsable: o señor Presidente e mailo grupo parlamentario que ó sustentalo consente este lamentable estado de cousas.

Queremos rematar coas campañas de intoxicación interesadas para facer crer que non é posible nin lexítima unha alternativa ó Goberno da Xunta. Pensamos que esas reaccións son froito da desesperación política e do medo á perda inminente do poder político.

Fronte a esas reaccións, e no uso lexítimo dos mecanismos institucionais, imos presentar un programa con engado e contidos de seu que miran preferentemente á solución dos problemas de Galicia, é dicir, dos problemas cotiáns dos galegos.

Programa de goberno

Señorías, o noso programa non é unha declaración de intencións, senón que é o resultado da análise severa das necesidades do país, das de hoxe e das que veñen enriba, reclamando e urxindo solución eficaces. O noso programa está marcado pola identificación coa nosa terra. Así o entendemos. Así queremos que sexa entendido.

Coa mesma lexitimidade, e seguindo unha práctica universalmente aceptada, queremos configurar un Goberno de coalición coas forzas políticas que se identifiquen co programa que presentamos e estean dispostas a levalo á práctica durante o tempo que falta para completa-la lexislatura.

Por iso convidamos a tódolos grupos parlamentarios que coincidan coa necesidade desta formulación a que sumen os seus esforzos para que prospere esta moción de censura e axuden a abri-las portas do futuro de Galicia.

Estamos diante dunha nova etapa da historia do noso pobo. Unha xeira na que debe abrirse camiño un novo proxecto político diferente e alternativo.

O Partido Socialista de Galicia-PSOE ten que facer unha lectura en positivo do actual panorama político e buscar solución para frea-la deterioración provocada por esta lamentable e desafortunada xestión do Goberno actual. O silencio, neste caso, delataríanos como cómplices dunha situación improporrible. Orientaremos, pois, a nosa acción política cara a un norte de esperanzas. Queremos que os resultados desa estratexia teñan sempre unha dimensión social e non se perdan nunca en mesquindades individuais ou en exclusivas conquistas persoais.

Temos que pensar sempre nun país integrado en Europa, e isto lógrase obviamente dignificando a vida política galega. Hai que acabar coa aldraxante idea de que Galicia é unha leira, un ermo onde políticos en declive ou sen futuro fan ensaios de recuperación de poder, porque non saben facer outra cousa.

Galicia precisa xuventude madura, con ideas novas e novos xeitos de concibir e executa-la política.

Consideramos, polo tanto, que o noso programa debe contribuír á permanente discusión dos asuntos públicos.

Así mesmo, consideramos que o noso programa debe confrontar opcións e coñecer aquelas alternativas, as máis axeitadas, para o arranxo e a superación dos problemas. O noso programa non vai ser un glosario de intencionalidades, senón un compromiso e unha guía de actuación do futuro Goberno.

Imos convencer os galegos de que os problemas teñen solución e que non temos ningunha eiva conxénita que nos impida progresar. Non queremos dar pé a que se siga pensando dos galegos que somos un pobo entregado ou enfeitizado por forzas telúricas negativas.

Chegou o tempo de imprimirlle un xiro copernicano á vida pública galega. É a hora de vira-la tendencia de insolidaridade e da negatividade. Queremos un país próspero no eido económico e xusto nas distribucións dos bens materiais e culturais. Queremos un país que camiñe seguro e confiado nas súas posibilidades.

Este non é un programa de partido. Non é o programa que presentaría o meu partido no caso de ter maioría absoluta tras unhas eleccións autonómicas. É un programa que nace como resposta a un proceso de deterioración política de dous anos de duración. Nese tempo o Goberno que hoxe censuramos amosou a súa total incapacidade para dirixi-la nosa máxima institución política.

A presentación desta moción de censura é, xa que logo, un exercicio de responsabilidade fronte a unha situación especial, mesmo insólita, que non pode

continuar sen risco de afectar ó noso futuro e ó mesmo prestixio das nosas institucións de autogoberno.

O noso partido, maioritario da oposición nesta Cámara, vese na obriga de denunciar esta situación e de encabezar unha proposta alternativa. Pero non desde a perspectiva dunha plataforma partidaria, á que non renunciamos en futuras confrontacións electorais, senón desde un programa que articule ó seu redor unha maioría froito do diálogo e do compromiso neste Parlamento.

Un programa no que poida verse reflexado un amplo espectro social que condena o uso e abuso que o Goberno conservador vén facendo da Xunta, pero que cre na Autonomía, nas nosas institucións e na capacidade no pobo galego para afrontar os problemas políticos, económicos, sociais e culturais que ten formulados.

O noso programa tenta, por conseguinte, chegar a tódolos homes e mulleres que neste momento esixen unha solución digna para a crise política que o noso país vén sufrindo.

O primeiro punto deste programa ten que ser, polo tanto, a recuperación da confianza dos galegos nas propias institucións, no seu propio Goberno e na mesma acción dos seus políticos, que non sempre demostraron atoparse á altura esixida polas circunstancias.

Prestixia-las institucións políticas pasa por non concibir estas como un fin en si mesmo, senón como instrumentos ó servizo da sociedade. A acción política xustifícase pola confrontación de ideas para melloralas vida da comunidade, pola delimitación de obxectivos e polo deseño de programas diferenciados, endexamais polos intereses persoais dos que se aferran ó poder a calquera precio.

Por todo o dito, este programa define unha serie de actuacións prioritarias para os dous anos que restan da lexislatura. É certamente un breve período de tempo para solucionar os graves problemas do noso país, pero hai tempo de abondo para transformala imaxe de grave deterioración do Goberno, para marcar un xiro radical no xeito de gobernar este país.

Hai tempo de abondo tamén para transmitirle á sociedade a mensaxe de que o Goberno de Galicia pode verdadeiramente ser eficaz, que a nosa Administración pode funcionar, que os beneficios reais e visibles da Autonomía son moito maiores do que é o seu custo. Hai tempo de abondo para que os homes e as mulleres galegos recuperemo-la ilusión e nos comprometamos a construír unha Galicia moderna, máis próspera, menos desigual, cun

significativo papel en España e en Europa, unha Galicia con fe nas institucións e no seu futuro.

Liñas xerais

Señor Presidente, Señorías, pensando e asumindo ese compromiso con Galicia, quero esbozar agora os distintos planos ou puntos de partida da miña acción de Goberno. Planos ou puntos de partida que deben ser entendidos como metodoloxía para unha exposición seria e que ten en conta tamén a firmeza para a súa realización eficaz.

Vou acometer, en primeiro lugar, a tarefa de exporlles esas liñas de actuación que en política institucional e organización territorial consideramos necesarias para acadar unha Galicia de progreso e modernidade.

Como xa dixen anteriormente, queremos chegar a unha plena consolidación da Autonomía galega, e para iso temos que establecer un marco axeitado. Así pois, consideramos preciso recompo-la Comisión Mixta de Transferencias e propicia-la presenza na mesma dos grupos políticos representados no Parlamento, e deste xeito desenvolve-las previsións estatutarias tendente a concluí-lo proceso de transferencias.

A consecución dos nosos obxectivos obríganos a solucionar outros problemas que nos afectan directamente e axudar a impulsa-la nosa Autonomía. Así, tereilles que dicir ás súas Señorías que para solucionar-los problemas formulados pola conflictividade xurídica é preciso –sen renunciar á firme defensa do marco competencial galego– encarar unha política de diálogo coa Administración Central tendente á solución dos problemas xa mencionados.

Todo isto, desde logo, sen claudicar en ningún momento na defensa daqueles intereses e competencias que son propios de Galicia, que tanto pola Constitución coma polo Estatuto temos o dereito e o deber de solicitar, de asumir e de exercer.

Ademais de diálogo e cooperación coa Administración Central, cómpre chegar á necesaria coordinación das deputacións provinciais mediante directrices de actuacións sectoriais no marco das previsións estatutarias. Esa coordinación é imprescindible para asegura-la funcionalidade e maila eficacia da nosa Autonomía. Coordinación que, neste caso, conleva a categórica afirmación do fortalecemento das institucións políticas de autogoberno.

No eido da Administración galega, nós queremos e consideramos necesario o asentamento dunha estrutura que responda orgánica e funcionalmente ós criterios de estabilidade, austeridade, descentralización e desconcentración

de funcións. En definitiva, queremos que a Administración galega se achegue ó cidadán e que o cidadán a sinta e a perciba como propia e eficaz.

Cómpre, pois, simplificar procedementos, axilizar trámites e proceder á re-estructuración orgánica das consellerías, facéndoa máis homoxéneas, funcionais e acordes cos tempos actuais.

Desde o punto de vista territorial, consideramos necesario para fortalecer a Autonomía o desenvolvemento estatutario en orde ó recoñecemento xurídico da parroquia rural, a facer dos concellos as entidades básicas da Administración Local galega, a concibi-la comarca como unidade especial de prestación de servizos, a reconsidera-los plans provinciais de obras e servizos, para conseguir a creación de infraestruturas e servizos máis directamente vinculados á calidade de vida.

Para rematar con este tema, voume referir a algo primordial e de primeira necesidade: a Función Pública.

Neste punto urxe aproba-la Lei Galega da Función Pública, que debe recoller principios tan irrenunciabes coma os de profesionalización da Función Pública, racionalización e integración dos corpos, e aplicación estrita do réxime de incompatibilidades.

Entrarei agora na análise da realidade económica de Galicia e das súas posibilidades de desenvolvemento. Tamén nos atrancos nas manifestacións que reclaman saídas polas que cómpre traballar.

Entendo que a Administración Autonómica ten que participar no esforzo colectivo que lle propoñamos á sociedade para supera-lo secular atraso económico.

Política económica

Señorías, un dos eixos de calquera proxecto de goberno ten que ser necesariamente a política económica, máxime nun país coma o noso, onde están enfrontados os problemas estruturais e o reto da integración de España na CEE.

Pódese disculpar a un Goberno cunha política económica coherente que esta conteña erros ou desacertos, pero non se lle pode disculpar que careza de orientación. É realmente lamentable a falta de obxectivos do Goberno actual e a súa incapacidade para levar a adiante calquera programa económico e –o que resulta máis grave– a súa incapacidade para cumprir-las súas previsións presupostarias.

Contra do que vén sendo norma dos gobernos nominalmente presididos polo señor Fernández Albor, o Goberno que baixo a miña presidencia se formaría,

de acadar a confianza da Cámara, tería como un dos seus principais obxectivos a definición rigorosa e coherente duns criterios nidos de política económica acordados coa análise que da realidade económica galega temos feito.

Neste senso, estou en condicións de afirmar que os tres grandes eixos da nosa política económica serían os seguintes:

Primeiramente, o fomento do emprego, non soamente en contra das formas rexistradas do mesmo, senón tamén contra das encubertas, principal razón da baixa productiva dalgúns sectores.

En segundo lugar, a modernización das estruturas productivas de cara á adaptación ás Comunidades Europeas, condición *sine qua non* para a supervivencia en condicións de competitividade dalgúns sectores.

Por último, pero non por iso menos relevante, a loita contra dos desequilibrios territoriais da nosa Comunidade Autónoma, verdadeiro testemuño dun crecemento socialmente inxusto.

Comenzando polo final, hai que dicir que no futuro Goberno por min presidido mantería como un obxectivo irrenunciable a posta en marcha do mecanismo de nivelación dos servizos mínimos previstos da LOFCA, para o que se iniciarían as accións negociadoras pertinentes coas administracións implicadas.

É preciso tamén, ó contrario do sucedido ata agora, que os investimentos públicos do noso presuposto sexan empregados como mecanismo corrector das desigualdades, de xeito que resulten primadas aquelas zonas máis atrasadas do noso territorio.

Galicia non pode renunciar tampouco ós incrementos dos fondos que para a corrección dos desequilibrios proveñan do exterior. Neste punto, o obxectivo é acadar unha maior participación no Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, cando menos porcentualmente semellante ó que nos corresponde no Fondo de Compensación Interterritorial.

E, como non, desde o respecto que toda Administración Pública merece, non podemos oculta-la nosa intención de proceder á elaboración dunha lei de coordinación das actividades das deputacións provinciais, na procura na máxima eficacia na utilización dos escasos recursos cos que os poderes públicos contan en Galicia.

Logo dos anos perdidos na modernización das estruturas productivas do noso país, e xa desde dentro das propias Comunidades Económicas, Galicia debe abordar decididamente a consecución daquel obxectivo para o que temos como límite improrrogable o ano 1992. Non é doado e contamos con

pouco máis cáas nosas forzas, pero do éxito desta empresa pode depender que Galicia poida desenvolver-las súas potencialidades na economía europea.

Sabido é que na recente crise industrial Galicia sufriu máis ca outras nacionalidades e comunidades autónomas. É preciso, de acordo ademais coas directrices da CEE, proceder á elaboración dun plan de recuperación das zonas industriais en declive, que en Galicia supón o verdadeiro sostén do feble e desarticulado sector industrial.

As chamadas de atención e as mobilizacións dos distintos colectivos de traballadores demandan a posta en marcha de xestións eficaces para remedia-las situacións económicas e socialmente inxustas.

Cómpre, así mesmo –desde o convencemento de que os poderes públicos deben orienta-las autónomas decisións do sector privado–, proceder á decidida promoción pública para completa-los ciclos productivos de Galicia, especialmente nos subsectores nos que temos avantaxes comparativas, como o complexo agrogandeiro, na procura do máximo valor engadido para a nosa economía.

Pero non podemos limitarnos a determinados focos de riqueza. Precisamos un territorio que ofrezca no seu conxunto posibilidades de futuro. Por iso consideramos urxente completa-lo equipamento mínimo do amplo sector rural, de xeito que permita o desenvolvemento das potencialidades que encerra o atrasado, máis non pobre, sector primario da nosa economía.

Coidamos, así mesmo, que non podemos deixar de lado a promoción e as aplicacións das novas tecnoloxías. Para iso pretendemos que desde a Administración Autónoma se facilite e fomenta a creación de sociedades de capital risco, así como a participación das empresas galegas en programas de futuro como Eureka.

Galicia ten que facer seu o reto que a todos nos impón o século XXI, que agroma nas transformacións das técnicas e na súa aplicación.

Tendo isto en conta, propomos un gran acordo nacional entre administracións, a Universidade e a empresa para a aplicación da investigación científica e técnica ó mundo productivo e a promoción profesional dos estudantes.

En concordancia cos obxectivos anteriores, non podemos esquecernos da necesaria integración da nosa economía co resto das europeas. Cómpre entón unha mellora nos circuitos comerciais, eliminando rixideces e obstáculos internos. Sen boas canles de distribución non se pode mellora-la produción.

Como xa quedou salientado con anterioridade, o terceiro dos grandes eixos da política do Goberno que aspiro a presidir é a loita contra o paro, tanto na

súa vertente positiva de creación de emprego coma na negativa de atención ós que padecen as consecuencias da súa falta.

Hai tempo que vimos falando da necesidade dunha visión de conxunto do problema, para o que se fai imprescindible a elaboración dun plan de fomento do emprego. Un dos elementos deste plan podería ser a creación dun fondo co mesmo obxectivo.

Contra este problema non hai receitas máxicas, nin estritamente autónomas, polo que, como é obvio, a mellor medida é conseguir que a economía funcione axeitadamente para satisfacer as necesidades sociais.

Pero hai actuacións parciais que deben ser potenciadas, como o incremento cuantitativo e cualitativo da colaboración co Instituto Nacional de Emprego (Inem), mediante convenios particularmente dirixidos ós sectores máis afectados polo paro, os máis novos e as mulleres particularmente.

Neste eido non podemos ser insensibles ó grave problema do paro encubierto e do subemprego que se produce no campo galego en xeral, e nas áreas próximas ás zonas industrializadas en particular.

Desde o Goberno Galego deberán potenciarse as formas de economía social, grandes xeradoras de emprego, pero sempre co criterio de produtividade como referencia. Outro tanto debe ocorrer coas pequenas e medianas empresas (pemes), sector básico da economía galega que debe fortalecerse con medidas asociativas que lle permitan afrontar a competencia do exterior.

En resumo, desde a Administración deberán seguirse subvencionando e apoiando aqueles investimentos produtivos que xeren ou consoliden o emprego; todo iso desde unha política que atenda prioridades sociais e territoriais, único xeito de garantir a efectividade desta política.

Por último, é responsabilidade do próximo Goberno abrir a colaboración coa Administración Central para afrontar a crise dalgúns sectores produtivos galegos nos que a perda de emprego semella irreversible. Insisto na existencia de que a propia Administración Autonómica ten que participar no esforzo colectivo que lle propoñamos á sociedade para saír do secular atraso económico. Non pode a Administración Autonómica quedar á marxe deste reto e debe cumprilo necesario e irrenunciábel papel dinamizador.

Desde o Goberno elaborárase un plan económico a medio prazo, que, logo de ser sometido á consideración do Parlamento, se converterá no marco de referencia da política económica e mesmo das distintas políticas sectoriais. Polo tanto, os Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma, que serán presentados a medio prazo como uns verdadeiros presupostos por

programas, deberán estar nidiamente incardinados nos criterios planificados anteriores.

Señorías, definidos os eixos básicos da nosa política económica, cómpre así mesmo fixa-las liñas de actuación e os obxectivos específicos a nivel sectorial.

Potencial agroalimentario

A política agraria vai ter no meu Goberno unha atención especial, non só porque afecta á maioría da poboación galega, senón tamén por razóns de xusticia e por entender que no potencial que hoxe encerra a agricultura galega pode e debe ser, cun tratamento axeitado, un dos motores do noso desenvolvemento futuro.

O campo leva séculos reclamando xusticia, leva séculos de abandono, e os avances importantes, que os houbo, cómpre achacalos máis ó esforzo e á iniciativa campesiña ca ás axudas oficiais, que case sempre chegaron tarde.

Ata hoxe está por defini-lo papel que a agricultura debe xogar no desenvolvemento económico de Galicia. De aí que as actuacións públicas sobre o noso agro sexan deslavazadas e non orixinais.

O Executivo Galego segue a aplicar en Galicia mimeticamente programas deseñados para outras realidades, sen ter en conta a congruencia destes cunha meta final que non existe ou coa realidade do país. Isto explica a falta de programas específicos para o noso agro no conxunto xeral da política agraria autonómica.

Cómpre, pois, ó noso entender, tomar conciencia do problema e deseñar unha política agraria incardinada na política económica global. Hai que partir, polo tanto, de que o importante potencial agrario pode e debe se-la base dun forte complexo industrial agroalimentario que, aproveitando as vantaxes comparativas que o noso país lles ofrece a producións como carne, leite, viño, horta, froita, madeita, etc., leve a cabo en Galicia a transformación destas producións en condicións de competitividade en calidade e precios no mercado comunitario.

Mais para que isto sexa posible, para que a agricultura poida xogar un papel central no noso desenvolvemento futuro, faise necesaria unha colaboración efectiva da Administración cos nosos labregos.

Así, ó tempo que estes acometen as melloras necesarias para a xusta elevación do seu nivel de vida, impulsárase unha serie de melloras na Administración agraria, nas estruturas productivas, na infraestrutura do medio rural e nos circuitos de comercialización.

Neste camiño, o meu Goberno considera prioritario afrontar as seguintes accións:

No tocante a administración agraria, cómpre comezar a construción dunha administración agraria descentralizada, eficaz, transparente e participativa. Para iso comarcalizárase todo o aparello administrativo ó tempo que se potenciarán os Servizos de Extensión e Investigación Agrarios.

Para facilitar e axilizar a comunicación ó sector, créase o Consello Agrario, merollárase a información e máis simplifícanse os trámites administrativos.

Parece esta a única maneira de vencer as inercias e as desconfianzas dun sector tradicionalmente non servido ou mal servido pola burocracia. Parece tamén a única maneira de potencia-lo protagonismo dos agricultores e o control das actividades da concesión das axudas públicas e a rapidez na súa tramitación.

Creáranse tamén e poranse en marcha programas de desenvolvemento integral das explotacións para o mellor uso dos seus recursos, cunha aplicación das técnicas axeitadas de produción dentro das directivas da CEE, para así poder aproveitar a súa cofinanciación. A estes programas terán acceso preferente as explotacións cunha adicación principal ó sector agrario, os agricultores novos e mailas explotacións asociativas. Estes proxectos ou plans terán sempre un carácter gratuíto para o administrado.

A falta de mellora da infraestrutura rural convértese en moitos casos nun atranco insalvable para o desenvolvemento do sector. De aí que o meu Goberno lle adicará especial atención a este problema. Acometerá así con urxencia, procurando a maior eficacia no gasto, a mellora de infraestrutura rural, incrementando os traballos de reelectrificación e adecuando a rede viaria de xeito que permita a modernización das explotacións.

No que se refire á concentración parcelaria, tentaremos axilizar ó máximo as zonas que están actualmente nese proceso. No caso dos traballos preparatorios para calquera das fases actualmente contratadas, esixírase o máis estrito e puntual cumprimento dos contratos.

Para as novas concentracións teranse en conta as variables socioeconómicas e tentarase que sexan instrumentos de mellora para a actividade agraria e non plans urbanísticos encubertos.

Para as zonas de montaña, cunha actividade dificultada pola orografía e mailo clima, poranse en funcionamento os comités de coordinación da zona, que regularán os investimentos e mailas actuacións das diferentes administracións.

No referente á política das produccións, o meu Goberno tentará axusta-la oferta das produccións nas que o mercado é excedentario facilitando ou promovendo produccións en expansión e cun futuro claro.

Deberanse intensifica-los programas de melloras nas condicións de produción e equipamento das explotacións de leite, tratando de conseguir un sector máis competitivo. Para iso axilizaremos ó máximo os programas de axuda e as campañas de saneamento gandeiro, dotando ámbalas dúas medidas da necesaria transparencia, co concurso das organizacións profesionais agrarias e mediante a creación das necesarias comisións de seguimento.

Promocionaranse tamén novas alternativas productivas que, complementando as tradicionais de leite, carne, pataca, viño, etc., supoñan unha maior utilización dos nosos recursos, con especial incidencia nas produccións intensivas, nas pequenas explotacións e nas produccións de apoio a outras actividades.

Consideramos prioritario continuar coa modernización do sector lácteo, o que implica o redimensionamento das explotacións e o incremento da produtividade. Consecuentemente, negociarase co Goberno Central unha aplicación non lineal das cuotas comunitarias, de xeito que permita o incremento da produción das pequenas e medianas explotacións familiares con base na redistribución da reserva estatal.

Potenciarase o autoprovisionamento galego das explotacións en gando selecto e forraxes, promocionando todas aquelas iniciativas viables tendentes a produción en Galicia de vacún con recría con garantía xenética e tamén a mellora na produción, conservación e aproveitamento das forraxes.

A comercialización das nosas produccións, así como a súa transformación en Galicia, son asuntos que requiren un importante esforzo e que o meu Goberno non vai regatear. É un obxectivo básico a mellora das canles de comercialización, así como a participación dos produtores nas mesmas a través das súas asociacións. Para facelo posible, o meu Goberno apoiará o asociacionismo agrario nos procesos de comercialización, a agricultura contractual na busca de relacións estables entre produtores e industriais e maila creación dunha oficina permanente que informe ós agricultores da marcha dos prezos.

No que se refire á industrialización agraria, é urxente, dito sexa de xeito esquemático:

Salva-las faltas de industrialización en produtos básicos como o leite e a carne.

Mellora-la calidade e variedade dos produtos transformados.

Axudar a nosa industria na mellora tecnolóxica e penetración de mercados.

Establecer un marco de calidade para os produtos característicos, e iso en corresponsabilidade co sector.

Por outra banda, debo facer especial mención dos produtos artesanais, para os que dictaremos unha regulamentación que lles permita acceder directamente ó mercado.

Importante tamén no tempo que nos toca vivir é o asociacionismo. Desde o Goberno potenciaremos tódalas asociacións agrarias, non só no terreo comercial xa citado senón tamén para o conxunto das actividades do sector.

No que atinxe a política de créditos en axudas oficiais, a axilización e maila obxectivización das concesións son compromisos que asumimos con firmeza.

Así mesmo, dentro da estrutura da Consellería, é imprescindible a creación dun servizo que xestione tódalas axudas ó sector productivo e mais o sector industrial agrario, establecéndose liñas de subvención nas que deben primar dous obxectivos definidos: potencia-las novas orientacións productivas e mellora-las producións tradicionais co fin de chegar a ter explotacións rentables.

Tamén a política forestal debe ser revisada. Neste campo marcámonos como meta maximiza-las rendas de tódolos banzos do sector, respectando a capacidade productiva dos recursos naturais e facendo que resulte compatible coa satisfacción das demandas sociais dos restantes bens e servizos que o bosque proporciona.

Para conseguir esta meta é necesario pór en marcha accións que permitan acadar cando menos os obxectivos de:

Rentabiliza-la produción do monte e aproveitar en condicións a capacidade e os recursos das superficies forestais.

Desenvolver, reestruturar e potencia-las industrias forestais galegas a fin de revalorizar ó máximo a produción dos nosos montes.

Establecer canles de comercialización que permitan unha maior transparencia dos mercados de materias primas.

Sector pesqueiro e marisqueiro

Dito isto, Señorías, permítanme que, sen saírmos do sector primario, fixe a atención noutra importante fonte de riqueza e, xa que logo, de posibilidades: o sector pesqueiro e marisqueiro.

Saben as súas Señorías o agarimo e o sentimento que profeso polos homes e as mulleres do mar. As súas inquedanzas e anxeios non serán esquecidos

senón que, pola contra, multiplicarei os esforzos para dotalos duns instrumentos apropiados para desenvolver-la súa actividade.

A situación actual non pode ser máis crítica, tendo en conta sobre todo a necesidade que ten Galicia neste eido de confirmar e consolida-lo seu papel como primeiro país produtor de cultivos mariños de Europa, presentando unha actividade moderna e dinámica.

A xestión da Xunta nestes seis anos de goberno non só foi incapaz de impulsar e apoiar ese proceso modernizador, senón que mantivo unha postura retardataria e sen ningunha idea clara que se proxectase en medidas concretas de goberno, xusto ó contrario do papel dinamizador que o Executivo debe acometer, como xa indiquei, nesta e noutras manifestacións da economía.

A nosa preocupación prioritaria neste sector vai dirixida, sen lugar a dúbidas, a restablecer en primeiro termo o principio de legalidade, isto é, rematar urxentemente a conflictividade social creada polo furtivismo ata agora impune, mediante accións do Goberno centradas no control sobre os compradores e intermediarios, e impulsando a eficacia real da inspección e a sanción dos infractores.

As medidas sociais son unha preocupación do noso programa, na certeza de que só a formación e a profesionalización dos pescadores, mariscadores e acuicultores permitirán consolidar aquela primacía de país produtor de recursos mariños que Galicia debe ter, e terá, dentro de Europa.

Neste senso, impulsarémo-la formación técnica e humana dos traballadores do mar, cunha especial atención ás mulleres, o colectivo máis explotado e abandonado do sector, que, paradoxicamente, aporta a maioría da man de obra en actividades claves como o marisqueo, as bateas ou as industrias auxiliares.

Para acadar ese obxectivo adecuaremos os estudos profesionais e os cursos de formación necesarios destes traballadores, e promoveremo-la organización dos produtores en cooperativas, non só de produción e comercialización, senón tamén para a mellora xeral do seu nivel de vida.

A modernización das actividades da pesca de baixura e marisqueo é a consecuencia lóxica deste proceso que impulsaremos para acadar as maiores cotas de calidade dos nosos produtos.

Con esa finalidade ampliaremos a capacidade productiva e técnica da frota pesqueira, xeneralizando o uso de técnicas de cultivo nos bancos naturais, que deberán ser explotados racionalmente.

O apoio a este proceso de racionalización e uso dos recursos mariños, de acordo co principio elemental de conservación e mesmo mellora das condicións

ambientais nas que viven e se desenvolven, irá en boa lóxica unido a un incremento substancial e prioritario da investigación biolóxica, técnica e socioeconómica sobre tódolos aspectos que incidan nos obxectivos de mellora do sector en xeral e, especialmente, sobre os cultivos mariños, tendendo a diversificar as especies cultivadas.

O sector pesqueiro de cultivos debe estar atento ademais á actual demanda do mercado, que hoxe require non tanto ofrecer moito como ofrecelo ben, distribuílo mellor e cunha presenza estable e homoxeneizadora en tódolos mercados.

Igualmente, neste senso, o noso programa contempla un apoio claro e decidido á mellora da calidade da presentación comercial dos nosos produtos mariños, regulando e protexendo as denominacións de orixe como garantía da calidade e defensa dos recursos galegos.

As actividades pesqueiras, marisqueiras e de cultivos deben poder desenvolverse nas mellores condicións de traballo e de seguridade para a vida humana. Baixo esta consideración, o noso programa comprende así mesmo unha atención especial tanto ó control e ó cumprimento das normas e convenios sobre a seguridade da vida humana no mar coma á súa mellora e adecuación nas específicas características daquelas actividades en Galicia.

Complementariamente pensamos que a nosa estrutura portuaria e de servizos debe ser axeitada e mellorada tamén de acordo coas necesidades do sector. Por iso integramos e coordinarémolos plans de investimentos nos portos cos plans de desenvolvemento da pesca e dos cultivos, dentro da Administración pesqueira autonómica, co obxectivo de dotala dun corpo harmónico de decisións que redunden nun beneficio común, solidario e integrador.

Por último, e sen esgota-lo conxunto de medidas propostas para o sector, na procura das máximas competencias espalecidas na Constitución e no Estatuto de Autonomía, impulsaremos e concretarémola negociación coa Administración Central, na Comisión Mixta de Transferencias, para a inmediata solución das transferencias en materia de ordenación pesqueira.

Territorio e sociedade

Para facer país, para construír unha nova Galicia, requírense actuacións que superen os actuais desequilibrios e desigualdades entre os galegos. Para corrixir estes males ocasionados polos últimos políticos é polo que expomos unha política reequilibradora nos planos territorial e social.

A política territorial, como vostedes saben perfectamente, ten que dáno-la ordenación do marco físico e estrutural que servirá de soporte material e estrutural dos campos social, económico, cultural e, como non, na protección da natureza.

É indudable que debe ser unha política integradora e vertebradora, e non un cúmulo de disposicións dispersas sen orde nin concerto, como se pode ver ó estudia-la lexislación existente. Trátase de formular un conxunto de principios, directrices e obxectivos claros que sirvan de guía para a actuación lexislativa e executiva da Administración galega.

Galicia ten características propias e tendencias organizativas de seu, consuetudinarias unhas –a parroquia e a comarca– e legais outras –o concello e a provincia–. A todo iso hai que darlle unha incardinación e unha cobertura que aproveite as súas vantaxes e fomente as súas potencialidades.

Sen ánimo de efectuar unha relación exhaustiva, para o que xa haberá lugar, paso a exporlles someramente as grandes liñas orientadoras.

A elaboración dunha lei de ordenación territorial é o punto básico e prioritario, e debe ser, xa que logo, acometido decididamente. A parroquia, a comarca, as áreas metropolitanas, as comunicacións e as mancomunidades teñen que ser un reflexo desa lei.

Pero ten que ser unha ordenación territorial que se faiga baixo os principios:

De democracia, xa que na súa estruturación deben participar tódolos grupos e representantes políticos para que sexa amplamente asumida e sentida.

De globalidade, en canto recolla toda a problemática territorial e a súa estruturación.

De prosperidade no futuro, pois debe ter en conta as potencialidades de desenvolvemento e as tendencias de crecemento en Galicia, conxugándose coa potenciación dun maior apoio ás zonas máis deprimidas.

No tocante a urbanismo e vivenda, a contemplación do hábitat humano debe ser cuestión fundamental nas súas dúas vertentes:

Primeiro, o planeamento que debe aplicarse en tódolos concellos de Galicia, apoiando de modo real, técnica e economicamente, os que carecen del, dándolle cumprimento ó mandato parlamentario contido na Lei de adaptación da do solo de Galicia, xa que transcorridos os dous anos previstos para a súa aplicación xeral segue, esencialmente, sen cumprirse.

En segundo lugar, a vivenda, un dos grandes déficits estruturais da poboación galega, precisa actuacións tanto no medio rural, tanto pola antigüidade

e a deficiencia das construción, coma nas zonas urbanas, polo elevado custo económico que prexudica a maioría da poboación, pero con especial incidencia as clases menos favorecidas.

Os criterios básicos que guiarán a nosa actuación neste sector serán:

A promoción da construción de vivendas, sobre todo no campo das protexidas, tanto de iniciativa privada coma pública.

Evita-la especulación e acumulación de plusvalías pasivas, axilizando ou proporcionado solo.

Fomento de créditos e subvencións para a renovación, reparación e sanidade de vivendas, con especial incidencia no medio rural.

Así, deste xeito, entremos, pois, para seguir coa política territorial, no amplo campo das infraestruturas.

Señorías, ordenar Galicia significa tamén comunicar, inter-relacionar, sanear e promocionar.

No que se refire ás obras públicas, teremos que potenciar tódalas infraestructuras que permitan unha maior integración do mercado interno e fáciles e rápidas conexións co entorno español e europeo.

Como queira que para iso son esenciais as comunicacións por estrada, procederemos á elaboración dun Plan Galego de Estradas, establecendo estratexias de prioridades, alternativas en potenciación. Este plan de actuación incluírá un programa de acondicionamento dos trazados, con particular atención ás variantes e travesías, para o que procedería a modificación da vixente Lei de limitación da propiedade nas estradas non estatais. En segundo lugar, un programa de reposición e conservación, especialmente dirixido ás con alto grao de saturación. E, finalmente, un programa de actuación específica en zonas de especial interese turístico e comercial, así como de acceso a zonas interiores deprimidas.

Outro campo de actuación importante é o das obras hidráulicas. Coa aprobación da Lei de Augas e do seu regulamento débese proceder a un desenvolvemento lexislativo das previsións contidas no noso Estatuto, a cambios organizativos na Administración hidráulica e á planificación hidráulica, promovendo un programa de estacións de saneamento e fornecemento, con criterios obxectivos e non políticos.

Ademais, tenderemos a dotar toda a Comunidade dunha rede de auga potabilizada e de estacións de tratamentos que cubran as necesidades de tódolos núcleos de poboación galega, completándose cun plan de saneamento e protección dos ríos e as rías de Galicia.

Por último, no terreo das infraestruturas, réstanos unha referencia á política portuaria, que debe estar orientada na nosa Comunidade a constituír un soporte axeitado para a actividade económica dos distintos sectores que conflúen no litoral.

Dada a escasa produción normativa e a escasa acción de goberno, pretendemos co noso programa alternativo sentar as bases políticas dunha profunda renovación da Administración portuaria, das súas técnicas de xestión e do rexime financeiro aplicado ás mesmas, cunha nova e belixerante política de tarefas que se integren nos obxectivos territoriais do Plan Económico de Galicia, aspecto escasamente tratado, ó noso xuicio, pola actual Xunta.

E xa para rematar coa política territorial, unha reflexión sobre o medio ambiente. Cada vez é máis perentoria a necesidade da adopción de medidas, tanto pola propia importancia intrínseca coma pola necesidade de adaptarse ás directrices da CEE.

Por iso manteremos como directrices de goberno a potenciación e a promoción de parques naturais e protexidos. Tentaremos darlles plasmación legal e imperativa ás propostas das Xornadas Técnicas de Incendios Forestais para Galicia, buscando a desaparición desa praga tan prexudicial para unha das nosas grandes fontes de riqueza.

Finalmente, elaboraremos un estudo integral de medios e medidas de protección do medio ambiente que lles poña couto ós graves perigos que hoxe ameazan con racha-lo seu feble equilibrio.

Revolución tecnolóxica

Algo apuntei xa das novas tecnoloxías. Referireime agora á revolución tecnolóxica que está cuarteando e transformando os procesos industriais e, mesmo, alterando as relacións de produción e as actividades productivas. Estes cambios prodúcense cada vez en períodos máis curtos de tempo e presentan oportunidades que Galicia non pode perder, porque está a xoga-la súa incorporación ó futuro.

Reclamo, pois, Señorías, a súa atención para unha reflexión sobre a industria, os seus problemas e as alternativas de futuro. Unha reflexión que inclúe naturalmente propostas para superar actuais atrancos.

Parece claro que o sector industrial é hoxe, quizais, un dos que máis dificultades presenta para a consecución dos obxectivos da política económica que perseguimos, caracterizándose pola súa falta de vertebración interna e pola súa desconexión co resto do aparello productivo galego.

Compróbase isto en particular nas grandes empresas, que na súa maioría sufriron, e aínda sofren, a consecuencia da crise industrial dos anos 70, levando as zonas galegas de maior renda a unha clara situación de declive.

O Goberno Galego debe proporse entón un tratamento diferencial e a incentiación das comarcas afectadas polo proceso de reconversión industrial nunhas accións concertadas, e non paralelas, coas doutras administracións públicas. Estamos a falar do que podería e debería chamarse o Plan especial de actuacións integradas en zonas afectadas pola crise industrial.

Nese senso, lonxe de concepcións maximalistas ou directamente esquiladoras dos nosos recursos, desde o Goberno daráselles prioridade ás iniciativas empresariais que aproveiten e desenvolvan os recursos naturais nos que temos vantaxes comparativas, especialmente as do sector primario (agrogandeiro e do mar) e do extractivo.

Polo demais, fronte ó chamativo dos grandes complexos industriais, hoxe con frecuencia en crise ou dependentes doutras economías, cómpre salienta-la relevancia dun sector industrial conformado por moitas pequenas empresas. A chamada industrialización endóxena ou de iniciativa local vén xogando un papel clave no recente desenvolvemento industrial. As moitas iniciativas que están agromando xa no noso país deben contar co apoio institucional nun serio esforzo tendente a crear un clima económico apropiado a partir dun horizonte definido.

E aí consideramos esencial a introducción das novas tecnoloxías, como xa dixemos, en particular na aplicación de tecnoloxía de proceso competitivo cara á especialización en determinadas liñas de produtos nas que, como tamén avanzamos, temos vantaxes comparativas.

A necesaria modernización na fase de produción non pode deixar fóra os recentes avances que, como o deseño, son esenciais á hora da competencia entre produtos de semellante calidade. A potenciación dun deseño propio, identificativo dun certo criterio de distinción, pode e debe ter un eixo esencial nas novas técnicas de produción que deben ser fomentadas polo noso Goberno.

Así mesmo, é preciso consolida-los intentos do propio sector de dotarse de instrumentos de asesoramento e información, para o que debe contar co decidido apoio da Administración Autónoma, apoio que debe estenderse á proxección dos produtos galegos ó mercado nacional e internacional, á promoción do asociacionismo comercial e a facilita-lo investimento dos grupos estranxeiros en Galicia.



González Laxe expuso na tribuna do Parlamento os motivos da presentación dunha moción de censura contra o presidente Albor, despois de cerrar un acordo do PSOE con CG e PNG para formar un goberno tripartito.

No tocante á desarticulación, é preciso intensificar as relacións interindustriais en Galicia, pondo particular atención na integración dos subsectores e na necesidade de que se completen no noso territorio, cando menos, aqueles ciclos productivos que pola súa adaptación ás nosas potencialidades poidan deixar máis valor engadido no país.

Condición imprescindible para todo o anterior é a existencia de solo industrial apropiado ás necesidades das empresas, sen rixideces territoriais ou funcionais, que as máis das veces é o esganamento principal de moitos proxectos investidores.

Así mesmo, un dos obstáculos de partida que necesariamente ten que superala economía de Galicia son as deficiencias dos seus circuitos comerciais, que fan inútiles gran parte dos esforzos productivos do xa feble aparello productivo do país. Dentro do obxectivo de acadar unha rede de circuitos comerciais lixeiros e capaces de abaratalos custos, melloralas condicións de comercialización en xeral e, consecuentemente, eleva-la capacidade competitiva dos produtos galegos é preciso establecer peculiaridades nos ámbitos interior e exterior das actividades comerciais.

Dentro do ámbito do comercio interior é preciso enunciar someramente os obxectivos seguintes:

- a) Parece necesario o establecemento dunha relación adecuada entre o espallamento e a actuación dos hipercentros comerciais, co obxecto de protexelo consumidor de posibles situacións monopolistas.
- b) É conveniente a potenciación de programas cooperativos que permitan tanto o fomento coma a mellora das condicións de operación do comercio detallista tradicional.
- c) As feiras e mercados constitúen institucións comerciais de importancia crucial en Galicia, e por iso cómpre unha regulación que, recoñecendo o seu peso específico, adapte as súas condicións de funcionamento en canto a periodicidade, contido e formas ás novas situacións xerais do intercambio mercantil.
- d) Facerlles fronte decididamente ás deficiencias e insuficiencias evidentes nas estruturas do comercio interior rural.

En relación coa problemática do comercio exterior, e de acordo coas competencias asumidas polo Goberno Galego no Estatuto de Autonomía de Galicia, prestaráselle atención exclusiva á promoción dos produtos galegos fóra de Galicia, en conexión coa política institucional española nesta materia.

En ámbolos dous ámbitos, o meu Goberno amparará e potenciará a implantación das denominacións de orixe, prestando axuda tanto financeira coma técnica para o seu establecemento.

Por último, hai un punto importante que non quero deixar de lado, por máis de ser conflictivo. As empresas públicas que operan en Galicia, as máis delas industriais, e dependentes da Administración Central, non poden ser alleas ás grandes liñas que desde o Goberno Autonómico se marquen para a política industrial. Non falamos de subordinación; falamos da necesaria coordinación.

Así mesmo, non podemos esquecer que é este o sector no que se está discutindo e aplicando con máis forza o desafío tecnolóxico. Galicia ten que entrar tamén con paso firme por este camiño.

Hoxe máis ca nunca non podemos perdernos en mirar cara a atrás. Aspectos como accións derivadas da implantación da nova tecnoloxía no concernente a microelectrónica, biotecnoloxía, novos materiais, enxeñería xenética, enxeñería financeira son aspectos cruciais no devir do noso pobo.

A creación dun parque tecnolóxico en Galicia, en correspondencia cos avances desenvolvidos polos novos investigadores e empresas, daranos un aval, una auténtico soporte firme para endereita-lo futuro.

Non podemos esquecer que unha sociedade desinformada xera apatía ó tempo que se sitúa nunha condición de inferioridade. Polo tanto, traballar neste eido é deseña-la Galicia do mañá a partir das raiceiras que hoxe lle aportamos.

O noso Goberno, no caso de prospera-la moción de censura constructiva, propón como un dos seus obxectivos básicos e prioritarios apostar pola tecnoloxía como fonte de novos horizontes para un país que quere espertar, ó tempo que desexa estar en mellores condicións das que ten neste intre histórico.

A política social debe ir encamiñada a facilita-lo pleno desenvolvemento do individuo e da Comunidade Autónoma, promove-lo benestar xeral e a igualdade de oportunidades, elimina-la marxinación social e contribuír á promoción profesional, social e cultural das persoas e dos grupos.

Propostas educativas

Señorías, empezaremos neste eido coas análises e propostas referidas ó campo educativo.

O concepto de escolaridade e os seus afíns de educación e formación integral da personalidade teñen envergadura de abondo para que o seu

tratamento nun programa de acción política sexa intensivo e profundo. Ninguén descoñece que unha transformación da sociedade é posible precisamente sobre a base dun proxecto educativo. A transformación que nós propomos, xustamente por incorpora-la poderosa tradición de humanismo socialista europeo, non pode ignora-lo carácter decisivo da acción educativa.

O programa educativo que nós propomos será, entón, o instrumento de execución da devolución da cultura e da educación á súa fonte e ó seu destinatario, é dicir, á sociedade galega.

Tal desiderato responde ó ideal dunha sociedade que cumpre o movemento esencial de autorrecuperación e impulso progresista de levar a nosa colectividade á cota do rendemento colectivo que xustamente pode acadar no seo da Europa dos pobos.

O utópico destas declaracións acrisólase se se considera a presente miseria dos nosos establecementos educativos, o desconcerto de profesores e alumnos, a fraqueza evidente da nosa Universidade e o indiscutible desalento moral que nesta e noutras ordes afecta á nosa sociedade.

Frente ó determinismo, só a fe na posibilidade do utópico pode creba-la forza das inercias históricas, politicamente cultivadas nos tempos máis recentes. O Goberno que eu presida arrisca unha declaración categórica para acadar unha sociedade mellor.

Como medidas concretas propómo-las seguintes:

1. A inmediata constitución do Consello Escolar de Galicia. A existencia deste órgano non se entenderá como a configuración dunha nova pantasma superestructural senón como unha instancia funcional reclamado con urxencia polo desenvolvemento presente das comunidades educativas.
2. Desde un órgano como este xa será posible a planificación da total escolarización desde os 4 ós 16 anos. Esa planificación haberá de facerse realidade social nun prazo non maior de cinco anos, o que requirirá un inxente esforzo técnico na súa primeira fase, pois estimamos que a escolarización debe entenderse como un concepto non meramente cuantitativo senón substancialmente cualitativo.
3. Impulsar decididamente o proxecto de reforma do Ensino Medio actualmente en fase experimental, establecendo canles de intercambio permanente de experiencias coa Administración educativa central e coa doutras administracións autónomas, co propósito último da total escolarización no nivel de Ensino Medio.

Polo que se refire a Formación Profesional, o esforzo será dobre. Máis centros mellor dotados segue sendo aquí unha consigna válida. Pero fundamentalmente a tarefa política neste sector será a de dotar estes estudos do prestixio que ó seu valor real lle corresponde.

A sociedade galega debe recupera-la conciencia do valor do traballo ben feito, e ese valor non oscila no baremo social das actividades. Así pois, a Formación Profesional reclama un esforzo específico que o noso programa asume integralmente.

4. Levar a termo unha reconfiguración do actual Mapa Escolar de Galicia partindo da base estatística fiable. A planificación escolar non pode apoiarse en erros manifestos coma os que resultan do vixente Mapa Escolar.

A participación de corporacións locais, grupos de cooperativas e instancias sociais de toda orde resulta imprescindible para estes efectos.

A actualización do Mapa Escolar fará posible a adopción de medidas máis concretas, tamén contempladas no noso programa. Por exemplo, prima-la escolarización total do ensino escolar no ámbito rural como factor de compensación e organizar un eficaz servizo de escola do país; resolve-la equiparación e xusta distribución de bolsas de comedores e posibilita-la súa xestión eficaz desde un instrumento operativo legal; establece-la posta en práctica de programas de educación compensatoria e atención a colectivos non escolarizados.

5. O programa de transición escola-emprego deseñado polas institucións de política educativa da CEE require a inmediata promoción do noso medio social, que o noso programa primará para tódolos efectos. O esganamento da promoción laboral do escolar de grao elemental ou medio é o problema máis agudo que se configura para a nosa Autonomía a dez anos vista.
6. O ideal dunha revolución democrática da cultura, que enunciámos como principio da nosa exposición, non deixará fóra, desde logo, o aspecto da xestión económica dos centros. É aquí onde as nosas denuncias estarían máis xustificadas. A prodigalidade da actual Administración en todo o que non supoña a efectiva mellora dos centros escolares acada cotas alarmantes. Cremos que tal deficiencia, naturalmente estrutural e non debida á eficacia xestora das persoas, só poderá remediarse potenciando a xestión económica dos centros desde eles mesmos. Xa que logo, o centro escolar non debe estar a expensas da famosa e falsa escaseza de recursos.

O actual sistema de control do gasto e as ridículas asignacións presupostarias ós centros consegue o non desexado efecto da súa total ausencia de xestión, porque hoxe a penas é posible adicar fondos a gastos reais da escola.

7. O máis importante parece todo o relacionado coa formación e perfeccionamento do profesorado. Este aspecto da actividade educativa parece particularmente negativo na actual práctica político-administrativa. O noso programa quere impulsa-lo proceso de renovación educativa e de perfeccionamento do profesorado desde a instancia profesional mesma.
8. Un programa de educación non podería pecharse de ningún xeito sen aludir a un capítulo que en certo modo o sobrepasa, pero do que necesariamente depende para o seu cumprimento.

A institución universitaria constitúe a base do profesorado e o horizonte natural dos alumnos de niveis inferiores. A reconfiguración da nosa Universidade e o abandono de toda demagogia parecen, xa que logo, aspectos que se impoñen ó noso programa de educación. A cooperación dos ensinamentos básicos e medios coa Universidade imponse por propia necesidade. Finalmente, só unha Universidade profesionalmente xestionada poderá cumprir os plans de investigación e desenvolvemento tecnolóxico que para adianto do coñecemento en xeral e maila utilidade do país deseñe a Administración.

O meu Goberno non escatimará esforzos para axudar a Universidade a expedir novos títulos de ciclo curto, respectando nisto, como en toda a súa autonomía, os termos fixados na Lei de Reforma Universitaria.

Ó igual cá educación, a sanidade e a saúde presentan retos que quixera apuntar brevemente.

Retos sanitarios e laborais

Na vontade política de acadalo máximo teito competencial en materia sanitaria e co fin de recibilo traspaso do Insalud, fórmase o compromiso para subscribir entre o Goberno de Galicia e o Goberno Central un acordo de colaboración para a coordinación de tódalas actividades sanitarias que garantan unha planificación idónea dos nosos recursos.

Este convenio rematará no momento de asumirlo Goberno galego os servizos e funcións do Insalud. Neste período procederase a equiparar a Galicia en protección, cobertura e investimento co conxunto do Estado.

De maneira inmediata, para a superación de tódalas incidencias que poidan xurdir, crearemos unha comisión paritaria de seguimento das transferencias en materia de sanidade.

Teremos especialmente en conta a atención primaria, coa posta en funcionamento de centros de saúde, desbloqueando a situación actual, e abriremos vías de cooperación cos concellos.

Estenderémo-la atención pediátrica ó conxunto das zonas rurais de Galicia. Por primeira vez a asistencia pediátrica integral aproximarase ás zonas historicamente desprotexidas.

Desdobrarémo-las cotas de medicina xeral, creando prazas xerarquizadas para a mellora da calidade da asistencia e de cobertura á poboación e xerando ó mesmo tempo novos postos de traballo no sector.

Coordenarémo-la rede sanitaria da Comunidade Autónoma galega –deputacións e concellos– evitando a duplicidade de esforzos e aproveitando e mellorando os recursos.

Poranse en marcha os mecanismos para dota-la nosa Comunidade da Escola Galega de Saúde, adicada á formación específica e permanente dos recursos humanos da sanidade.

Reorganizarémo-la estrutura orgánica da Consellería de Sanidade con criterios de eficacia e racionalización, aceptando o reto da reforma das estruturas sanitarias.

Crearemos, en fin, o Servicio Galego de Saúde mediante unha lei específica que procure a mellora dos recursos asistenciais e o establecemento dunha rede asistencia única integral.

Como non podía ser menos, o mundo laboral non podía quedar fóra do noso programa, nin tampouco do meu discurso. Nel afortalámo-la cohesión económica e social necesaria, combinámo-lo posible co viable, compartimos responsabilidades entre os axentes económicos, sociais e o propio Goberno de Galicia.

Fronte ó abandono e á subordinación das competencias nos sucesivos gobernos, o Goberno que eu aspiro a presidir adicaralle un especial esforzo á potenciación dos órganos de participación institucional no mundo do traballo, coa representación da Administración, das organizacións empresariais e dos sindicatos.

Consideramos tamén necesario estimular a creación de empresas a través das diversas formas integradas da chamada economía social, como cooperativas, sociedades anónimas laborais, etc.

Todo isto, xunto co fomento das medidas de contratación de traballadores, en íntima colaboración coas administracións Central e Comunitaria, debe levarnos a un dos obxectivos máis relevantes da política económica que propoñemos: o fomento do emprego.

Queremos tamén chama-la atención sobre un problema de difícil e complexa solución, pero que un Goberno responsable non pode deixar á parte, pois pola vía da omisión se cometería unha verdadeira fraude ós traballadores e ós empresarios que cumpren coas súas obrigas legais. Estamos a referirnos, como non, ó peculiar mundo da economía somerxida.

O meu Goberno afrontará decididamente este problema con medidas coercitivas, se fíxese falta, pero principalmente polo camiño da apertura de canles axeitadas para o afloramento dos amplos efectivos económicos e productivos hoxe en situación irregular.

O motor da mocidade

Chegados a este punto, permítanme, Señorías, unhas palabras sobre a mocidade.

A xente nova é o banzo que asegura a continuidade, a aposta ó mesmo tempo polas innovacións, aceptando con decisión e sen complexos os retos que impón o futuro. Os novos son, de feito, o motor necesario para crear as condicións que permitan afrontar e superar eses retos.

Eu quero dirixirme desde esta Cámara á xente nova para reclama-los seus esforzos e a súa participación xenerosa e crítica no proceso de modernización de Galicia. O meu Goberno terá moi en conta as novas xeracións, nas que debemos albisca-la Galicia que arelamos.

Para acadar-la libre e eficaz participación da mocidade no desenvolvemento político-económico e social de Galicia, é preciso coordena-las distintas áreas de intervención da Xunta de Galicia, aportando fórmulas imaxinativas e novidosas que provoquen a atención deste importante sector social, un dos máis afectados pola crise e a transformación da sociedade española:

Convenios puntuais co Inem para a oferta de cursos de formación ocupacional e potenciación dos contratos de prestacións de servizos.

Política de colaboración cos ministerios de Cultura, Traballo e Seguridade Social para a expansión na nosa Comunidade Autónoma de iniciativas como as das escolas-talleres.

Utilización das posibilidades de formación e contratación que se abren a través do Fondo Social Europeo.

Posta en marcha de talleres ocupacionais en convenios con concellos e creación de cooperativas de servizos.

Creación dunha oficina de asesoramento técnico-empresarial.

Entendemos que a posta en marcha dun auténtico sistema público de servizos sociais constitúe unha pedra básica para a superación das desigualdades sociais, partindo da consideración global dun marco comunitario inmerso nunha nidia política preventiva que se desenvolverá en estreita colaboración con outras administracións e institucións, pero fundamentalmente as corporacións locais. Esta política comprende aspectos como:

Desenvolvemento da Lei de Servizos Sociais de Galicia.

Presentación do proxecto de Lei do Instituto Galego de Servizos Sociais contemplado na lei.

Constitución do Consello Galego de Servizos Sociais, cunha composición que virá determinada pola lei que cree o Instituto Galego de Servizos Sociais.

Elaboración do Mapa de Servizos Sociais de Galicia para coñecer con detalle as necesidades, os recursos e mailos servizos existentes.

Modificación da actual zonificación dos servizos sociais de base, con obxecto de axeitala á realidade social, etc.

No desenvolvemento das actuacións en materia de servizos sociais estableceranse canles de coordinación e planificación con outras consellerías como Ordenación do Territorio e Obras Públicas, Educación e Sanidade, tendo como finalidade a prevención e evitando situación sociais de marxinación de determinados colectivos.

Amosarémolle especial atención á reinserción social e laboral do minusválido, así como dos colectivos marxinados, dos toxicómanos, dos delincuentes, etc. E, por suposto, a descentralización da xestión en materia de servizos sociais.

Deporte e turismo

En materia deportiva, a acción política que nós tentaremos impulsar terá como soporte fundamental do seu desenvolvemento unha concepción do mesmo como hábito cultural que, á súa vez, contribúa ó afortalamento da convivencia e ó respecto mutuo entre tódolos individuos.

Un estímulo importante para a extensión da práctica deportiva pode virnos da proximidade das Olimpíadas de Barcelona, e é unha posibilidade que non deixará de lado o meu Goberno.

Como premisa inmediata imponse unha vontade firme de coordinación da política deportiva con outras instancias institucionais como corporacións locais,

deputacións provinciais, etcétera, e entidades privadas de carácter social, para, a partir da elaboración dun censo detallado da infraestrutura deportiva existente, cubri-las carencias advertidas e así determina-las liñas de actuacións futuras.

Creación de módulos tipo de equipamento para pavillóns deportivos con criterios de calidade e funcionalidade, impulso de escolar deportivas de base, centro de investigación técnica e centros de alto rendemento para o deporte de élite, son aspectos concretos que nós contemplamos dentro das prioridades da nosa política deportiva.

Así mesmo, cómpre afrontar con especial atención as dúas facetas deportivas, se non esquecidas cando menos non xustamente valoradas: o deporte escolar, non só no tocante á súa vertente estritamente competitiva, e o deporte universitario, que será necesario apoiar a través dos correspondentes convenios coa institución universitaria.

Compromiso de redobrar esforzos polos Xogos Deportivos de Galicia, a imitación das «Espartakiadas» da República Democrática de Alemaña, ou das pequenas Olimpíadas galegas, o que implicaría atraer atletas e deportistas en xeral.

Señor Presidente, Señorías, ben saben vostedes do auxe do turismo nos últimos anos, o que non escapou á propia sociedade galega.

Ó noso entender, tres son os retos que debemos afrontar:

Primeiramente, a creación de infraestrutura, de feito que se posibilite a corrección das carencias das zonas turísticas tradicionais, particularmente as costeiras, e se potencien aquelas outras con futuro como rutas turísticas do interior.

En segundo lugar, cumpriría unha intelixente e atractiva acción promocional, elaborando programas especiais para os meses que integran a tempada baixa, diminuíndo a estacionalidade, hoxe moi alta no noso país. Neste camiño terán especial relevancia o termalismo, o turismo deportivo, o de montaña e mailo turismo da terceira idade.

Por último, pretendemos unha regulación do sector que defenda os dereitos da demanda turística e do consumidor en xeral, dignificando e clarexando a oferta turística con esixencia duns mínimos de calidade e seriedade.

Cultura e lingua

A atención á creación, promoción e difusión da cultura enténdese no noso proxecto de goberno como algo decisivo para a superación dos retos impostos polo futuro.

A política cultural é un pear esencial, poderíase dicir que case o cerne do noso programa de definición da política e, xa que logo, da acción do Goberno. Neste senso, a identificación do noso pobo coas institucións de autogoberno debe estar baseada no máis fondo coñecementos das nosas raíces, na riqueza da nosa identidade, na normalización da nosa lingua e, tamén, na conciencia do noso potencial e da nosa capacidade de transformación dos nosos hábitos culturais.

É por isto polo que a exposición do labor do Goberno para os dous anos que restan de Lexislatura (aínda a metade da mesma) terá que contempla-la dobre realidade que nos conforma, é dicir, o mundo cultural que conservar a maila realidade cultural que potenciar. Unha vez máis é a ensamblaxe xusta entre tradición e modernidade, gracias a unha política dinámica, anovadora e seria, a que axuda a conforma-la definición que se pretende para o home galego que ten que habita-lo mundo que se achega xa ós derradeiros anos do segundo milenio.

Por esas razóns haberá que deixar definitivamente articulada unha infraestructura cultural que atenda á consolidación da nosa cultura tradicional a través dunha política conservadora do xa existente, recibido en herdo dos nosos devanceiros e logro de séculos da historia.

Pero, ademais, haberá que deixar consistentemente establecida outra infraestructura, complementaria dos fins propostos, que atenda á implantación da nosa capacidade cultural no mundo moderno, de xeito que a nosa realidade cultural e a nosa potencialidade creativa, a través dunha política dinámica e progresista, insira o noso país no contexto cultural dos países cos que temos establecidos vínculos históricos, culturais ou políticos, nun marco que abranque as nacións e os estados máis adiantados do mundo.

No primeiro caso, desde a Consellería de Cultura estableceremos unha coordinación entre as institucións públicas e privadas, relixiosas e leigas, para a perfecta avaliación e conservación do noso e rico extraordinario patrimonio cultural.

No segundo caso, a acción do Goberno que espero presidir deberá atender, de xeito necesario, a consolida-la existencia dunha rede coordinadora da nosa realidade cultural coa dos demais que nos contextualizan, isto é, coas institucións públicas e privadas do ámbito estatal ó que pertencemos, e, a través delas, con aqueloutras de fóra das nosas fronteiras políticas que poidan axudar ó necesario e imprescindible espallamento cultural.

Como exemplo servirá no primeiro dos casos a contemplación da nosa realidade museística, patrimonial, bibliotecaria ou artística, por unha banda, e a necesidade de aplicación da tecnoloxía de punta, pola outra.

Do exposto é doadamente deducible a mínima acción cultural para levar a adiante en dous anos. Quere isto dicir que a planificación cultural que vai implícita nos puntos que se tratan de seguido supón, decididamente, o exercicio dunha política de mínimos considerados posibles e executables que, de alongarse no tempo a nosa acción de goberno, terían a conseguinte ampliación a máximos posible que os dous anos de prazo establecido agora delimitan e abranguen.

Expostos así os obxectivos da política cultural do noso Goberno, pasarei a referirme a algúns puntos concretos:

Plan concertado cos concellos para a elaboración dun estudio previo da nosa realidade cultural no que se refire a espazos de lecer e tempo libre, infraestrutura cultural, sociedades recreativas, asociacións culturais e xuvenís, para efecto de delimita-las competencias, priorizando investimentos, modificando a nosa filosofía e fisionomía cultural, deseñando parellamente os alicerces que sustenten unha política de concertación e coordinación coas diversas entidades e administracións vinculadas dalgún xeito á cultura, como as deputacións, universidades, fundacións, patronatos, etc.

Asentamento dunha rede bibliotecaria con dotación de medios humanos, económicos e materiais, que atenda ás necesidades que o país ten expostas neste senso.

Dotación de bibliotecas galegas no pertinente número de universidades estranxeiras como para que diso derive a creación da cátedras de cultura galega.

Potenciación definitiva da traducción das nosas obras de creación literaria a outra linguas do mundo, a través de disposicións que melloren as existentes actualmente.

Asentamento definitivo da Hemeroteca de Galicia como imprescindible fondo de consulta.

Implantación firme e definitiva do Arquivo Histórico do Reino de Galicia, institución indispensable na articulación da conciencia do país.

Informatización dos servizos administrativos da Consellería de Cultura, conectando as terminais coas do Ministerio de Cultura, co fin de aproveitar toda a información contida nesa institución e nas súas conexións internacionais.

Proxección exterior da nosa cultura en colaboración co propio Ministerio de Cultura e co Ministerio de Asuntos Exteriores, cos que se establecerá a colaboración necesaria neste eido.

Esta proxección exterior da nosa realidade veríase complementada coa creación de bolsas de estudo, embaixadas culturais, etc.

Atención permanente ós servizos culturais dos centros galegos do exterior como vínculo necesario co mundo da emigración.

Desenvolvemento e posta en práctica da Carta Magna do 78 (artigo 3), do Estatuto de Autonomía de Galicia e da Lei de Normalización Lingüística, como os tres peares básicos do consenso respecto ó tema, por parte de tódalas forzas políticas e cidadáns da Comunidade Autónoma galega.

Elaboración definitiva dunha planificación lingüística imprescindible para o país, establecendo a necesaria concordancia coa Dirección Xeral de Política Lingüística.

Colaboración cos museos existentes para a mellora dos seus fondos e elaboración dun catálogo de tódalas obras de arte, propiedade privada ou pública, existentes no noso país, así como a dotación de prazas específicas de restauradores que atendan á conservación e ó mantemento do noso patrimonio.

Convenios puntuais coas institucións laicas e relixiosas das que poida depender a supervivencia do noso patrimonio cultural, histórico, artístico e arquitectónico.

Establecemento de convenios coa Televisión de Galicia que contemplen a programación de espazos dramáticos, culturais, musicais, educativos, etc.

Os obxectivos de política cultural que acabo de citar lévanme agora necesariamente a expor algunhas propostas sobre a lingua que, felizmente, vén sendo desde hai centos de anos eficaz instrumento da comunicación do noso pobo.

A realidade actual do noso idioma vén dada pola pervivencia de determinadas situacións de anormalidade e incomprensión, polo que o labor que cómpre realizar para que se vaian esvaecendo certos prexuícios que aínda afectan ó galego é arduo.

Hai que pór en práctica medidas valentes que incidan directamente nas condicións ambientais que estorban a aprendizaxe do idioma galego e impiden un normal proceso de emprego habitual en tódolos momentos da vida social.

Son, pois, moitas as accións que hai que desenvolver, mediante a persuasión, por parte de todo tipo de entidades políticas e de cidadáns, e esas accións veñen dadas fundamentalmente pola decidida posta en práctica da Lei de Normalización Lingüística de Galicia.

Xa que logo, resulta necesario:

Adopta-las medidas pertinentes encamiñadas a fomentar o desenvolvemento dunha conciencia colectiva unánime e favorable á xeneralización do uso do galego na vida social, cultura e oficial de Galicia, así como nos nosos medios de comunicación.

Arrequece-la cultura galega mediante a traducción dos clásicos do pensamento da literatura universal.

Supera-lo restrinxido marco territorial no que actualmente se desenvolve a produción literaria galega, mediante iniciativas que tendan a proxectala alén das fronteiras, en concordancia co lugar que historicamente lle corresponde.

Estimular, mediante a aplicación de medidas concretas e efectivas, accións orientadas a dota-lo galego de instrumentos axeitados ó seu carácter de lingua normalizadora.

Impulsar unha política de convenios coas distintas administracións.

Proxección externa

Non quero pecha-lo meu programa sen facer mención de algo que resulta fundamental na Galicia actual. Estou á referirme á proxección externa do noso país.

Un país, e polo tanto un pobo con longa tradición histórica, coa cultura dinamizada, con ganas de aborda-lo futuro, require un estudo positivo nos seus peares.

Por iso, solucionado o problema actual da deterioración política, solventado o aspecto da preguiza gobernamental e a ineficacia, superada tamén a arbitrariedade e a pasividade, o país pode comenzar a funcionar.

Mais non só se require que Galicia funcione, que estean dinamizadas e vivas as capas sociais e económicas que a dirixen, senón que a propia institución autonómica debe aportar algo máis. Ese algo máis é carga-las tintas, apostar seriamente para que a nosa dignificación e imaxe externa sexan acordes cos postulados do noso xeito de face-las cousas.

Traballar arreo por Galicia supón, ademais, discorrer polo camiño do viero de presentar unha tarxeta de identificación fóra do noso territorio.

De nada vale quedarnos pechados en nós mesmos. Polo tanto, debemos abrir Galicia cara a fóra.

Deste xeito contribuiremos desde o Goberno a amosa-las nosas cualidades, as nosas vantaxes e mailas nosas posibilidades para que en calquera lugar do mundo conste un coñecemento cabal e positivo de Galicia.

Este compromiso é firme, e a súa resolución virá plasmada pola presenza digna e eficaz nos comportamentos que o Executivo que eu presida manterá en tódolos foros nacionais e internacionais.

Queremos converter Galicia nun espello onde teñan que mirarse outros pobos e comprender que as cousas que se fan respontan a unha idea conxunta da nosa cidadanía.

Xa que logo, esa tarxeta de identificación permitiranos avanzar solidamente na proxección externa e afronta-la nosa convicción de compromiso eficaz e talante aberto ás latitudes. Como proba disto, comenazarase a programa-lo Congreso Mundial Galego, que permitirá desenvolver interna e externamente unha nova face de Galicia, combinando o que significan os costumes e os hábitos da nosa sociedade co futuro que temos e seremos capaces de conseguir.

Conxugar, pois, as raíces e os horizontes servirá de pauta de comportamento do noso quefacer de cada día.

E antes de rematar, unha lembranza para os milleiros de galegos que andan polo mundo adiante, lonxe de nós e desta nación.

O que piden o sentimento e maila razón é traballar arreo con siso para que os motivos e o mundo sombrío da emigración cheguen a ser coñecidos, canto antes mellor, soamente polos libros de historia e de literatura. Non pode ser outro o noso compromiso, xunto coa oferta de colaboración coas sociedades galegas de fóra da terra.

Tamén un rogo: que nos axuden a construír unha Galicia nova, a Galicia de todos.

Vou rematar, pero ante de face-lo exame permítanme dirixirme ó Presidente da Xunta.

Hai cousa de dous anos o pobo galego determinou non ser gobernado por maioría absoluta neste Parlamento. Vostede atopou rigor e colaboración en todos nós, coas miras de acada-la gobernabilidade que permitiría resolver os problemas da Autonomía. Vostede, señor Presidente, fundiu todo o capital de confianza depositado polos cidadáns e pola oposición.

Nestes últimos meses do seu mandato, este país descubría abraiado a súa incapacidade para gobernar, o seu progresivo illamento coas únicas ansias de conserva-lo poder polo poder, paralizano a Autonomía e facendo da súa función un exercicio de banalización simbólica a custo do prestixio das institucións.

Unha condución dos asuntos públicos desaprobada en silencio polo pobo galego e, doutras maneiras, polos propios dirixentes do seu partido.

A vostede, señor Presidente, nunca lle faltaron neste Parlamento interlocutores abertos ó diálogo e ós acordos, pero vostede preferiu o silencio e a apelación a conceptos inusuais da democracia. Vostede, señor Presidente, non chegou a decatarse de que era o xefe do Executivo.

Non pode te-lo apoio desta Cámara e dos grupos políticos quen descoñece a existencia da moción de confianza ou non tivo folgos para presentala e

preferiu a deterioración da institución. Señor Presidente, non culpe a ninguén de estar agora na situación á que chegou.

Señorías, este programa que escoitaron tan cortesmente é o conxunto de obxectivos e medidas que coidamos axeitados para Galicia. Estamos certos de que é un programa que atende exclusivamente ós intereses e ás esperanzas da maioría dos galegos que queren vivir nunha terra próspera e en todo comparable a calquera país dos considerados máis desenvolvidos. Sabemos tamén que este programa pode e debe ser discutido e mellorado.

Confiamos nesa posibilidade e pedímo-la colaboración nesta Cámara para o arrefecemento do noso programa, tanto durante esta sesión coma despois, se formamos Goberno, e tamén para a súa execución.

O Grupo Parlamentario dos Socialistas vén de cumprí-la súa obriga de discutir seriamente os asuntos públicos, de presentar solucións viables e levarlle un fío de esperanza ó pobo galego.

Señorías, agora tócalles a vostedes cumprí-la súa parte. Se vostedes cren que a política actual do Goberno carece de dirección, que non goberna nin xestiona, que é insensible ós problemas da nosa sociedade, voten hoxe connosco.

Se cren que sobre o programa que acabo de expor, cos perfeccionamentos que se estimen necesarios, pode abrirse unha nova etapa na nosa Comunidade Autónoma, voten hoxe connosco.

Se lles queren pór termo á inestabilidade, á confusión e á inoperancia do Goberno, voten hoxe connosco.

Señorías, teñen vostedes tamén a obriga de ofrecerlle unha saída política estable ó noso país. Eu vin aquí con ilusión, sabedor da miña responsabilidade e dos graves problemas do país, coa intención decidida de abrir camiños de esperanza e de realidades para o noso pobo.

Se vostedes votan esta moción, asumirei a miña responsabilidade con entusiasmo, con total adicación, entregando o mellor de min mesmo a unha causa que non é persoal, nin sequera partidaria.

Esa causa é un serio intento de superar unha etapa grave e desgraciada da primeira das nosas institucións políticas. Un esforzo para conectar coa traxectoria de homes e mulleres que pensaban a política como unha actividade digna, que tiñan como obxectivo final mellora-la vida dos membros da nosa Comunidade e construír unha Galicia próspera, orgullosa, consciente da súa identidade, da súa propia historia e, xa que logo, con fe no seu futuro.

Señor Presidente, Señorías, eu cumprín coa miña obriga; cumbran agora vostedes coa súa. Déanlle unha saída honrosa a esta crise política. Reclamo o seu apoio para esta moción porque entendo que non lle podemos pecha-las portas á esperanza.

Moitas gracias.

DISCURSO DE TOMA DE POSESIÓN NO PAZO DE FONSECA DO NOVO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA, FERNANDO GONZÁLEZ LAXE

29 de setembro de 1987

Señor Presidente, excelentísimas e ilustrísimas autoridades, Señorías, señoras e señores:

Logo de promete-lo meu cargo como Presidente da Xunta de Galicia, quero reafirma-la máis sincera adicación polo presente do noso pobo que hoxe teño obriga de defender e deseñar cara ó futuro. Son sen dúbida algunha moitos os esforzos a desenrolar, así como é ardua a tarefa a facer. Tamén son consciente de que coa firmeza do temón seremos todos capaces de dirixir o país cara a un horizonte definido, cheo de certidumes e de esperanza baseado nas nosas potencialidades e avantaxes.

Hoxe, máis ca nunca, cómpre que abrámo-las mentalidades porque tamén resulta certo que un país que non avanza queda perigosamente atrasado. Porque xa sabemos todos que España e mais Europa están encetando un camiño de modernización sen retorno, agora é momento de camiñar por ese vieiro. Xa que logo, Galicia nesta hora pídenos vontade e enteireza, así como rigorosidade. Resulta, pois, unha gran tarefa colectiva a que ten que asumir-lo país para rematar coa miseria, as desigualdades e os queixumes. Precisamos un novo



O presidente do Parlamento, Tomás Pérez Vidal, abriu a comitiva da toma de posesión de González Laxe como novo presidente. Tras eles, Domingo García Sabell, delegado do Goberno en Galicia. Ao fondo albíscase a José Cora Rodríguez, primeiro Valedor do Pobo.



concepto de nós mesmos, uns novos hábitos de comportamento social e individual, en suma, confianza no noso traballo e no noso esforzo. Está claro que a tarefa colectiva resulta imprescindible para o noso futuro, do mesmo xeito que cómpre darlle ó país un sentimento anovador. Reafirmo, pois, a miña vontade como Presidente da Xunta de Galicia para afrontar un forte compromiso e irrenunciábel entrega ó país. É dicir, de gobernar e exercer de Presidente coordinando e dirixindo a acción política do Goberno de Galicia. Quero afirmar con isto a miña fe reiterada no noso compromiso de construír unha Comunidade aberta e máis leda, tanto para nós como para os nosos fillos, cun proxecto firme de modernización e progreso. Para iso asumo o compromiso de lealtade constitucional e estatutaria sobre o desenvolvemento unicamente autonomista e abertamente constitucional. Hoxe, máis ca nunca, temos que mirar cara adiante, por riba de calquera adversidade pasada, hoxe témo-la obriga moral e o compromiso formal de seguir traballando arreo para que este, o noso país, sinta que o futuro non será cativo e tamén para que o pobo de Galicia disfrute dun progreso que caracteriza ós estados de benestar social e económico.

Son moitos os atrancos a deixar atrás, pero aínda así é posible non rachar coas bases do que xa está feito, sempre que estas sexan aproveitables. Neste momento Galicia atópase nunha encrucillada que esixe a colaboración de todos sen excepcións, para consolida-la democracia. O noso ben máis preciado son a autonomía e a integración de España na Comunidade Europea, os eixos que farán xira-lo desenrolo económico e o progreso social.

O novo Goberno de Galicia vai servir de palanca para conquerilo, de feito témo-las portas abertas para facelo e non hai razón para lle poñer chatas á obra. Velaquí compromisos básicos para asentar en Galicia unha sociedade próspera, un país capaz de lles dar satisfacción ás demandas de benestar dos galegos, de todos, residentes ou emigrantes, que asumen a responsabilidade da súa propia identidade alá onde estean. Xa que logo, garantir e avala-la estabilidade do avance cara ó porvir esixe que ninguén se negue a cumprir co país, por iso resulta necesaria a confluencia de vontades entre tódalas administracións públicas, as entidades productivas e asociativas e de cantos protagonizan a vida social de Galicia. Esa tarefa colectiva favorece a formación da propia capacidade de decidi-lo que quere o país.

Este paso só poderá darse coa conquista dunha nova orde política, económica e social que xa comeza a ser posible en Galicia. Porque nós, si, temos confianza neste pobo.

Moitas grazas.

COMPARECENCIA DO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA ANTE O PLENO DA CÁMARA PARA INFORMAR SOBRE A ORGANIZACIÓN E ESTRUCTURACIÓN DO NOVO GOBERNO GALEGO, POR PETICIÓN PROPIA E POR SOLICITUDE DE 30 DEPUTADOS DO GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

20 de outubro de 1987

Señor Presidente, Señorías:

Quixera que as miñas primeiras palabras fosen de salutación a tódolos membros do Parlamento, porque, como xa dixeran no seu día nesta mesma Cámara, o Parlamento é a institución representativa e o foro no que se fala á sociedade galega, e a través desta importante institución, nesta primeira comparecencia como Presidente da Xunta, quérome dirixir para darlle conta da organización e estruturación do meu Goberno.

Quero deixar patente, xa que logo, a importantísima función do noso Parlamento na súa misión de control do Executivo e de diálogo permanente entre o Goberno e as súas Señorías, depositarias da vontade popular.

Ó mesmo tempo quixera remarca-la importancia que teñen os debates que como os de hoxe inician un novo camiño cun novo Goberno. O noso Goberno, o Goberno que eu presido, non vai escamotear ningún esforzo en estar presente nesta Cámara cantas veces sexa necesario para explicar, para afondar, para debater e para aprobar se procede todos aqueles temas que sexan substanciais, definitivos e que miren ó horizonte con optimismo do noso país.

Quixera tamén, antes de explica-la organización e a estrutura do novo Goberno, agradecerlles ós Grupos Parlamentarios a amabilidade que tiveron con

Goberno para poder celebra-la xuntanza desta sesión plenaria pola tarde e non pola mañá. Saben as súas Señorías que determinados acontecementos provocaron o meu desexo de que este debate parlamentario se celebrase pola tarde e non pola mañá. Así podería atender na debida forma o Comisario de Asuntos Pesqueiros da Comunidade Económica Pesqueira e tamén manter unha xuntanza importante con tódolos afectados do concello de Caldas por mor do recente temporal que asolou o devandito concello e arredores.

Polo tanto, agradecéndolles esta cortesía importante, quero dicirlles que o Goberno Galego, mediante o decreto 293 de 1987, aprobado polo Consello da Xunta o pasado 15 deste mesmo mes, non dubidou nin un só intre en se dirixir de contado a este Parlamento. É dicir, o Consello acordou acudir perante as súas Señorías para explica-lo alcance real da nova estrutura governamental.

Tamén é coñecido de todos nós que o Grupo Parlamentario de Coalición Popular, por outra banda, exercendo os dereitos que lle confire o Regulamento da Cámara, presentou á súa vez unha solicitude de comparecencia do Goberno para a mesma cuestión.

Son dúas solicitudes, polo tanto, que poden coincidir e que afortunadamente con gran pericia e con gran acerto a Xunta de Portavoces e maila Mesa do Parlamento decidiron agrupalas. De maneira que a miña comparecencia vénse realizar tanto a petición do propio Goberno como por iniciativa de máis da quinta parte dos membros desta Cámara.

Polo tanto, Señorías, a cuestión que hoxe imos tratar non é unha simple miudeza. Trátase, pola contra, dunha cuestión de gran importancia porque establece o deseño fundamental das actuacións do Executivo que eu presido e sinala os eidos que atraen o maior interese da Xunta na súa acción de goberno.

En último termo, como dixen no meu discurso do 16 de setembro, trátase de acadar unha Administración, unha organización administrativa situada ó carón dos cidadáns, de tal xeito que o pobo se sinta preto do seu Goberno, que sinta a Administración como algo propio e eficaz na defensa dos seus intereses.

Estructura máis coherente

A análise da estrutura do novo Goberno, polo tanto, pode quedar matizada, pode quedar sinalada na seguinte argumentación. Aínda que os nosos obxectivos están exclusivamente debuxados por liñas de futuro, debo dicir brevemente que a estrutura existente no Goberno galego antes do 30 de setembro de 1987 estaba caracterizada por unha notable serie de disfuncións e

non se axustaba ás necesidades que cómpren para unha Administración eficaz e renovadora.

Sen entrarmos, pois, a analiza-los motivos de carácter estritamente político que eivaban as estruturas do anteriores gobernos, teño que poñer de manifesto –de acordo coas permanentes e xeneralizadas acusacións que todos ben lembramos– que, en efecto, todo semellaba estar empeñado na institucionalización exclusiva da ineficacia e do desgobierno, como ben demostramos na anterior moción de censura.

Nesta mesma Cámara, en reiteradas ocasións, tódolos grupos que daquela estabamos na oposición, no cerne das nosas argumentacións, coincidíamos no mesmo diagnóstico: a Xunta de Galicia, sustentada polo Grupo Parlamentario de Coalición Popular, non respondía ás necesidades reais e obxectivas da nosa terra, nin tampouco estaba en condicións de acadar sinxelamente unha Administración áxil e eficaz.

A tarefa que ó novo Goberno se lle formulou de contado foi a do deseño da súa estrutura básica a prol da maior coherencia posible.

Paso así a lles expoñer ás súas Señorías as liñas que, sobre unha base de homoxeneidade e funcionalidade, conforman o novo organigrama estrutural do meu Goberno. A organización da Xunta de Galicia estrutúrase do seguinte xeito:

Unha presidencia asistida directamente por un staff do Presidente, que atenderá as diversas áreas de asesoramento xeral, así como as relacións externas da propia presidencia no que se refire tanto á Galicia da emigración como ás institución da CEE. Todo isto, por outra banda, tan necesario como reclamado permanentemente en reiteradas ocasión por grupos parlamentarios, sen que supoña incremento ningún de altos cargos ó servizo directo do Presidente.

Unha vicepresidencia que, ademais de asistencia directa ó Presidente en todo aquilo que expresamente lle sexa requerido e maila xestión do que, no seu caso, lle sexa delegado, ostenta a facultade de substituír o Presidente nas circunstancias establecidas pola Lei Reguladora da Xunta e do seu Presidente.

Unha consellería de carácter horizontal, a de Presidencia e Administración Pública, á que se lle engadiu este último término para responder con máis exactitude ás competencias que fundamentalmente ten recomendadas en orde á racionalización dos procesos administrativos, ás materias da Función Pública e á coordinación administrativa xeral. Esta consellería é ademais un órgano de apoio á presidencia e á vicepresidencia.

Seguindo con esta Consellería da Presidencia e Administración Pública, hei dicir tamén que consideramos oportuno desligar dela a Subdirección Xeral

de Protección de Menores e da Muller para incluí-las súas competencias no departamento de Benestar Social, onde encaixa cunha maior coherencia e se beneficia da infraestrutura dos servizos sociais de base.

Nas consellerías sectoriais realizáronse importantes modificacións sobre a estrutura anterior na procura da máis completa homoxeneización das súas áreas de actuación.

Para entendermos, na súa medida, as modificacións operadas teríamos que nos remontar á estrutura que no seu día o segundo Goberno do señor Fernández Albor deseñou nun difícil equilibrio encamiñado á creación dunha nova consellería, a de Pesca, sen incrementa-lo número anterior de consellerías. Esta circunstancia deu orixe a un baile –e permítanme a licencia da palabra elexida, pero é a máis axeitada para describi-lo caso–, un verdadeiro e incomprendible baile de asignación de competencias que a todas luces fuxía de calquera sentido lóxico.

En efecto, Industria, Comercio, Turismo e Consumo fóronse con Traballo, constituíndo un só departamento, se ben máis adiante, ante os problemas que de contado se formularon, Consumo tivo que voltar a Sanidade. Por outra banda, os Servizos Sociais foron integrados en Cultura nun curioso e certamente singular experimento do que soamente existen antecedentes se nos lembramos da lamentable experiencia do gabinete arxentino de López Rega, a quen a opinión pública se dirixía co alcume de «o bruxo».

Recobrouse, Señorías, o sentido común, e nós decidimos afronta-la realidade asumindo todo aquilo que, sen máis dilacións, era o máis estritamente necesario: o incremento do número de departamentos do Goberno nunha única e soa consellería.

Coido eu que a Consellería de Pesca non precisa de elementos de xustificación para a súa existencia.

Créanse as Consellerías de Traballo e Benestar Social, por unha banda, e a de Industria, Comercio e Turismo por outra, integrándose en Cultura as parcelas de Xuventude, do Deporte e do Patrimonio Histórico e Documental.

A Consellería de Traballo e Benestar Social pasa a se constituír agora coas dirección xerais de Traballo, por unha banda, e pola outra coas de Asistencia Social e Acción Social, nos eidos do benestar social, co instrumento sinalado das competencias en materia de Protección de Menores e outras.

A Consellería de Industria, Comercio e Turismo queda integrada polas dirección xerais de Turismo, Industria e Comercio, configuradas como centros directivos autónomos trala redistribución da antiga Dirección Xeral de Industria

e Comercio en dous departamentos en atención ó pulo e á dinamización que estes sectores precisan por parte dos poderes públicos galegos. Un pulo e un dinamismo do que ata agora careceron, sen dúbida ningunha.

Noutra orde de cousas, e referíndonos a modificacións de menor entidade, pero non por iso menos importantes, o Centro de Información Estadística –dependente ata o momento desde o punto de vista funcional do Presidente– intégrase para tódolos efectos na Consellería de Economía e Facenda.

A Consellería de Educación modifica o seu nome, engadíndolle o campo da Ordenación Universitaria por mor das competencias recentemente transferidas.

E finalmente as consellerías de Pesca e Sanidade quedan con esta sinxela denominación, suprimíndose na primeira o concepto de Marisqueo e Cultivos Mariños, e o de Seguridade Social na segunda, por entender que os enunciados fixados son abondo explicativos do ámbito das súas competencias.

Na Consellería de Pesca, polo demais, ten lugar unha significativa modificación, ó se agrupar en dirección xerais as distintas áreas técnicas, por unha banda, e as de contido social e de formación pola outra, sen que isto supoña incremento no número de unidades administrativas.

Dez consellerías

Estou certo de que algunhas das súas Señorías van dicir cal é a xustificación, e se este incremento dunha consellería e de cinco postos de directores xerais, un deles secretario xeral técnico da nova consellería, non supón unha auténtica dilapidación económica. Pode ser que algunha das súas Señorías intente argumentar deste xeito cal é a nova estrutura orgánica e funcional do novo Goberno Galego. Pois ben, hai que lles dicir a todos aqueles que teñan pensado intervir por este asunto que o que se está reestructurando son os locais e o persoal, de tal xeito que o aumento se cifra exclusivamente en gastos dos novos altos cargos. Evidentemente son cinco postos de directores xerais, e o completo da organización do Goberno Galego quedaría constituído por 10 consellerías e 54 directores xerais ou asimilados.

Con esta funcionalidade administrativa, dáse cumprida satisfacción ós problemas do país que veñen sendo demandados desde o mesmo Parlamento, como a creación dunha Consellería de Pesca, ou como unha Dirección Xeral de Comercio, ou unha atención a unha política social que os grupos que hoxe conforman o Goberno e outros Grupos Parlamentarios viñeron defendendo desde hai tempo. Sobre todo, non é unha satisfacción interior ou persoal dos grupos, senón que estamos adicando o esforzo da nova estrutura orgánica



Gerardo Fernández Albor, Xosé Luís Barreiro Rivas e Fernando González Laxe compartiron con bo talante moitos cambios de impresións nos descansos das sesión parlamentarias.



da Xunta ó que son as realidades concretas que ten o país. Ó mesmo tempo, dámoslle deste xeito unha atención prioritaria ó teito competencial establecido no día de hoxe pola Comunidade Autónoma Galega, atendendo os problemas que teñen formulados tódolos cidadáns, sexan incluídos en comarcas ou en zonas, sexan incluídos en sectores ou actividades.

Pero se ben é certo que esas 10 consellerías e 54 direccións xerais ou asimiladas tamén pode resultar para alguén unha cifra bastante alta, bastante elevada dentro do comportamento normal dunha Administración, pódolles dicir que, logo de revisar de forma completa as estruturas doutras comunidades autónomas, en Cataluña existen 11 consellerías e 81 altos cargos a nivel de directores xerais; en Euskadi existen 12 consellerías e 103 altos cargos a nivel de directores xerais con 29 viceconsellerías; en Andalucía 10 consellerías, 64 altos cargos e 10 viceconsellerías; en Canarias 10 consellerías, 49 altos cargos e 4 viceconsellerías.

Estou poñendo exemplos gráficos do que son unhas autonomías que polo mesmo artigo da Constitución se foron desenvolvendo, como outras que, por outro artigo, pero co componente específico da insularidade e do sector pesqueiro, teñen unha estrutura importante que atender.

Somos, polo tanto, aínda que nos pese, e aínda que pode ser criticado nas súas afirmacións posteriores, unha comunidade autónoma cun número reducido de consellerías e un número aínda máis reducido de altos cargos ou directores xerais, a pesar dese incremento de cinco que veñen reforzar, como dixeran antes, as peticións que anteriormente fixeron os Grupos Parlamentarios para dar cabo do noso cometido no que é a actuación política.

Tamén é necesario desde este Parlamento dicirlle á opinión pública galega que esta cuantificación dos gastos por aumento dos altos cargos pode supoñer ó cabo dun ano 50 millóns de pesetas. Os altos cargos, eses cinco postos de directores xerais e das consellerías, pode chegar a eses 50 millóns de pesetas. E tamén é fácil explicarlle á sociedade galega que 50 millóns de pesetas en salarios dos altos cargos do novo Goberno Galego é moi pouco comparativamente co que significa o capítulo I do presuposto, que son cerca de 70.000 millóns de pesetas. 50 millóns de pesetas en comparación con 70.000 millóns de pesetas é unha porcentaxe relativamente pequena. E se os grupos que non sustentan o Goberno actual fan uso da súa capacidade para critica-lo propio funcionamento do Goberno que eu presido, estou convencido de que será bastante difícil facerlle unha crítica cando este Goberno empece a demostrar cales son as accións concretas que ten en previsión.

Quixera ó mesmo tempo explicárllle-los distintos desdobramentos que se fixeron dentro do Consello da Xunta, de cara a determinadas consellerías. Estou seguro de que con esa explicación abrirémo-la luz do que significa un goberno que ten unha estrutura funcional, que intenta ser eficaz e que, ó mesmo tempo, quere ser renovador.

Varios desdobramentos

Nós desdobrámo-la Dirección Xeral de Servizos Sociais e creamos unha nova Consellería de Traballo e Benestar Social. Penso que non hai ningunha dúbida en que nas accións que debe levar a cabo un goberno autónomo a política social debe de existir en primeiro lugar. Esta política social ten que ter un componente administrativo que responda ós desexos dos cidadáns para poder afrontar-los seus problemas. Sabemos que a política social non só existe en tódolos gobernos que se precie de selo, senón que tamén existe unha política comunitaria a través da cal podemos engarzar para acadar un mellor incremento do benestar social.

Pois ben, nesa Consellería de Traballo e Benestar Social existen tres direccións xerais: Traballo, Asistencia Social e Acción Social. Pode resultar ó mellor incoherente para algún dicir que haxa tres direccións xerais. Penso que a de Traballo é fundamental. Existe en tódolos países desenrolados que apostan por este cometido social.

Pero hai algo que vale a pena resaltar. Coñecen moi ben as súas Señorías a Lei 3/1987, de Servizos Sociais. Saben moi ben que nesa lei está prevista a creación do futuro Instituto Galego de Servizos Sociais. Polo tanto, había, e hai, que racionalizar por un lado organizativa e economicamente os servizos relacionados co Inerser; a súa desorganización financeira e funcional é notoria, e a rentabilidade social dalgúns deses centros é dubidosa. E, por outro lado, tamén temos que atender á ordenación e agrupamento do resto das competencias, como son o Fondo de Asistencia Social, o Instituto Nacional de Asistencia Social, Protección de Menores, que esixen unha nova dinámica e unha nova integración.

Polo tanto, o nacemento desas dúas direccións xerais está respondendo ós cometidos que lle deu o Parlamento ó Executivo Galego a través da Lei de Servizos Sociais, necesarios, imprescindibles e ineludibles para podelo facer. Non estamos inventando nada novo, posto que na Generalitat de Cataluña existe unha Dirección Xeral de Servizos Sociais e tamén con rango de dirección xeral o Instituto Catalán de Asistencia e Servizos Sociais. Polo tanto,

ese desdobraemento víase obrigado, e víase cunha atención necesaria ós cidadáns.

Hai outro desdobraemento da antiga Dirección Xeral de Cultura, hoxe posta a través de dúas direccións xerais: Dirección Xeral de Cultura e Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental. Penso que hai neste tema un carácter funcional a través dos campos que moitas veces precisan de tratamentos diferentes no seu desenvolvemento, incidindo un deles no que se denomina cultura material, e outro no que se denomina cultura espiritual. Entendo, polo tanto, que o Goberno quere dedicarlle unha maior importancia a cada un deles, de maneira coordinada, pero tamén específica, xa que estamos falando de principais apoios nos que se sustenta a nosa identidade como pobo e onde se asentan as máis profundas raíces do noso ser galego. Catalogación e difusión do noso patrimonio artístico e documental, coordinación con outros departamentos e concepto de patrimonio da humanidade, que é todo aquilo que é o patrimonio histórico e documental, resulta necesario para defender, para recobrar, para manter e estimular todo o que é a esencia do galego, e ó mesmo tempo a esencia dun pobo que está vivo, que quere ser dinámico e que quere manter e conservar todo aquilo que é de seu.

Por outro lado, está o que é a cultura dinámica, a cultura dinámica con aspectos clásicos, tanto no teatro, na música, nas artes, etcétera, xunto a outros componentes contemporáneos recentes, do cine, da imaxe, do vídeo, do deseño, que deben ter un tratamento específico a través dunha Dirección Xeral de Cultura, tal como o meu Goberno aprobou no Consello de hai uns días.

Tamén dirán vostedes que este desdobraemento resulta ás veces que non é comprensible. Pois ben, outras comunidades autónomas en España tamén teñen feito ese traballo, e así están a funcionar. En Valencia atópanse separados Cultura por un lado e Patrimonio por outro. En Cataluña por un lado Difusión Cultural e Patrimonio Artístico. En Andalucía están os bens culturais a través dunha dirección xeral, e o fomento e promoción da Cultura a través doutra dirección xeral. En Castela-León hai unha dirección xeral específica para o Patrimonio Cultural. E no País Basco existe unha Dirección Xeral do Patrimonio Histórico-Artístico e unha Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural.

Quero tamén explicarlles ás súas Señorías por que na Consellería de Industria, Comercio e Turismo nós decidimos –e penso que acertadamente– a creación da Dirección Xeral de Comercio. Existía en anteriores gobernos da Xunta de Galicia. Existiu durante un período curto, do 14 de abril de 1984 ata o

3 de marzo de 1986, e desapareceu máis tarde. Pero, sen embargo, vostedes e tamén a sociedade galega será consciente de que a creación dunha nova Dirección Xeral de Comercio, á parte de que poida ser avalada por determinados colectivos empresariais, comerciais, políticos, sociais e culturais que estes días viñeron reclamándoa, á parte diso –que o podemos deixar a un lado–, si que está avalada por múltiples argumentos que se poden concretizar na formulación das seguintes accións.

Podemos e debemos actuar sobre os sistemas de comercialización no interior e no exterior, fomentando a utilización das lonxas para a formación de precios. Podemos actuar sobre a mellora dos circuitos de comercialización; sobre a mellora das infraestructuras e os equipamentos dos mercados; sobre a implantación dunha rede básica de información de tipo estadístico con obxecto de lograr unha maior transparencia no mercado; co establecemento de campañas de promoción comercial con especial atención a potencia-la tipificación dos produtos, establecementos de denominación de orixe e creación de marchamos de calidade.

Tamén podemos actuar en programas de incentivos para a realización de campañas publicitarias de produtos industriais galegos, para a mellora do equipamento comercial e reforma de estruturas existentes; para a promoción do comercio minorista, centros comerciais de barrio e outros equipamentos comerciais; para estímulo á comercialización en orixe e destino; para a promoción de produtos galegos en feiras e certames, fomentando a utilización de denominacións de orixe, e denominacións específicas de calidade; para moitísimas cousas. Un relatorio de dúas páxinas de obxectivos concretos que a Dirección Xeral de Comercio debe acometer, vai acometer a partir de xa.

Polo tanto, Señorías, quédame unicamente explicárlle-lo que é o desdobre existente na Consellería de Pesca. É ben certo, e saben vostedes perfectamente, a importancia que ten este sector e actividade en Galicia, non só como actividade extractiva, comercial e industrializadora, senón tamén como necesaria e indiscutible necesidade de profesionalización dos homes do mar. Profesionalización que non só está vinculada á formación profesional dos mesmos, senón tamén á actuación dirixida a través de programas de seguridade, a través do perfeccionamento progresivo das súas funcións e labores, tanto vellos, por dicir que son de hoxe, como novos, que son os de mañá.

Polo tanto, a propia consellería e o propio Goberno é capaz de poder actuar dentro dunha dirección xeral cun carácter específico para tratar de regularmen-tar e ordena-la actividade pesqueira e marisqueira como, ó mesmo tempo, por

outro lado, noutra dirección xeral actuar de forma viva con algo que é imprescindible como é a profesionalización e a formación social.

Estas dúas cuestións, logo de poder recibi-las transferencias das escolas náutico-pesqueiras, dan unha marxe importante de actuación básica como un pilar necesario nas 60 localidades portuarias de Galicia, que viven, dependen e consolidan o que é a actividade pesqueira da Galicia costeira.

Polo tanto, Señorías, creo que estas explicacións servirían de abondo para argumentar e defender cal é a estrutura orgánica do novo Goberno. Explicacións que evidentemente son necesarias. Explicacións que obviamente son imprescindibles para que as súas Señorías teñan desde o primeiro momento o convencemento de por que se fixo, sabendo cal é o obxectivo e a finalidade, que está fundamentada especialmente en tratar de que sexa funcional, que sexa correcta e racional, tratando de conseguir un compromiso na xestión.

A valoración dos cambios, como dixen antes, está entre a racionalidade do que é algo como un conglomerado sen definicións. Pero está explicado coa comparación coas comunidades autónomas que teñen o mesmo regulamento estatutario, como outras que non o teñen, pero con incidencias importantes en sectores básicos semellantes ós galegos. O funcionamento do Goberno require unha actuación.

Antes de rematar, quixera dicir algo que é importante, importante desde o punto de vista do Presidente da Xunta, que amosou unha certa intranquilidade neste tempo que leva exercendo como tal. O Presidenta da Xunta non é como aquela novela na cal existe pero non existe; é o que coordena, dirixe e é o responsable máximo da institución autonómica. Polo tanto, asume el tódalas cuestións, e asume tamén o seu Goberno tódalas accións e actuacións que desenrole.

Polo tanto, estamos ante casos distintos, non parellos, senón diferentes, e evidentemente esa funcionalidade e esa eficacia que vai garantir ese Goberno está en algo que a min me apena profundamente, que é que non se produciu neste proceso un traspaso de poderes. Esa é unha cuestión que quixera deixar aquí, no Parlamento; non na rúa, non nos despachos. No foro máximo da vontade democrática, onde se expresan libremente as Señorías. Quero dicir que ese traspaso de poderes non se chegou a producir. Iso apéname como demócrata e, sobre todo, porque o funcionamento normal débese producir así como exemplos normais.

Finalmente, para rematar, quero agradecer toda esa cortesía que os Grupos Parlamentarios amosaron nestes 20 días. Dígollelo cortesmente e con todo

o meu agarimo e cariño. Este Goberno atopouse nestes 20 días con dous sucesos importantes: a aparición de mareas vermellas que tivemos que atallar inmediatamente e o temporal que sufriu o noso país. Esas dúas accións, nestes preto de 20 días, ó mellor contrastan a nosa actividade coa cortesía parlamentaria de que algún grupo fixo gala presentando máis iniciativas que nos últimos catro meses.

Máis nada.

COMPARECENCIA DO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA, POR PETICIÓN DE 18 DEPUTADOS DO GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA, PARA INFORMAR SOBRE O ENCALLAMENTO DO BUQUE CASÓN E OS PROBLEMAS XURDIDOS NA FACTORÍA ALÚMINA-ALUMINIO.

29 de decembro de 1987

Señor Presidente, Señorías:

De acordo co solicitado a petición de 16 deputados do Grupo Parlamentario Popular, teño a honra de dirixirme a esta Cámara co fin de explica-los acontecementos ocorridos polo encallamento do buque mercante *Casón* nas costas de Fisterra e mailos gravísimos problemas xurdidos na factoría Alúmina-Aluminio de San Cibrao.

Vou tratar na medida do posible de ser conciso nos feitos e de realizar algún tipo de consideración e de reflexión ó fío do relato dos acontecementos ocorridos ata o día de hoxe.

O día 6 de decembro, un pouco antes das 7 da mañá, un novo accidente volveu asola-la Costa da Morte. Saben vostedes que desde o ano 1773 ata o Nada de 1987 os accidentes que houbo desde o cabo Roncudo, en Corme, ata Cee chegaron a ser de 154, con 577 mortos, segundo recollen tódolos libros relatorios desa famosa costa galega, que así ten ese nome popular.

A unha distancia dunhas 15 millas o buque *Casón*, de bandeira panameña, que procedía dos portos de Hamburgo, Rotterdam e Amberes con destino Shangai, despois dunha explosión e subseguinte incendio a bordo, manda un sinal de socorro que captado pola Comandancia de Mariña da Coruña pon en funcionamento o dispositivo de busca e salvamento.

Como consecuencia do sinistro, que coñecen as súas Señorías, perecen 23 tripulantes, son rescatados con vida 8 e o buque quedará varado a escasos metros da costa, a 2 quilómetros aproximadamente dos lugares habitados, das aldeas de Denlle, Buxán, Canosa, Suarriba e o Castro, municipio de Fisterra.

Trátase por conseguinte dun accidente marítimo, polo que a súa competencia para efectos da resolución dos problemas que orixina e das súas competencias máis inmediatas, como posible reflutuación, medidas preventivas sobre as augas circundantes e a franxa costeira, etcétera, lle corresponden á Administración Central a través da Dirección Xeral da Mariña Mercante e do Goberno Civil da Coruña, e así o entenderon a Xunta de Galicia e a propia Administración Central.

Destacaremos así mesmo a importancia do accidente, que puxo a proba os medios técnicos que actuaron para poder facerlles fronte con éxito a situacións deste tipo.

Desde o primeiro momento da noticia do accidente, a Xunta de Galicia iniciou unha serie de medidas de tipo preventivo e solicitoulles información ós organismos da Administración Central co obxecto de valoralo alcance do sinistro e preparar, de se da-lo caso, medidas axeitadas para atalla-las posibles consecuencias. Desde o intre que se recibiu o SOS do *Casón*, a lancha Barbanza da Consellería de Pesca faise ó mar e colabora no dispositivo de busca e salvamento dos náufragos, permanecendo unha vez rematadas as ditas operacións na zona sinistrada para efectualo control dos verquidos que se puidesen producir do buque mercante.

Ante as informacións de que o *Casón* transportaba un cargamento de produtos químicos inflamables, corrosivos e perigosos, decidiuse enviar á zona un equipo de técnicos, coordinado polo Director Xeral de Saúde Pública, que comenza a realizar estudos sobre medidas de posibles substancias que puidesen ser emitidas tanto ó aire coma no mar, como consecuencia de calquera emanación que derivase do cargamento do barco.

Acóutase, xa que logo, unha zona comprendida entre o cabo Fisterra e o cabo Vilán como zona de protección cautelar na que se prohibe a pesca. Esta decisión élle comunicada inmediatamente ás cofradías afectadas.

A lancha da Consellería de Pesca completa, por outra banda, o control das augas que circundan o barco coa recolleita de mariscos e de distintas especies de peixes para o seu estudo, que unha vez efectuado éles comunicado tamén sistematicamente ás cofradías.

Paralelamente, a Secretaría Xeral de Protección Civil e Medio Ambiente da Consellería de Pesca, que coordinaba xa as accións emprendidas pola Xunta no mar e na terra, procede a constituí-lo comité de coordinación e seguimento para emerxencia no buque *Casón*, como instancia operativa dentro do previsto no Decreto 87/1987, do 14 de abril, sobre organización e funcionamento de Protección Civil desta Comunidade Autónoma. Este comité, en contacto co Goberno Civil da Coruña, acorda que se proceda a organizar, para o caso de ser necesario, un dispositivo de acollida dos posibles evacuados da zona afectada en Santiago de Compostela.

Clima de intranquilidade

Estes son, Señorías, os primeiros pasos da Xunta de Galicia referentes á súa actuación no sinistro do *Casón*. Uns primeiros pasos que, estando suficientemente clara a competencia da Administración Central en canto á súa actuación no propio buque accidentado, teñen que ser e son de carácter preventivo e informador, orientados á comprobación da magnitude do sinistro, ó control das consecuencias que tanto no mar como na terra se puidesen orixinar e ó deseño dun plan de acollida para unha posible evacuación da zona de Fisterra e dos municipios veciños.

Ante o clima de intranquilidade que se detectaba na poboación dos concellos próximos ó barco, e co obxecto de recoller datos concretos *in situ* da situación derivada do accidente, decidín trasladarme persoalmente o día 8 de decembro á zona, como primeira autoridade da Comunidade Autónoma. Creo que a visita estaba plenamente xustificada e a intención era tamén de infundirles tranquilidade ós cidadáns, porque o pánico, señores Deputados, é a peor receita para poder afrontar con acerto os problemas que expón unha situación deste tipo.

Como sen dúbida coñecen as súas Señorías, no seo do Goberno Civil constituíuse unha comisión de expertos, algúns procedentes de países da CEE, que iniciou unha serie de actuacións orientadas á identificación das mercadorías transportadas, da súa cuantificación e distribución no barco e das características das mesmas en canto a perigosidade e precaucións na súa manipulación.

Concluído o estudio e a avaliación das mercadorías transportadas polo barco, a comisión de expertos do Goberno Civil trasladouse á zona sinistrada e difundiu unha nota informativa, na que entre outras cousas, e á vista da documentación aportada polos representantes do armador e polas autoridades marítimas dos países onde se efectuara a carga, sinalábase que o buque transportaba mercadorías perigosas, inflamables, tóxicas e corrosivas xunto con importantes partidas de aceiro e maquinaria industrial. Entre as mercadorías perigosas salientaban os líquidos inflamables e o sodio metálico; entre as tóxicas, a anilina; entre as corrosivas, o ácido ortofosfórico. Considerábase, non obstante, que non había perigo para a poboación próxima, aínda que Protección Civil se mantiña alerta.

Estes feitos acontecen o 8 de decembro e a intranquilidade xa estaba latente nun importante sector da poboación, alarmada polas noticias que chegaban a través dos medios de comunicación, que non descartaban a eventualidade dunha grande explosión xunto coa constatación de que o barco seguía ardendo e que co mal tempo no mar o rescate dos contedores e dos bidóns se podía demorar certo tempo.

Fracasados os intentos de reflutuación do barco, que como medida inicial propuxera a comisión de expertos con obxecto de arredalo da costa, e unha vez controlado o lume, durante o día e parte da noite do día 9 procédese a descargar do barco unha serie de bidóns que se consideran os máis perigosos polas substancias que contiñan. Os bidóns son depositados posteriormente no peirao de Cee.

Por conseguinte, a situación na mañá do día 10 de decembro é a seguinte:

Por parte da Administración Central difundíuse un documento da comisión de expertos sobre as substancias dos contedores e dos bidóns do barco. Sinalase que non hai perigo para a poboación. Fracasa a posibilidade de reflutuación do buque. Procédese con extrema prudencia ó rescate dos bidóns que se considera que poden ter maior perigo e Protección Civil mantense alerta, non descartándose unha posible evacuación.

Por parte da Xunta de Galicia continúan os servizos da lancha da Consellería de Pesca efectuando os controles dos verquidos producidos polo barco e recollendo marisco e especies mariñas para a súa análise. En terra continúa o dispositivo de medidas de substancias tóxicas emitidas ó aire, mantense a prohibición de pescar na zona de protección cautelar e móntase un dispositivo sanitario por se fose preciso a súa actuación nunha situación de emerxencia.

Namentres na vecindade existe un clima de crispación e mesmo certo grado de confusión entre as persoas e as institucións, algúns alcaldes presentan diante dos seus veciños un panorama moi sombrío e de auténtica alarma social, e culpan a Administración Central, o Goberno Civil e a Dirección Xeral da Mariña Mercante da falta de información do que ocorre, engadindo que o perigo é inminente, organizándose manifestacións neste senso.

A pesar da chamada á calma das autoridades do Goberno Central e do alcalde de Fisterra, empeza a propagarse o pánico, e un número importante de veciños comenza a abandonar voluntariamente a zona en automóviles particulares e vehículos públicos.

Convén, Señorías, neste punto, e antes de entrar na análise da situación que se xera despois das explosións que desencadearon a evacuación masiva da poboación, facer unha breve reflexión e as actuacións dos distintos axentes que operaban na zona do sinistro.

E vou tratar de analizar esta reflexión coa obxectividade que demanda o cargo que represento. Existía un perigo certo derivado da existencia das mercadorías no barco, mercadorías perigosas e nocivas, pero que en comunicados sucesivos do Director Xeral da Mariña Mercante, do Goberno Civil da Coruña e da Comisión de Expertos encargada directamente de resolver os problemas derivados do encallamento do buque se atopaban sometidos a control, e no caso de ser necesario, habilitaríase un dispositivo de desaloxamento e evacuación da poboación.

Nestas circunstancias, as persoas individuais son loxicamente libres de tomar decisións de índole particular, e os cargos públicos representativos da zona deben saber perfectamente cal é o papel que a normativa sobre protección civil lles confire en canto á súa actuación para estes efectos.

As persoas particulares poden decidir marchar ou permanecer no lugar. Pero, en todo caso, son as autoridades, neste caso o Goberno Civil, de acordo co artigo 13 da Lei de Protección Civil, os que teñen que decidir se as conviccións obxectivas aconsellan a evacuación da poboación. Por conseguinte, as accións dalgúns particulares ou de personalidades que ostenten algún tipo de cargo público ou representativo da zona, criticando nos momentos de gravidade nos que están vivindo as decisións dos órganos competentes na materia e inducendo polo catastrofismo a que se produzan situacións de confusión e histeria, non poden ni deben consentirse xamais. Non se pode xogar a experto e adiviño.

As accións nos casos coma o que nos ocupa deben estar dirixidas e coordinadas polos organismos oficiais competentes, e a eles polo tanto, e só a eles,

lles compete toma-las decisión que, en virtude das disposicións legais e da análise ponderada da situación, consideren oportunas.

Parece básico ese razoamento para entende-lo que nalgúns medios de comunicación, na maioría de fóra de Galicia, se chamou «la locura gallega» ou «país bananero». Admito simplemente en hipótese, por suposto, que os organismos encargados de solventar un tema como o barco *Casón* puidesen ter titubeos ou mesmo erros.

Non admito como galego nin como europeo que persoas, algunhas delas con cargos de representación pública, induzan a pensar que os organismos oficiais en temas desta transcendencia nos estean enganando. Se seguimos por este camiño, pouco futuro nos espera como pobo. E que conste que podo entende-la tensión e mailo temor a que uns cidadáns, como os dos dous municipios afectados, puidesen estar sometidos por un feito da magnitude do *Casón*.

Pero precisamente meses momentos non se lles pode dicir ós cidadáns que non confíen nas institucións, que os están enganando. Non, Señorías. Ese non é o camiño neses momentos, cando a unión, fóra da instrumentalización partidista, entre as institucións é máis necesaria e cando se pon a proba o grado de civismo e solidaridade das persoas que ocupan postos de responsabilidade.

Explosión e evacuación

Como coñecen perfectamente as súas Señorías, o día 10 de decembro, preto das 20 horas, prodúcese no buque unha serie de explosións que motivan o pánico xeneralizado na poboación, e iníciase a evacuación espontánea nas localidades de Fisterra, Corcubión e Cee.

O Goberno Civil, sen embargo, estima no primeiro momento que as explosións son ocasionadas polo contacto da auga procedente da intensa chuvia co sodio metálico e que non supón risco inminente que xustifique unha evacuación imperativa.

Por parte dos técnicos da Xunta destacados na zona analízanse determinacións da calidade do aire, detectando un forte cheiro a alcohol e partículas que afectaban a respiración. A contaminación mantense un par de horas, diminuindo posteriormente. E á unha da madrugada do día 11, ó rolairen lixeiramente os ventos, non había practicamente contaminación na zona.

A contaminación foi detectable nun primeiro momento nas zonas de Lires (Cee) e limítrofes dos concellos de Muxía e Cee. Ó ter coñecemento da

deflagración, o comité de coordinación e seguimento da Xunta púxose en alerta vermella e comenzáronse a recibir noticias de que a poboación iniciaba unha evacuación espontánea, polo que se preparou a estratexia de acollida e albergue en coordinación cos concellos previstos da provincia e co Goberno Civil da Coruña, onde se atopaban representantes da Xunta de Galicia para o dispositivo de recepción e instalación dos evacuados.

Ás tres horas, aproximadamente, de se produci-la evacuación espontánea, é dicir, sobre as 23 horas, o Goberno Civil da Coruña ordenou a evacuación oficial dos concellos de Fisterra, Corcubión, Cee e Muxía. Ás dúas da madrugada do día 11, o mesmo Goberno Civil mantivo soamente a mencionada orde para o concello de Fisterra.

A poboación evacuada superou as 7.000 persoas, das que preto de 1.700 foron á Coruña, sobre 2.300 a Santiago, preto de 2.000 a Noia, 900 a Muros, 200 a Negreira, 150 a Outes, 90 a Caldas e 70 a Padrón. Utilizáronse un total de 350 autobuses proporcionados polo Goberno Civil da Coruña.

Con respecto ós feitos sucintamente mencionados, que ocorreron o día 10 de decembro, como consecuencia das explosións e da posterior evacuación, conviría significar que a evacuación, a espontánea e tamén a realizada trala orde do Goberno Civil, foi en todo momento atendida polo dispositivo de acollida que a Xunta de Galicia tiña previsto a través de Protección Civil coa colaboración dos concellos, fundamentalmente de Santiago, A Coruña, Noia, Muros, Negreira, Outes, Caldas e Padrón, de institucións como a Cruz Vermella, Cáritas e as Forzas Armadas, respondendo con todo rigor e esforzo ás necesidades de todo tipo que esa noite se presentaron, sendo despregados os efectivos das consellerías de Sanidade e de Traballo e Benestar Social, como médicos, ATS e asistentes sociais, así como persoal dependente das consellerías de Agricultura, Cultura e Deportes, Traballo e Benestar Social e de Educación, que mantiveron en pleno funcionamento os albergues, as garderías, os centros escolares ou as residencias onde foron acollidas tódalas persoas evacuadas nos municipios anteditos.

Creo que non pezo de triunfalista se no referente ó persoal, tanto da Xunta como de fóra, que abnegadamente atendeu as persoas que foron acollidas nestes centros, sinalo que se comportou modelicamente e paliou desta forma os trastornos materiais e psíquicos que orixina un feito dunha evacuación destas características.

Para tranquiliza-la opinión pública ante a confusión creada nalgúns medios, a Delegación do Goberno e a Xunta de Galicia deciden difundir un primeiro

comunicado conxunto no que se informa das actuacións levadas a cabo por ámbalas dúas administracións, recoñecendo os inconvenientes e as tensións que estas operacións sempre levan consigo e sinalando que non se produciu ningún accidente na estrada nin danos persoais importantes en toda a operación da evacuación.

En días sucesivos, como as súas Señorías xa saben, realizouse con absoluta normalidade o retorno da poboación afectada pola evacuación, incorporándose de forma voluntaria ós seus fogares e actividades laborais, salvo as de pesca. Tamén se restableceu a actividade escolar, que foi alterada na zona de emerxencia e na recepción dos evacuados, xa que algúns centros foron empregados como albergues ocasionais.

O sábado 12 realizouse unha inspección a bordo do buque por diversos técnicos, entre os que participou persoal da Xunta, resultando da mesma as seguintes conclusións:

Os equipos utilizados para analiza-la atmosfera a bordo non detectan indicios de gases tóxicos ou explosivos. Tódalas adegas se atopan cubertas pola auga. Non se detecta calor nin na estrutura do buque nin na carga. Considérase que todo o sodio reaccionou e desapareceu.

Ese mesmo día pola noite elaborouse un segundo comunicado conxunto da Xunta de Galicia e da Delegación do Goberno, no que se informa sobre as características dos produtos contidos nos bidóns caídos na auga, así como dos do resto que continúan a bordo, e chégase á conclusión de que, dada a situación na que se atopa o buque e a súa carga, se considera que non existe risco para a poboación, sen descartarse, non obstante, que se poidan producir novas reaccións debido ó sodio residual, que non ten efectos contaminantes.

En días sucesivos normalízase a situación nos municipios próximos ó buque e reanúdase o ritmo de vida normal na zona, manténdose preventivamente a prohibición de pesca na zona acordada como medida de precaución. A Consellería de Pesca comenza a elaborar un censo de prexudicados e a Xunta de Galicia decide arbitrar unha partida presupostaria para paliar, por vía de urxencia, as necesidades das familias mariñeiras da zona.

Durante estes días, inmediatamente anteriores ó de hoxe, procedeuse á descarga dos bidóns e dos contedores, retirándose tódolos de cuberta, e a emitir sucesivos comunicados do Goberno Civil e da comisión de expertos sobre a non existencia de perigo na zona.

A situación a día de hoxe é de calma na zona do accidente, co retorno de toda a poboación ós seus fogares. Os labores de descarga do buque

continúan co ritmo que as condicións meteorolóxicas e o mar permiten, cun amplo dispositivo de medidas de rescate e seguridade en torno ó buque sinistrado.

Nestes momentos, igualmente a Xunta de Galicia está estudiando as posibilidades legais para a reclamación do danos que houbo polo accidente, tanto a institucións nacionais coma internacionais, xa sexan públicas ou privadas.

O problema en Xove

Paso a expoñer de seguida os feitos e as reflexións que sobre os mesmo que-re facerlles chegar ás súas Señorías o Goberno que presido sobre a situación suscitada no complexo Alúmina-Aluminio.

Como as súas Señorías saben, o mesmo día 10 de decembro, é dicir, cando tivo lugar a evacuación, produciuse un feito importante que á fin desencadeou, por mor de actitudes de difícil xustificación e explicación, o gravísimo problema da factoría de Xove.

O citado día 10 de decembro, a Administración Central ordena o transporte por estrada ó recinto militar de Parga dos bidóns, en número aproximado de 225, extraídos nos días precedentes do buque e que estaban almacenados no peirao de Cee. Comunícalle á Xunta de Galicia que ten intención de proceder a dito transporte e que as embalaxes e os bidóns están en perfectas condicións e que cumpren as medidas de seguridade pertinente para o seu traslado por terra.

Como as súas Señorías xa coñecen tamén, os camións nos que son transportados son paralizados na estrada nacional VI, á altura de Guitiriz, a causa dunha barricada de considerables proporcións, feita por toros e automóbiles atrancados na calzada, e coa presenza dun continxente de veciños da zona.

Despois de 12 horas de retención da mercadoría e da actuación da Garda Civil, desmontouse a barricada e os camións seguiron a súa ruta a Parga, onde foron depositados os bidóns.

Esa mesma madrugada do día 12, non obstante, os organismos competentes da Administración Central deciden que os bidóns sexan transportados ás dependencias do porto privado da factoría Alúmina-Aluminio de Inespal, para desde alí ser embarcados e reenviados a Holanda.

Ó chegar ó porto de San Cibrao os tres camións que transportaban a mercadoría do *Casón*, foron retidos por unha barricada nos accesos á fábrica, opoñéndose o comité de empresa da factoría ó paso dos bidóns e ó seu embarque no buque *Galerno*, que se dirixía desde Ferrol ó peirao de Alúmina.

Paralelamente, como as súas Señorías coñecen, mobilízanse os veciños a instancias dalgúns alcaldes da zona, e estes últimos, reunidos na factoría, opóñense ó seu embarque no citado porto.

Procédese durante todo o día 12 de decembro a unha tensa negociación entre o comité de empresa e o gobernador civil para acadar unha saída ó conflito. O comité de empresa ameaza cunha paralización total da factoría se os barrís non son afastados do lugar e, en todo caso, se se intenta a evacuación dos mesmos a través do porto de Alúmina.

Como coñecen tamén as súas Señorías, durante o día 13 a situación mantense tensa, pero estacionaria, coas posturas do Goberno Civil tratando de convence-lo comité de empresa da embalaxe dos bidóns e a ameaza deste de, no caso de se producir, ir a unha paralización da fábrica.

A empresa pola súa banda trata tamén de convence-lo comité, responsabilizándose ela mesma de tódalas consecuencias que se puidesen derivar do embarque.

A última hora do citado día 13, o Goberno Civil de Lugo nun comunicado, no que despois de sinalar que os bidóns non son perigosos salvo nos casos de inxestión das súas substancias, de contacto coa pel ou de inhalación, e o nulo perigo que para a poboación en xeral teñen as substancias, anuncia que a aquelas persoas que dunha forma ou doutra obstaculicen a embalaxe destes productos lles será aplicado o réxime previsto no artigo 19 da Lei 2/85, de Protección Civil, que prevé sancións que oscilan entre 1 e 100 millóns de pesetas, segundo as circunstancias.

O 14 de decembro prodúcese o paro total na factoría e, por outra banda, procédese á carga dos bidóns no buque *Galerno*, que partirá posteriormente do porto de Alúmina con dirección a Rotterdam.

Formúlase a partir do día 14 na factoría unha situación de absentismo laboral total, sen que se atendan os servicios mínimos necesarios para o mantemento das instalacións, a pesar dos requirimentos que ó respecto realiza a dirección da empresa.

A factoría Alúmina-Aluminio, dependente de Inespal, na que é maioritario o INI, componse dunha planta de alúmina que produce 800.000 toneladas anuais, aproximadamente, das que a metade se exportan, e que ocupa un cadro de persoal de 727 traballadores, e dunha planta de aluminio con áreas de fundición, electrólise, electrodos, anexos e servicios xerais, e que dá ocupación efectiva a 1.124 traballadores, aproximadamente.

O comité de empresa da factoría pretendeu xustifica-lo feito do abandono masivo de postos de traballo no exercicio da facultade que recoñece o artigo

19.5 do Estatuto dos Traballadores, que –permítanmo lelo textualmente– di así: «Se o risco de accidente fose inminente, a paralización das actividades poderá acordarse por decisión dos órganos competentes da empresa en materia de seguridade ou polo 75 % dos representantes dos traballadores en empresas con procesos discontinuos e pola totalidade dos mesmos naquelas no que o proceso sexa continuo; tal acordo seralle comunicado de inmediato á autoridade laboral, a cal en 24 horas anulará ou ratificará a paralización acordada». Isto é o que di o artigo.

Hai que salientar que en ningún momento se lle efectuou a comunicación da decisión de cesamento das actividades, contemplada na norma citada, á autoridade laboral, polo cal a situación debe ser calificada como de folga ilegal de acordo espontáneo. Esta calificación, así mesmo, avala o que a empresa efectuase, ante a negativa do comité, o requirimento do cumprimento dos servicios mínimos de forma unilateral, xa que en termos de formas legais debe fixarse de mutuo acordo entre a parte social e empresarial, con resolución en caso de desacordo polo trámite de urxencia, pola xurisdicción laboral. Pero ante a negativa do propio comité, a creba da legalidade do exercicio do dereito fundamental de folga transfórmase en abusivo, e entón o requirimento da empresa é absolutamente lícito e ten como fundamento a necesidade superior do ben da empresa como xerador de recursos materiais esenciais para a comunidade e de benestar para os traballadores da empresa.

Interésame resaltar este aspecto técnico-xurídico da situación exposta e da licitude do requirimento da empresa para que non quede ningunha dúbida, nin sequera formal, sobre a postura do comité de empresa ó non atende-los servicios mínimos, porque durante os días 14 e 15 de decembro estívo-se negociando o conflito. Pero a dita negociación ten que ser independente da cobertura dos servicios mínimos. Non se pode, Señorías, pretender que se dependa do sometemento ou non a unha arbitrase de sancións, cobra-lo 50 ou 25 por cento dos salarios perdidos ou que se produza un dano das consecuencias do que se produciu, poñendo sobre a mesa de negociación a paralización das cubas de electrólise.

O delegado da Consellería de Traballo e Benestar Social participou como mediador nas negociacións para poder achega-las posturas da empresa e do comité. Por conseguinte, foi testemuña cualificada dalgunhas das discusións que se trataron.

Durante os días 14, 15 e 16 realizáronse numerosos intentos de mediación por parte do delegado de Traballo, que pasaron nalgúns momentos por fases

de certa aproximación, pero que conclúen sen acordo, manténdose ámbalas partes nas súas posicións diverxentes en torno fundamentalmente ó aboamento dos días da folga e á arbitraxe da Delegación de Traballo nas sancións ós membros do comité de empresa.

A negociación rompeuse o día 15, e durante o día 16 prodúcense chamadas insistentes da dirección da empresa ó comité e ós traballadores, facendo incluso públicos os nomes das persoas que debían ocupa-los postos da factoría de Aluminio para evita-lo enfriamento das cubas de electrólise.

O resultado deste proceso é de todos coñecido: danos económicos que se cifran ó redor de 16.000 millóns de pesetas, 116 despedidos e a solicitude dun expediente de regulación temporal de emprego por forza maior para 574 persoas por un período de seis meses, ademais das solicitudes de esixencias civís e penais ó comité como órgano colexiado e a cada un dos seus membros.

Señorías, permítanme neste intre, en primeiro lugar, rebater tallantemente as voces que se levantaron sinalando que a Xunta de Galicia agachou a cabeza e que facía deixación de función nun tema da transcendencia da que nos ocupa. O delegado de Traballo de Lugo, autoridade laboral da provincia, desenrolou no ámbito das súas competencias de arbitraxe e mediación un labor infatigable e con tesón para que as partes chegasen a un acordo, e solicitou en numerosísimas ocasións a posta en marcha dos servizos mínimos da factoría de Aluminio.

A Xunta de Galicia e outras instancias oficiais colaboraron tamén na responsabilidade das medidas do calibre das que comentamos, que provocaron uns problemas de tal envergadura que supoñen as perdas económicas sinaladas e a regulación de emprego que a empresa formula como consecuencia dos labores que hai que efectuar nas cubas de electrólise.

Esta é a situación actual na empresa, situación á que se chegou pola irresponsabilidade dunhas persoas que a toda custa deberían de defende-la factoría.

Créanme que nin como Presidente do Goberno nin como cidadán de Galicia podo entender que se poida tomar decisións como as que se tomaron na factoría de Alúmina-Aluminio, xogando coa supervivencia do complexo e coa ruína económica da zona. As consecuencias ímolas pagar tódolos galegos, tamén todos os españois, e en maior medida as familias dos preto de 2.000 traballadores que dependen directamente da factoría e as súas empresas auxiliares.

Observen, Señorías, que os bidóns chegaron sen novidade a Rotterdam e que se descargaron neste porto sen que ninguén da cidade holandesa fixese ningunha manifestación hostil á carga que contiñan e sen presta-la mínima atención sobre o particular. Substancias e productos das características que deron orixe ó conflito de Alúmina-Aluminio cárganse e descárganse tódolos días en numerosos portos do mundo, tamén nos galegos, e se os mesmos teñen as medidas de seguridade apropiadas, non pasa nada.

E paso, a continuación, a expoñer a modo de conclusións uns datos que como representante do Goberno Galego, e na medida que esta comparecencia mo permite, quero tamén achegar á Cámara como elementos clarificadores das situacións que aquí se están a debater.

O accidente do *Casón* prodúcese no mar territorial español, onda as costas galegas e nunha zona na que desgraciadamente son frecuentes, polo que deben arbitrarse mecanismos para a súa erradicación.

A Xunta de Galicia está en conversas co Goberno Central para que se instale axiña unha estación de seguimento marítimo para salvagarda-lo control de tan importantísimo fluxo de mercantes na zona. Como primeiro paso para a súa extensión a tódalas costas galegas do mesmo xeito, estase en conversas coas autoridades de Mariña para a vixilancia estricta do corredor marítimo establecido na zona da Costa da Morte, afastando dos bancos de pesca costeira o tráfico dos buques mercantes.

Os dispositivos preventivos de contaminación terrestre, aérea e marítima montados pola Xunta de Galicia funcionaron perfectamente. A facultade para decreta-la evacuación dunha zona que comprende unha serie de concellos dunha provincia correspóndelle ó Goberno Civil. En ningún caso, nin o presidente da Xunta nin os alcaldes dos concellos poden decreta-la evacuación da poboación.

A Xunta de Galicia actuou con axilidade, correctamente nos seus cometidos de acollida das persoas evacuadas, incluso das que o fixeron de forma voluntaria, e respondeu perfectamente ó plan preventivo disposto en Protección Civil, sen que por outra banda houbese que lamentar incidentes significativos na evacuación nin posterior retorno.

A orde do traslado dos bidóns parte da Administración Central, tanto no seu primeiro itinerario, ata a zona militar de Parga, coma no seu posterior traslado a Xove e ó barco *Galerno*.

É igualmente a Administración Central a que xestiona o transporte dos bidóns no buque *Galerno* ó porto de Rotterdam.

Presente o conflito cos bidóns no porto de Alúmina-Aluminio, a Xunta mediu a través da autoridade laboral na solución do mesmo, instando en todo momento ó cumprimento dos servizos mínimos.

A Xunta lamenta todo este proceso do accidente do barco e, nos problemas da factoría Alúmina-Aluminio, a utilización partidista dos feitos cando maior era a necesidade dunha unidade de acción de tódolos estamentos sociais e administracións implicadas baixo as directrices das autoridades responsables.

Unha situación como a que aconteceu, na que existe intranquilidade na poboación, non pode servir para que desde tribunas profesionais, pretendidamente independentes, se introduzan por informes supostamente científicos e non contrastados elementos adicionais de incertidume e ansiedade na poboación, xa castigada polo accidente e, polo tanto, moi sensible a calquera información adicional deste tipo.

Señor Presidente, Señorías, xa para rematar, unha reflexión final: ¿cal debe se-la actitude da poboación e das autoridades nunha situación de emerxencia como aconteceu en Fisterra e en Alúmina-Aluminio?

Señorías, os axentes sociais nos seus niveis de liderato político-sindical e cidadán non deben esquecer en ningún momento a súa corresponsabilidade, solidaria coa Administración, para a solución de problemas que desta ou semellantes características poidan xurdir no futuro. Un accidente coma o que nos ocupa hoxe non pode servir nunha sociedade madura e intelixente para ceiba-lo oportunismo e a negatividade dos que soamente pensan en aproveitar situacións así para darlles vía libre a accións non sempre coincidentes cuns intereses serios da comunidade.

Cando os cidadáns precisan máis ca nunca dunha serenidade exemplar, dunha actitude positiva e sempre alentadora, o liderato, sexa do nivel que sexa, non pode ser utilizado para sementa-la confusión e o desacougo, multiplicando os seus efectos nunha imprevisible espiral de conflictividade que a ninguén beneficia e a todos prexudica.

A idea debe de ser que en todo caso a cooperación e maila solidariedade primen sempre nas distintas institucións, pero tamén nos particulares, á hora da actuación en acontecementos deste tipo.

Os organismos competentes teñen a obriga de poñer tódolos medios a disposición dos intereses xerais da comunidade, pero de nada lles valerán os seus esforzos se os colectivos cidadáns, cos seus dirixentes á fronte, non fan todo canto estea na súa man para faceren realidade precisamente esa idea de cooperación e de solidariedade.

Señorías, o exemplo dos acontecementos que vimos de relatar debe servir, ten que servir no futuro, para poñer de manifesto que a nosa terra necesita no proceso de construción dunha sociedade moderna e responsable. Esta é a irrenunciable vontade política e social de facer de Galicia unha terra de progreso e de benestar, unha terra na que os seus dirixentes saiban estar á altura da intelixencia e da sensibilidade das súas xentes traballadoras.

Espero que da miña exposición quedase claro, señoras e señores deputados, que en tódalas situacións, e especialmente nas que poden comprometer a saúde ou a seguridade das persoas, é preciso que ninguén poida actuar en función do medo, da incompetencia allea ou dos intereses partidarios ou persoais.

O supremo valor dunha sociedade democrática é que tódolos cidadáns son maiores de idade, non valen nela os paternalismos, nin as fuxidas aínda que sexan cara a adiante, nin un providencialismo que agarde solucións milagreiras e doadas.

Quérolles facer unha chamada final a tódolos galegos e ás súas institucións máis representativas para que atendan o principio de solidariedade e, sobre todo, para que soamente co esforzo de todos, cunha conciencia colectiva actuante, académo-lo tratamento e a dignidade que como pobo nos impoñen os tempos que vivimos.

COMPARECENCIA DO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA PARA INFORMAR SOBRE O DESENVOLVEMENTO E SOLUCIÓN DA CRISE DE GOBERNO E NOMEAMENTO DOS NOVOS VICEPRESIDENTE DA XUNTA E CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN.

13 de setembro de 1988

Señor Presidente, Señorías:

Prácame de novo subir a este estrado para dar brevemente resposta á solicitude de comparecencia solicitada polos deputados do Grupo Popular. Quero contestarlles á afirmación que eles mesmos asinan no seu documento de comparecencia, referida á existencia de crise política, e dicirlles que non houbo crise política.

Non houbo crise política en tanto en canto se mantén o equipo gobernante, se mantén o Goberno Galego nas súas funcións. Non se modificaron as directrices do Goberno e os vectores programáticos que tiña como norte e acción o Goberno da Xunta continúan a funcionar.

Polo tanto, no escrito presentado no Parlamento solicitando esta comparecencia non se pode afirma-la existencia de crise política. En todo caso,



O presidente González Laxe, á fronte do seu segundo e último goberno tripartito, en setembro de 1988, despois da dimisión do vicepresidente Barreiro Rivas, substituído por Javier Suárez-Vence Santiso.



poderíase afirmar que sería un reaxuste motivado por cambios e, polo tanto, substitucións, pero nunca crise política.

En segundo lugar, a causa de todo este proceso que o Grupo Popular intenta salientar é unha causa que é esóxena ó Goberno Galego. É de fóra, non é unha causa política; procede dun auto de procesamento da Audiencia. Polo tanto, está aí pero é por fóra, non é desde dentro. Por conseguinte, é unha causa esóxena ó propio funcionamento do Goberno Galego e polo tanto non é política.

En terceiro lugar, todos coñecemos-la decisión adoptada no seu día polo ex-Vicepresidente da Xunta, Xosé Luís Barreiro. Foi unha decisión persoal de demitir do seu cargo á espera de tódolos acontecementos que terán que producirse na Audiencia. Polo tanto, a saída persoal de Xosé Luís Barreiro como ex-Vicepresidente da Xunta eu no seu día califiqueina de digna. Ó mesmo tempo valorei o seu traballo no tempo que estivo no meu Goberno como intachable nas competencias e nas funcións que lle foron encomendadas.

En cuarto lugar, nun Goberno de coalición no que se xuntan tres partidos políticos, é lóxico que o Presidente, facendo uso das súas competencias, que lle dá a Lei da Xunta e do seu Presidente, consulte os partidos políticos, teña contactos con eles mesmos, e el mesmo, Presidente, decida quen é a persoa que debe de ocupar un posto de responsabilidade, ben sexa de Vicepresidente ou ben sexa de Conselleiro.

Creo que, polo tanto, o apartado final, resolto no breve espazo de tempo de menos de dous días e medio, significa que hai unha substitución e un reaxuste sen altera-los principios do Goberno, sen altera-las directrices programáticas de funcionamento do propio Goberno e os obxectivos que ten marcados durante este período de xestión, evidentemente a satisfacción da sociedade galega.

Coalición Galega tiña, xunto co PNG e o PSdeG-PSOE, un acordo para formar este Goberno, e é lóxico que o Presidente consulte os presidentes e secretarios xerais deses partidos políticos que conforman o Goberno tripartito. E a partir de aí designe el, o Presidente persoalmente, tal como di a Lei da Xunta e do seu Presidente na actualidade, a persoa que deba desempeñalo cargo de Vicepresidente e neste caso conseguintemente co Conselleiro de Educación.

Creo que a saída do Presidente da Xunta á situación formulada é correcta na medida en que escollín un Vicepresidente que xa estaba no Goberno, e que polo tanto tiña claros tódolos obxectivos e directrices de funcionamento do

mesmo, e ó tempo un Conselleiro de Educación que viña desenrolando funcións importantes, e tamén eficaces, nesa área tan importante da educación e ordenación universitaria.

Creo que con estas explicacións queda suficientemente clarexada a inquedanza que tiña o Grupo Popular.

Máis nada e moitas grazas.

DEBATE DE POLÍTICA XERAL SOBRE A SITUACIÓN ACTUAL E AS PERSPECTIVAS DE FUTURO DE GALICIA.

14 de marzo de 1989

Señor Presidente, señoras e señores Deputados:

Hoxe é o día no que, por vez primeira, se reúne este Parlamento para realizar un debate sobre o estado da Autonomía de Galicia.

Por vez primeira un Goberno Galego toma unha iniciativa deste tipo e, aínda que se poida dicir que así lle damos cumprimento a unha previsión lexislativa, tampouco se pode esquecer que a reforma da Lei da Xunta e do seu Presidente foi debida a un proxecto do Goberno que presido.

Nunca se reuniu o Parlamento para debate-los problemas de Galicia nunha sesión coma esta, pois é por iniciativa do propio Goberno Galego que eu presido.

Xa que logo, queremos que a explicación e os debates sobre a problemática e os horizontes de Galicia se traten con racionalidade, en profundidade e con rigor.

Non vale a estas alturas da Autonomía de Galicia falar de abstraccións nin fuxidas cara adiante.

Cómpre poñe-los alicerces do que é, do que somos nesta terra.

Estamos convencidos de que este debate non só servirá para poñer de manifesto cales son as inxedanzas deste país, senón que tamén ha de servir para xerar unha conciencia colectiva que o pobo de Galicia está reclamando dos seus gobernantes e dos seus representantes.

Hoxe estamos aquí, neste Parlamento, os representantes da sociedade galega, os representantes do pobo elixidos democraticamente. Estamos aquí para debater e para fixar cales son as nosas posicións e, sobre todo, estamos para abri-los horizontes e darlles solución ós nosos problemas.

Estamos convencidos tamén de que neste debate os cidadáns do noso pobo poderán coñecer de forma clara, de forma nítida e de forma rotunda como está a nosa Comunidade Autónoma, cales son os avances que se produciron na mesma e cales son as perspectivas de futuro que se albiscan dun xeito esperanzador e positivo.

Quero transmitirles a tódolos deputados, a toda a sociedade galega, a convicción e a firmeza dun Goberno que xa ten moito avanzado no proceso de modernización e do progreso, e que está disposto a explica-los avances da súa xestión e mailos seus proxectos.

Un Goberno que, unha vez que poidamos retoma-lo pulso deste país, será quen de ofrecer unha resposta axeitada naqueles temas que restan aínda por estudar en profundidade. En todo caso, eu teño a certeza de que o meu Goberno, o conxunto do meu Goberno a as forzas políticas que o apoian, están en condicións de ofrecer solución correctas, solución atinadas e solucións de futuro.

É lóxico que nun debate desta categoría teñamos que falar primeiro do punto de partida, para seguir despois coa exposición das nosas formulacións e obxectivos, a fin de comproba-los resultados obtidos e, por último, os horizontes que se presentan.

Hai 18 meses que un grupo de deputados asinou unha moción de censura. Foi unha moción de censura constructiva e deu lugar a un cambio de goberno. Dezaioito meses, polo tanto, de traballo profundo, de traballo serio, de traballo que xerou, en definitiva, unha conciencia positiva no noso pobo.

Pero naquel tempo podíamos afirmar que a situación de Galicia non era correcta, non era boa: tiña unha forte desvertebración territorial e había evidentes diferencias entre os cidadáns no tocante á calidade de vida e ó seu benestar. Había discriminacións evidentes no marco social e no marco cultural.

Sen embargo, aínda hai quen se empeña –polo menos observámolo nestes días– en voltar a tempos pasados e ollalo todo coa nostalxia do pasado, confundindo tradición con inmovilismo.

Quérennos convencer de que calquera tempo pasado foi mellor e seguramente foi así no seu caso. Pero non para os que sempre defendemos unha democracia, unha autonomía e, xustamente, o benestar de tódolos galegos.

Esas políticas de ir e vir, esas políticas que miran cara atrás, non son nada oportunas. Chama a atención, se volvémo-la mirada uns anos atrás, comprobar que tiñamos un país desprovisto de iniciativas, carente de ilusións, un país orfo de criterios e unha política desdebuxada na súa concepción.

Unha política desprovista de iniciativas, porque non se vía cales serían as futuras liñas de actuación. Sen ilusión porque a sociedade estaba a palpar tódolos días como os labradores, como os agricultores, se vían na obriga de saír ás propias estradas, como os mariñeiros protestaban, como os obreiros reclamaban accións de urxencia e como os homes da cultura demandaban unha actuación importante.

Era un país que, no terreo social, estaba cheo de conflictividade e ata certas cidades estaban como encol dun polvoriño coa mecha acesa.

O número de horas perdidas eran altas, as folgas moi superiores ás do resto de España e, en definitiva, tiñamos un país ó que lle faltaba o norte, ó que lle faltaba iniciativa, ó que lle faltaba un criterio.

Hoxe, 18 meses máis tarde, os partidos que no seu día apoiaron a formación dun Goberno tripartito están convencidos de que aquela decisión foi correcta. E non só polas accións que durante este tempo se levaron a cabo, senón tamén polo clima que no noso país está hoxe a merece-la pena a nosa actuación.

Un clima, unha actitude e un comportamento que está xerando maiores expectativas, maior ilusión e, sobre todo, perspectivas de futuro no que todos temos confianza.

Novo estilo

Neste contexto voltar á política do pasado só serviría para a nostalxia e mailo inmovilismo. Porque do que todos estamos convencidos é de que temos un importante potencial endógeno e, sobre todo, un importante capital humano. Potencial endógeno para desenvolve-las nosas perspectivas e capital humano porque a cidadanía de Galicia, as nosas mulleres e os nosos homes teñan capacidade de futuro e unha visión decisiva do porvir. Entendido isto, nós

sabíamos que cumpría darlle un novo impulso a Galicia para lles facer fronte ós desafíos e non chegar tarde á nosa cita coa historia.

Denantes da constitución deste Goberno, había moitísima verborrea estéril, moita fraxilidade no discurso, excesiva vulnerabilidade política e, tamén, por que non dicilo, moita hipocrísia.

Fronte a todo iso houbo que traballar arreo en tódalas dirección, como se principiássemos en termos non positivos nin case neutros, senón negativos.

E fixemos realidade o comprometido no noso programa común, desenvolvendo todos e cada un dos puntos expostos e aprobados por esta Cámara hai dezaioito meses. Porque consideramos que era posible, factible e viable un programa de goberno que non fose outra cosa que un programa do pobo galego, un programa para o pobo galego e non un programa eivado polas connotacións particulares dun partido concreto.

Demostramos que iso é factible, pero aínda falta moito por percorrer: a construción dun país non remata nunca, pero alomenos estou en condicións de afirmar que fixemos realidade aquel compromiso acadado hai ano e medio.

Tamén se falaba e discutía, daquela, sobre cales serían os impactos negativos da nosa entrada na CEE. Pois ben, non foron ni tan desfavorables como dicían os profetas do catastrofismo, nin desde logo tan satisfactorios para chegar á conclusión de que xa podemos baixa-la garda.

Hoxe os gandeiros cobran máis ca nunca na súa historia polo leite que venden, pero non por iso deben face-las contas da leiteira. Os industriais atopan cada vez máis mercados, pero non por iso deben deixar de buscar outros, por se acaso perden algún dos conquistados. Os armadores teñen ben ganada a batalla dos mares, pero tampouco deben darlles tregua ós posibles adversarios. E os profesionais, os homes e as mulleres do sector de servizos, teñen o camiño aberto para traballar noutros mercados, aínda que é ben certo que todos eles aínda non fixeron outra cousa que empezar a andar.

A verdade é que non faremos de Galicia un paraíso –iso só o fan os deuses–, pero tampouco un inferno, porque iso é cousa de demos. Agora o que estamos a facer é traballar con máis seguridade, con arelas de saír a adiante con rigor, con documentación, con seriedade. Europa non nos debe asustar e ha facilita-la nosa integración nun mercado no que é doado saír gañando, sempre e cando sexamos quen de sermos competitivos.

Hai 18 meses, pois, había que poñer-las bases de partida sobre as que comenza-los pasos dun novo Goberno. Un Goberno que tiña, como tarefa inicial, xerar un clima propicio para a modernización e elimina-las tensións sociais



O pazo do Hórreo estreouse como sede oficial do Parlamento os días 13, 14 e 15 de marzo de 1989 co primeiro debate sobre a situación política de Galicia.

existentes en favor do entendemento e da colaboración, o que significaba tamén promover iniciativas de futuro inmediato para acelera-la confianza en nós mesmos e, deste xeito, recupera-la ilusión para demostrármonos do que somos capaces.

Hoxe esas condicións danse no noso país. A conflictividade social diminuíu, o clima de colaboración e cooperación está facilitando a negociación e imprime un novo rasgo á actuación governamental. Os criterios adoptados polo meu Goberno van sempre guiados pola obxectividade, polo rigor e pola racionalidade. Pero aínda máis, tentamos que a nosa acción teña sempre un gran contido social para que o criterio social prime sobre o criterio económico, a fin de corrixi-las inxusticias de antes, as discriminacións de hai tempo e as desigualdades que aínda existen. Polo tanto, buscamos que ese clima de pacificación, de eliminación de tensións, sexa propicio para a modernización e maila recuperación da ilusión precisa que promova novas iniciativas de futuro.

Son obxectivos que queremos plasmar a través dunhas bases de partida que presentan tres grandes horizontes.

O primeiro, no plan económico, propiciando os investimentos e a participación social de tódolos axentes nas propias decisións que adoptemos. O segundo, no eido social, gañando en calidade de vida e benestar social para o conxunto da nosa sociedade. E o terceiro, no plano tecnolóxico, apostando pola innovación e polo futuro como elementos básicos do que significa o próximo século XXI.

Mais se esas eran as bases de partida, é lóxico que hai que definir un modelo para avanzar. Se Galicia estaba como estaba hai 18 meses e puxemos en marcha un gran modelo, guiado por grandes criterios, cumpría definir ese modelo chamado ó avance e á construción dun país.

Fundamentalmente para avanzar, Señorías, necesitábase iniciativa, confianza e firmeza.

Iniciativa para levar a cabo os proxectos, para que non houbese nin parálise nin inercia negativa, senón iniciativa do propio Goberno para adiantarse a tódolos acontecementos e dar respostas axeitadas a todas cantas consideracións demande o país.

Confianza nos propios criterios do Goberno, na propia actuación governamental, no seu propio diagnóstico e análise da situación, a fin de se situar con firmeza ante a acción propia, os seus propios feitos, as súas propias declaracións.

Por iso, para poñer a funcionar áxil e eficazmente unha Administración Autonómica, había que demostrar eficacia, había que presentar proxectos legislativos en resposta ó amplo abano das posibilidades inmediatas. Cumpría asemade discuti-los criterios precisos cos axentes económicos e sociais, e negociar coa Administración Central e outras administración como as locais, con firmeza, sen ceder nas posicións que son propias de Galicia, que son propias da Autonomía, que son propias do Goberno Galego.

Demostrar esa eficacia, presentar produtos legislativos que compoñan e dean consistencia a ese abano de grandes posibilidades que ten hoxe o noso Estatuto, viñan se-las acción lóxicas e inherentes a un xeito de gobernar diferente do que estabamos afeitos en Galicia.

Pero así mesmo había que establecer criterios ou prioridades do Goberno con elementos característicos do noso estilo de gobernar; con actitudes firmes, baseadas no propio convencemento; directrices nidas para que as coñeza a sociedade galega; equilibrios territoriais para evita-las diferencias; harmonía entre os axentes económicos e sociais para acadar un clima de pacificación, unha cohesión da propia sociedade unida nese gran proxecto estratéxico que ten Galicia e o Goberno que eu presido.

O Goberno tripartito traballa niso, procura ese novo estilo e está a dotar tódolos colectivos e a propia Administración Autonómica dos medios precisos para participar.

Eu estou convencido de que eses principios básicos para avanzar xa están logrados, que servirán de base institucional e, sobre todo, que son invulnerables para o futuro, porque estamos avanzando sen retroceder. Xa foi unha conquista gañada ó tempo histórico pasado, e a sociedade ten hoxe esas premisas que serán para sempre e ninguén llas vai quitar.

O noso modelo para avanzar é algo así como unha ferramenta ou, mellor, como cando un emprende unha viaxe e ten que lle facer unha revisión ó automóbil: comprobar se o carburador está limpo, examina-las buxías, medi-la presión dos pneumáticos, proba-las luces, porque o coche que nos collemos hai 18 meses, señores Deputados, non estaba en condicións e necesitaba unha fonda reparación para poñelo a andar e camiñar cara a ese horizonte que logo relatarei.

O Goberno Galego nin sequera sabía o patrimonio que tiña e houbo que inventariar e cataloga-los nosos bens. Tampouco sabiamos que estaban sen pagar certos compromisos dos anos 1986 e 1987, e que había 4.000 contratos laborais agrupados en máis de 300 colectivos con distintos convenios.

Cumpria poñer a andar unha Administración Autonómica. Sabíamos tamén que había leis aprobadas, pero sen desenrolar, e, polo tanto, o abano das posibilidades estatutarias estaba aínda incompleto. Sabíamos que os presupostos económicos de Galicia nunca se aprobaban no seu tempo e, así, había unha certa disfuncionalidade e un certo retraso. Ou como diría o mecánico que arranxou o coche, as ferramentas estaban cheas de ferruxe, moitas delas oxidadas.

Dinamización parlamentaria

Logo de poñer en marcha o vehículo, nós pensamos neste intre que hai certos compromisos que xa están gañados e que hoxe son patrimonio dos galegos. Con iso quero dicir que o esforzo do Goberno que eu presido está xa a disposición da nosa sociedade como algo gañado, como algo que xa é propiedade e patrimonio dela mesma.

O proceso autonómico recuperou a súa marcha, non só pola aprobación da Lei da Función Pública, que recolle criterios de profesionalización, racionalización e integración; ou pola creación da Escola Galega da Administración Pública; ou o acordo entre a Xunta e as centrais sindicais; ou o convenio único e laboral para os funcionarios, que rachou cunha situación anterior na que había ata trinta convenios diferentes e 300 categorías, que foron reducidas a sete.

O proceso autonómico, pois, recupera a súa marcha e xa dispoñemos dunha Administración Autonómica en boas condicións. Resta aínda continuar co desenvolvemento desa Lei da Función Pública, de maneira que estamos en condicións de presentar, a finais de ano, unha oferta pública de emprego por parte da propia Comunidade Autonómica.

Outro compromiso gañado é a dinamización da actividade do Goberno na vida parlamentaria.

Saben as súas Señorías que entre os anos 1986 e 1987 este Parlamento aprobou 10 leis, e que nos anos 1988 e 1989 foron 15 as aprobadas e 6 as pendentes de tramitación. É dicir, que con iso a produción lexislativa viuse sensiblemente dinamizada baixo o mandato do meu Goberno.

Para o desenvolvemento dun país son moi importantes leis como a da Venda e do Solo, como a do Servicio Galego de Saúde, etcétera, que terán unha plasmación no *Diario Oficial de Galicia*. Pero a min, hoxe, o que xa me importa máis son as leis que están en tramitación, tres delas importantísimas para o noso desenvolvemento estatutario, como a Lei de Montes Veciñais en Man Común, a Lei de Coordinación de Deputacións e a Lei de Universidades.

Con estas tres leis, xunto coas outras tres que están pendentes de tramitación e as que o Goberno lle remitirá ó Parlamento nos próximos consellos, é evidente que se dinamizou significativamente a actividade do Goberno na vida parlamentaria.

Outro compromiso gañado, que xa é patrimonio da nosa sociedade, é a actuación presupostaria. Preséntase os Presupostos a tempo, son netamente investidores e redistributivos, e teñen unha información detallada e completa. Polo tanto, son vitorias que hoxe xa son da propia sociedade galega, que xa está afeita a que o Goberno, o meu Goberno, presente a tempo os Presupostos porque hai información detallada e completa dese equilibrio territorial que tanto demandamos.

Outro importante compromiso gañado é o da instalación dun novo clima de diálogo coa Administración Central. Neste senso, eu creo que, en resumo, non valen os enfrontamentos, que é moito mellor manter unha liña de diálogo permanente, non exenta das tensións propias de negociacións constantes. Pero teñan a completa seguridade, Señorías, de que eu nunca renunciarei ó que son os postulados galegos e que mantereí firmes as teses de Galicia, tanto se aquela Administración coa que negociamos é a do Estado como se é a comunitaria ou internacional. E tamén farei o mesmo coas deputacións provinciais e cos concellos. Por riba de todo está a Autonomía de Galicia, están os principios que desenrolan o seu propio Estatuto e, polo tanto, mantereí firme esa bandeira, que non é nin máis nin menos có guiño do que debemos se-los galegos.

Se xa temos ese modelo de país para avanzar, cómpre mirar agora como se constrúe.

Nós, desde o meu Goberno, unha vez saneada a Administración Autónoma, unha vez postos os alicerces do que significa o proceso e as liñas precisas para a súa condución cara a un horizonte de modernización, tiñamos que ir establecendo grandes áreas de actuación.

En ano e medio de xestión, os nosos obxectivos e os nosos compromisos veñen reflexados nas seguintes áreas: a primeira é a da modernización da nosa economía; a segunda, a da coordinación provincial e a vertebración global; a terceira, a da xeración dun espazo social con benestar; a cuarta, a da innovación técnica; e a quinta, a da cooperación institucional e a da proxección externa.

Modernizar un país, moderniza-la nosa economía, significa adecua-lo noso sistema e a nosa base económica ás novas circunstancias. Sabemos todos

que en Galicia había que actuar firmemente fronte ó dualismo entre o mundo rural e o mundo urbano, fronte á conciencia periférica e distante do centro de gravidade, fronte a un país industrial e territorialmente pouco articulado, e fronte a lacras antigas, como o minifundio e a pequena empresa, a pouca capacidade de expansión que tiñan as pequenas empresas en Galicia.

E había que loitar de forma seria, e había que poñer en marcha mecanismos que servisen para corrixir eses defectos de que teñan falando tanto economistas coma políticos ou homes da rúa, coma labregos e mariñeiros, coma obreiros e persoal do sector servicios.

E había que lles facer fronte a eses obxectivos, tamén, preparándonos ó mesmo tempo para o horizonte 1993, que vén inzado de desafíos que se debaten en toda a Europa comunitaria nestes intreos.

Se esas eran as liñas dese gran obxectivo de modernización da nosa economía, podemos dicir que entre os logros acadados no día de hoxe está, sen dúbida, a creación dun clima propicio para os investimentos. E aí están os datos da Zona de Promoción Económica e da Zona Industrial en Declive de Ferrol, con proxectos moitos deles xa aprobados, de máis de 200.000 millóns de pesetas en investimentos, que xerarán miles de postos de traballo en toda Galicia e, en concreto e especificamente, na zona ferrolá en declive, á que tanto esmero e tanta devoción lle debémo-los políticos para erguer esa comarca.

En segundo lugar, Galicia é a Comunidade Autónoma que posúe os incentivos máis altos de España, ata o 75 % a fondo perdido da ZID e ata 50 % na ZPE.

Respecto das pequenas e medianas empresas, e a través de contratos-programas coas mesmas, xeramos un volume de investimento que superou os 10.000 millóns de pesetas, deu lugar a 3.000 empregos netos máis e, sobre todo, ó mantemento de 5.000 empregos naquelas empresas que, con contratos-programas ou con axudas ás pequenas e medianas empresas a través do Goberno de Galicia, están mantendo a estrutura industrial e empresarial e están xerando postos de traballo.

Por iso buscamos conxugar nesta política económica tanto a integración industrial coma a localización xeográfica. En definitiva, actuamos tanto sobre o que son as empresas particulares coma sobre aqueles sectores que se teñen que integrar nos territorios, bisbarras e comarcas, e que deben inter-relacionarse entre si para non quedar atomizados e dispersos.

Pero se iso sucedía no mundo industrial, ese que se denomina o mundo urbano-industrial, teñan a convicción, Señorías, de que este Goberno tamén fixo

moito fincapé no que é o mundo rural, no que é o mundo agrario.

Nese mundo rural e agrario, moitas veces dominado e moitas veces discriminado, aí si que está posto o acento espectacular do meu Goberno.

A declaración da agricultura de montaña e a Operación Integrada de Desenvolvemento para eses 126 concellos do interior é un importante mecanismo que terá continuidade e que está a facer realidade o proxecto, con financiamento da CE, do saneamento gandeiro, aspiración importantísima dos nosos labregos, que ollaban como a competitividade exterior lles esixía unha mellor cantidade do seu produto e unha mellor actuación e atención ós seus propios bens.

E aí están ó día de hoxe as máis de 550.000 reses saneadas. A concentración parcelaria, importante obxectivo para atalla-lo minifundio e, polo tanto, facer posibles, efectivas, factibles e, sobre todo, viables as explotacións dos nosos labregos. Aí están as máis de 35.000 hectáreas concentradas e o traballo doutras 126.000 hectáreas.

Na regulación da actividade marisqueira, os efectos da inspección pesqueira medraron dun 30 a un 70 por cento de efectividade e, curiosamente, no ano 87-88 bateuse o récord histórico da campaña marisqueira. E os datos que temos ó día de hoxe da campaña que ten que rematar agora son moi sobresaíntes, pero sobre todo cómpre salientar que se mantén a regularidade, o cal supón que a profesionalización dos nosos mariscadores está garantida no exercicio do seu labor para os próximos anos.

Sobre a electrificación rural, tan importante, podemos, debemos e estamos en condicións de dicir que axiña –e cando digo axiña digo días– non haberá ningún pobo galego sen luz no noso país. Un país que recollemos con máis de 300 pobos ós que non lles chegaba enerxía eléctrica.

E tan importante como iso é tamén o fomento dunha actividade comercial baseada na creación de recintos feirais, recollidos na Lei de Comercio Exterior, en tanto que reflexan o grao do noso desenrolo e son escaparate e baluarte da identificación desa marca de imaxe que os galegos temos que dar fóra e tamén no noso propio país.

Debo salientar aquí o equilibrio ecolóxico que cómpre manter como defensa do medio ambiente e como complemento das actuacións sobre esa lacra antiga que son os incendios forestais. Neste senso debo dicir que a cifra de 52.000 hectáreas queimadas no ano 1987 se reduciu o pasado ano case á metade desa superficie queimada.

Modernizar un país

E todo iso, Señorías, significa modernizar un país. Por iso é preciso seguir traballando neste tipo de actuacións.

Unha segunda área de actuacións do meu Goberno é a da solidariedade provincial e a vertebración global. Significa que nós queremos eliminar as discriminacións existentes en Galicia, para que non haxa desigualdades. Cómpre para iso impulsar a creación e a construción de infraestructuras, a fin de acadar ese equilibrio territorial que tantos debates suscitou nesta Cámara no pasado e a tantos debates nos levou ás súas Señorías e a min mesmo.

Temos que achegarnos a un crecemento harmónico e equilibrado, favorecendo o territorio rural e agrario.

Os logros acadados polo meu Goberno no eido da solidariedade provincial e da vertebración global refírense non só a unha actuación que vén marcada polos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma, dándolles máis incremento porcentual ás actuacións nas provincias de Lugo e de Ourense ca ás da Coruña e de Pontevedra, senón tamén ó artellamento dun sistema interno que estableza auténticas comunicacións entre tódolos concellos que forman parte de Galicia, para que ningún deles se sinta nin privilexiado nin discriminado, senón que todos poidan formar parte dun conxunto que antes denominabamos de conexión.

Hai maior investimento en estradas e está demostrado non só polos quilómetros construídos, que son moitos máis na actualidade ca no período 86-87, senón tamén polos quilómetros que están en reposición, aqueles que son de mantemento da propia actuación do Goberno.

Pero se iso fose xa abondo para dicir que imos con máis présa do que os alacrás podían pensar, tamén é certo que hai que actuar en camiños rurais, e en camiños rurais para todo o mundo agrícola con maiores investimentos, ademais, en portos pesqueiros como Sada, Malpica, Rianxo, Celeiro, Ribadeo, Burela, Muros, Laxe, etcétera, construíndo tamén estacións de autobuses como as do Carballiño, Monforte, Ourense, Vigo e Ferrol, ou formulando o saneamento integral das rías, aspiración de todos que hai que levar a cabo.

Unha terceira área de actuación do meu Goberno vai encamiñada á xeración dun espazo social con benestar. Consiste este obxectivo en acadalo maior nivel de vida e de igualdade de oportunidades.

Hai que desfacer a idea das desigualdades, das discriminacións e das inxusticias. Este espazo social con benestar, así definido, abranguería actividades tan importantes como a educación, como a sanidade, como a vivenda, como

o deporte, como a cultura, como os centros da terceira idade, como os centros de seguridade e hixiene no traballo, como o fomento do cooperativismo, como o apoio ós colectivos de mulleres e tamén de xoves.

En Educación creo que está fóra de toda dúbida o gran investimento do meu Goberno, non só no que se refire a ensinanzas medias e EXB, onde temos datos de abondo para poder afirmar que nestes dous eidos o número de postos escolares que se poñerán en vigor vai ascender a 42.000 e que atinxe en total 92 centros de medias e de EXB, cousa importante para o país.

Cando se demanda cultura, cando se busca unha calidade de vida superior, o importante é ter centros de cultura, e darlle educación a un pobo é o xeito de que haxa polo menos a posibilidade de palia-las inxusticias e as discriminacións. E para iso, para palialas, moito mellor foi o que decidimos nós: que as taxas do COU sexan gratúitas. Galicia foi a primeira Comunidade Autónoma en España que impuxo a gratuidade nas taxas de COU.

E para facelo moito mellor está o Plan Xeral de Investigación Científica e Técnica, con fortes incrementos na formación do profesorado. E para que se faga moito mellor, aí está a resolución definitiva do transporte escolar gratuíto nas escolas.

Así se fai unha política educativa que elimine as desigualdades ou que, polo menos, as palíe para que haxa igualdade de oportunidades para tódolos rapaces.

Pero non só centrámola na nosa atención na preescolar, nas medias, na EXB, senón que –e coido que esta cuestión está a piques de ser debatida neste Parlamento– o Goberno Galego adoptou tamén unha das decisións máis importantes que pode adoptar un goberno en materia educativa: refírome ó proxecto de Lei de Universidades.

A creación, a posible creación –debaterémolo en plenos posteriores– de dúas novas universidades, a do norte e a do sur de Galicia, supón un avance dos máis transcendentais que o noso país ten formulado. Porque un país funciona –diciámolo ó comenzo– aproveitando o potencial dos seus recursos endóxenos e aproveitando o seu capital humano.

Nós estamos investindo en capital humano, nos rapaces máis novos, pero tamén nas persoas maiores, que son as que teñen que estar capacitadas para dirixir todo ese gran proxecto estratéxico que é o país.

Esas dúas universidades novas, que se adscribirán ós núcleos centrais de Vigo e A Coruña, dotarán o País Galego dunha nova perspectiva de futuro. Dotaranos de medios tan importantes que poden servir á nosa formación, ó

noso estudio e, sobre todo, á aplicación de toda a investigación que alí se desenvolva.

A formación do profesorado e a creación desas dúas novas universidades supoñen, sen dúbida, unha decisión valente do meu Goberno, valente e decisiva para o país.

Igualdade de oportunidades

Pero a igualdade de oportunidades non só ten que ser manifestada no campo educativo, senón tamén no campo sanitario. A posta en marcha do Servicio Galego de Saúde e a construción xa de 37 centros de saúde e 30 en execución, que suman en total 67 centros en núcleos rurais ou pequenas vilas que, ás veces, teñen menos de 2.000 habitantes, dá lugar a que os servizos sanitarios estean moito máis achegados á sociedade.

O cidadán comprende que hai unha actuación governamental e que o país está poñendo os alicerces do seu futuro.

A nosa actividade para a superación das desigualdades e as discriminacións está tamén no eido da vivenda, coa construción de 2.800 vivendas de protección oficial, 650 de réxime especial e, en Santiago, a poucos metros de aquí, a construción doutras 2.800 vivendas en Fontiñas. A erradicación do chabolismo é, así mesmo, unha importante tarefa para a que estamos actuando de forma inmediata, a través do investimento de 200 millóns de pesetas. Ou a rehabilitación de vivendas no mundo rural, con accións que atinxen xa 1.900 vivendas. Todos eles son pasos importantes.

No deporte, non só deporte base, que é importante, senón tamén para darlle medios ó propio cidadán de Galicia, está a construción de 43 polideportivos para que a nosa xuventude non só poida compartilo ensino senón tamén o deporte.

Na cultura a nosa acción ten como obxectivos a creación de infraestrutura cultural e a defensa do noso patrimonio artístico. Nese senso xorde a construción do Centro Galego de Artes Plásticas e a posta en marcha do Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais, que dotarán o país dunha dinámica e dunha riqueza aínda máis importante.

Outros temas importantes son os referidos ós da terceira idade, obxecto de importantes actuacións coa construción de sete centros espallados segundo as necesidades reais da sociedade. Especial interese teñen, asemade, os centros de seguridade e hixiene no traballo para –en función dos parámetros delimitados pola OIT e a CEE– poñelos en vangarda, con toda

unha serie de actividades que van en beneficio dos traballadores e de tódolos cidadáns.

Non me esquezo, Señorías, de que a Comisión Interdepartamental da Muller está realizando un traballo importante nun labor necesario e imprescindible en toda sociedade dinámica e viva. Esa comisión interdepartamental ten xa a punto o seu primeiro plan de acción, en colaboración con outros colectivos, o cal mellora e fai máis importante aínda a súa actividade.

A cuarta área na que quero centra-los obxectivos e as realizacións do meu Goberno é a que se refire a innovación técnica.

Para pensar no futuro é necesario poñer no presente os peares do noso propio proceso. Cando nós poñémo-lo noso maxín a funcionar, temos que pensar e ata prever cales serán as demandas que nos próximos anos serán reclamadas polos cidadáns. Cómpre adiantarse no tempo para saber cales van se-las demandas do noso pobo e, polo tanto, conectar coa realidade xa existente noutras latitudes para coñecer mellor e aproveita-lo noso potencial de vangarda e para desenrola-las nosas avantaxes.

Eu teño a convicción de que esa actuación innovadora será a que marque o devir do país e, sobre todo, poña as bases, os baluartes, os peares insubstituíbles do que xa son ganancias e compromisos da propia sociedade galega.

Entre os nosos obxectivos, algúns xa están cumpridos e outros están a piques de ser unha realización efectiva. Podemos afirmar así que ese Parque Tecnolóxico de Galicia, que se ubicará en Ourense, xa está deseñado, xa está asinado na súa propia composición, no seu lugar e no seu investimento e será realidade dentro de menos dunha semana, en que comenzará a construción.

A canle de experiencias pesqueiras ubicada en Vigo poderá ser utilizada o próximo verán por todo o sector pesqueiro para analizar, investigar e estudar cales son as posibilidades que, en prototipos e en artes, etcétera, están á disposición da sociedade galega.

O buque escola pesqueiro, que leva o nome de Valentín Paz Andrade, xa está na auga listo para ser utilizado polos nosos pescadores. O centro de formación de acuicultura, que se ubicará na illa de Arousa, que xa está para contratar, vai ser un centro de innovación e empresa importante e fundamental para xerar ese preciso clima que cómpre entre os propios empresarios. O laboratorio de metais preciosos, ubicado na Coruña, tamén vai ser unha realidade axiña, igual có Centro de Imaxe.

Quero dicir con isto que hai ideas e hai iniciativas que engarzan con esa innovación que ten lugar noutras latitudes e que nós debemos realizar e

potenciar aquí se queremos senta-los peares da construción do noso futuro inmediato. Isto faise sen esquece-las actuacións nos programas ERASMUS, COMET, VALOREM e STAR, ou o relativo ás bolsas para investigación e desenvolvemento do N + H, de novas homologacións.

Creo que nesta área da innovación técnica estamos avanzando bastante rapidamente. O importante é poñer-las bases do que ten que consistir-lo próximo futuro de Galicia, para o que seguiremos traballando moito máis.

A quinta área é a da cooperación institucional e maila proxección externa.

Construír un país significa poñermonos todos a traballar ó mesmo ritmo, quizais case todos coa mesma dirección, pero sobre todo coa mesma convicción. Convicción e firmeza, iso é o que ten que dar lugar a que aquí en Galicia teñamos un país encamiñado mediante iniciativas serias, razoadas e con rigor.

Polo tanto, coido eu que nesta área da cooperación institucional non debemos estar nin desmembrados nin desnortados, a fin de que o Goberno Galego poida dirixi-lo proceso cara a un proxecto global e integrador que poña toda-las cuestión no seu sitio.

Debemos, polo tanto, ó vertebrar un país, fuxir de localismos e tamén de casos particulares. A cooperación internacional e a proxección externa deben estar unidas baixo un baluarte común, que é o proxecto establecido no programa que o meu Goberno presentou no seu día.

Logros acadados

Hoxe, como logros acadados, eu quixera diferenciar catro niveis.

O primeiro é o da colaboración cos concellos, e niso distinguirei dúas grandes seccións. Por unha banda, o que son os convenios coas grandes cidades, ás que naquel polémico, se queren vostedes, documento da polinucleación se lles daba a oportunidade de vertebrarse baixo unha especialización efectiva, palpable e viable. Creo que tanto Santiago coma Ourense, coma Ferrol, coma A Coruña, coma Vigo e coma Lugo están amparados nese grande proxecto de vertebración e especialización de cidades; algunha non exenta de atrancos, evidentemente. Pero eu tamén confío en que a cooperación institucional sexa o fundamento preciso que faga posible a vertebración.

Se isto é o que fai referencia ás grandes cidades, cos seus acordos e os seus convenios respectivos, que toda a súa sociedade coñece, interésame moito poñer-lo acento nos convenios cos concellos pequenos.

Esos concellos non dispoñen de presupostos abondos para acadar-las obxectivos dos seus propios alcaldes e das súas propias corporacións ata

o que lles demandan os seus propios veciños. O Goberno Galego ten que complementar, coas súas actuacións, o labor dos concellos, sobre todo para a realización das obras de infraestrutura, equipamentos colectivos, sociais, culturais e ata para o lecer e mailo espaxamento.

Aí, non só polos convenios que xa ten adoptado o Goberno Galego con eses pequenos concellos, senón pola Lei de asignación de fondos para os concellos de menos de 20.000 habitantes, é onde queremos poñer ese grande acento con transparencia, con rigor, con obxectividade e, ó mesmo tempo, cun efecto territorial.

Señorías, creo que non é necesario ir a San Caetano a manifestarse, cando desde o comenzo este Goberno Galego estivo aberto a tódolos concellos sen preguntarlles cal é a súa cor partidaria nin tampouco cales son as súas liñas políticas. Este é un proxecto de vertebración de Galicia e, polo tanto, intentamos que se vertebre globalmente.

Un segundo punto é o da coordinación coas deputacións. Neste senso, xa dixemos hai bastante tempo que tentamos evita-los solapamentos e tamén as discriminacións posibles, para coordinar todo tipo de acción políticas que as propias deputacións e o Goberno Galego poñan en marcha.


Pero o Goberno Galego é o que ten as competencias e establece as prioridades e, polo tanto, tamén o que marca as políticas.

Como falta pouco para que sexa aprobada esa lei, agardaremos a que ese primeiro grande obxectivo do meu Goberno, tendente a unha vertebración do país de forma moito máis solidaria, teña unha plasmación legal para, a continuación, actuar fundamentalmente a prol desa coordinación.

O terceiro punto é a cooperación, negociación, colaboración, non enfrontamento –como queiran vostedes– coa Administración Central.

Eu son partidario do diálogo e partidario de que ese diálogo sexa constructivo, aínda que en ocasións haxa tensións, como acontece moitas veces cando un defende as súas propias formulacións.

A min gustárame –e así o estamos a facer, porque así haberá resultados positivos– que sexa o Goberno Galego o que marque certas prioridades para Galicia, para que sexan integradas neste grande proxecto do noso país. Como xa dixen anteriormente, non deixarei nin renunciarei ás competencias e ós compromisos que a propia Autonomía lle confire ó seu presidente e tamén ó seu propio Goberno. Polo tanto, teñan a completa seguridade de que, nese caso, non renunciaremos a nada, como tamén interpoñerémos-los recursos que sexan precisos cando as propias motivacións de carácter legal e de carácter interpretativo así nolo esixan.



González Laxe foi o primeiro en subir á tribuna do novo hemiciclo para facer balance da súa xestión, e pronunciou un discurso de 157 folios que leu en noventa minutos.

Outro apartado é o da promoción externa, onde diferenciaría dous grandes núcleos: un, o mundo da emigración; outro, a Fundación Galicia-Europa.

No mundo da emigración saben as súas Señorías da morea importante de decretos de recoñecemento da galegitude. Iso dálles ós centros galegos a oportunidade de estar enxertados na lei que aprobou o noso Parlamento. Saben tamén das axudas que cara ós propios emigrantes o Goberno de Galicia está realizando.

Podo dicirlles que para aquelas entidades ou persoas que non teñen capacidade económica que lles permita aboa-las cotas, como acontece con algún centro galego, o arxentino por exemplo, o Goberno Galego pon unha parte. Tamén para crear ese centro residencia da terceira idade en Caracas; ou para xestionar, apoiar e incentiva-la dotación de material médico en Montevideo.

E agora, dentro duns días, tamén o Goberno Galego estará de novo en Venezuela para poderlles presentar ós nosos veciños dos centros galegos a axuda que a Xunta de Galicia lles pode prestar a través dunha mellora dos tipos de interese ós préstamos que as propias entidades financeiras galegas ubicadas alá poidan facilitar ós galegos que sufriron algunha perda durante estes días naquel país.

En canto á Fundación Galicia-Europa, creo que era un obxectivo, un obxectivo encamiñado á creación dun lugar común de toda Galicia onde non só se forme, non só se informe, senón que tamén se faga posible a integración da nosa terra nese grande proxecto europeo.

Facemos pois destes logros acadados o que é un balance provisorio ó día de hoxe, un balance que soamente rematará cando estean definitivamente consolidadas e realizadas as perspectivas de futuro de Galicia.

Gracias a esta xestión, gracias a esta aproximación ós problemas, gracias a esta política de despegue e de espallamento, estamos recuperando o tempo perdido.

A min gustárame neste intre reivindicar tres galegos ilustres, tres persoas que fixeron moito polo noso pobo, pero que son ás veces moi descoñecidas: Manuel Antonio, Xoán Vicente Viqueira e Porteiro Garea, tres galegos que morreron cando tiñan 30 anos, na grande oportunidade fallida de Galicia na xeración dos anos 20 e cando se creaba todo un grande xermolo de galeguismo e de liberalismo. Alí estaban estes tres galegos que nesta primeira intervención miña eu quería salientar.

Non quero que se trunque a historia. O que intento é que se recupere todo ese tempo perdido e ata coido que habería que desenvolver esa brillante creación que nos deixaron estes tres galegos.

Crecemento económico

Nese balance provisorio o importante é calcular, medir, comparar como a nosa economía foi recortando o diferencial do crecemento económico de España.

É salientable, por exemplo, que no ano 1986 Galicia só medraba 1,9 % e España o 3,7 %. No ano 1987, Galicia medra o 4,1 %, España o 5,2 %. No ano 1988, nos datos que posuímos, Galicia medra o 5,1 %, e non sei o que medrará España. O cal, se son certas as manifestación destes días de que a economía española medrará o 5 %, quere dicir que xa igualámo-lo ritmo de crecemento da economía española. Isto é o importante. Importante porque hai sectores que van tirando da nosa economía, porque hai mecanismos de ilusión, de firmeza, de convicción e de intuición que nos permiten xerar ese clima de optimismo que hoxe vive Galicia.

Non só o produto interior bruto galego medra ese 5,1 %, senón que se mirámo-los datos de emprego ou de paro, quero dicir que en Galicia, no ano 1988, o emprego neto significou 19.000 novos postos de traballo. A pesar de se incrementa-la taxa de actividade, reduciuse a taxa do paro en 0,25 %.

Tamén é importante salientar que o investimento público en Galicia do ano 1988 respecto de 1987 medrou nun 110 %, o que quere dicir importantes entradas no mundo do traballo e redución importante e significativa do número de persoas no mundo do desemprego.

O investimento estranxeiro en 1988, comparado co de 1987, aumentou nun 86,5 %. E o que tamén é importante: os créditos da banca privada aumentaron o 9,75 %. Tamén os créditos das caixas de aforros ó sector privado medraron nun 24,7 % no ano 1988.

¿Que quero dicir con iso? Quero dicir que, en termos xerais, a economía galega se recuperou do que viña sendo unha tendencia xa crónica, que era medrar moito menos cá economía española.

Todos en Galicia salientabamos que, cando medraba a economía española, a economía galega medraba moito menos. En época de crise era xustamente cando a economía galega medraba máis cá economía española.

Pois ben, creo que agora é unha onda expansiva promovida polo propio crecemento económico español o que fai posible que a nosa economía galega estea caracterizada por un claro tirón de avance, por un claro proceso de aceleración e tamén de modernización.

Hai sectores que medraron menos dese 5,1 %, como pode se-lo sector agrícola. Pero hai sectores como o pesqueiro e outros sectores que medraron moito máis; como o da construción e como tamén o sector da industria,

fundamentalmente a dos estaleiros medianos e pequenos, que son os que máis subiron e fixeron medra-los índices.

Aumentou a produción da madeira, do millo, do leite, tamén a da pesca. E teño que dicir que en termos xerais o sector eléctrico tamén aumentou. É dicir, todos aumentaron, pero os que significaron un aumento fundamental foron o sector da construción de vivendas e mailo sector da construción naval. Non digo, con iso, que estea completamente satisfeito deste balance provisional, aínda que é un grande síntoma do que pode continuar sendo Galicia.

E como estamos nun momento histórico no que non podemos limitarnos a ollar para o pasado, debemos –a partir do que foi ese pasado– tira-las conclusións que nos permitan deseña-lo futuro. Iso é o que o Goberno Galego está facendo nestes precisos momentos.

Convén, polo tanto, neste debate xeral matiza-lo contexto diferente no que temos que configura-la nova realidade galega dos próximos anos. Coas perspectivas da Acta Única Europea, o mercado interior, a libre circulación de mercadorías, de capitais, de man de obra, a cohesión social e europea dos cidadáns, veñen se-lo corpo que dá forma a toda a nosa actuación nos próximos anos.

Como consecuencia desa actuación comunitaria está a duplicación dos fondos estruturais e está a solidaridade inter-rxional. Sobre estes conceptos novos, a sociedade galega ten a obriga de presentar novos horizontes.

Eu quero enmarcar Galicia nesa nova fronteira, como diría Kennedy, sinalando 1993 como un horizonte posible, viable e necesario.

Polo tanto, o meu Goberno e as forzas que apoian o Goberno tripartito consideran necesario rematar coa marxinación de Galicia para que a partir dos peares que xa funcionan no noso país, a partir das conclusións deste balance provisorio que lles acabo de explicar, sexa posible establece-las novas tarefas e mailas liñas directrices do que temos que facer cara ó 1993.

1993 é un ano importante. Non é soamente que eu teña unha certa teima en falar del, ou porque coincida co aniversario da chegada da Pinta a Baiona A Real, ou sexa, un Ano Santo compostelán, senón que 1993 tamén é cando se empeza a aplica-los principios da Acta Única Europea.

Nese horizonte de 1989-1993 contemplámo-los investimentos en infraestructuras, contemplámo-las actuacións en sectores productivos e contemplámo-las actuacións sociais e de apoio ó desenvolvemento.

A contía desta gran dinamización e modernización ascende a un billón de pesetas. Este é un gran proxecto estratéxico de futuro, un proxecto dirixido a

contar axeitadamente cun marco xeral que faga posible a súa aplicación práctica no seo da sociedade, un proxecto que precisa dos instrumentos legais e financeiros imprescindibles para a súa posta en marcha.

O noso obxectivo foi, logo, establecer un plan económico a medio prazo, que serve de marco diferencial da política xeral do Goberno e mesmo das distintas políticas sectoriais.

E este plan de desenvolvemento rexional vai se-lo auténtico eixo vertebrador e dinamizador das potencialidades económicas e sociais da nosa terra nos próximos cinco anos.

Queremos enfocalo nesa tripla perspectiva territorial, económica e social.

Un plan que basea as súas directrices centrais tanto na descrición pormenorizada dos obxectivos de desenvolvemento para o período devandito, tendo en conta as grandes magnitudes macroeconómicas e de infraestrutura, como nas accións e nos recursos que cómpre realizar para a consecución dos fins previstos.

Por unha banda, a firme e progresiva vertebración da estrutura económica e social de Galicia na dinámica de crecemento e da modernización. Polo tanto, temos que supera-lo concepto e a condición de comunidade periférica a fin de procura-lo máximo aproveitamento dos impulsos xerados fóra do noso territorio.

En segundo lugar, o desenvolvemento dun mercado interno dinámico, flexible, diversificado, forte e competitivo; un mercado ó cabo que sexa quen de lles dar auténtico pulo a tódalas potencialidades que sen dúbida encerran a economía e maila sociedade galegas.

E, polo tanto, o que queremos explicar e executar os próximos cinco anos vén se-lo seguinte:

En infraestruturas, non só debemos mellora-la accesibilidades interior e exterior de Galicia, e para iso hai catro grandes obxectivos: comunicación coa Meseta, cooperación transfronteiriza co norte de Portugal, corredor cantábrico e vertebración interna de Galicia.

Se empezamos polo último, que é moi importante, o país ten que estar vertebrado internamente, é dicir, que non haxa cortes de comunicación entre unha vila e outra, senón que haxa un núcleo, uns pólos arredor dos que poida traballa-la sociedade.

Entre o ano 1990 e seguintes, e digo ben, no ano 1990 estaranse construíndo as autovías que comunicarán Galicia coa Meseta: a que parta de Vigo e a que parta da Coruña. E tamén, como está xa aprobada, a prolongación da

autoestrada de Ferrol-Vigo, comunicando a autovía ata a fronteira con Portugal cunha nova ponte. E as dúas autovías que partan da Coruña-Lugo-Benavente e Vigo-Ourense-Benavente. Asemade comenzarémo-lo trazado do corredor cantábrico. Ese é o obxectivo do meu Goberno.

Polo tanto, hai que traballar para isto e forma-la propia entidade que nos permita non só xogar internamente, senón tamén proxecta-lo noso propio país ó exterior.

No horizonte de 1993

Pero tamén estou convencido de que no ano 1993 será realidade gracias ós investimentos e ó programa, á convicción e á enteiraza e á firmeza que as instalación portuarias estean desenroladas e sirvan ós nosos portos, para que as nosas instalacións pesqueiras e tamén de transporte de mercadorías desenvolvan esa función moito mellor do que hoxe.

Non só compre moderniza-lo noso sistema de transportes, senón que tamén temos que sanear integramente as nosas rías.

E este é, nin máis nin menos, o sistema de perspectiva dun goberno onde se sitúan os propios horizontes nos próximos cinco anos.

Na ordenación dos sectores productivos, tamén hai que marcar grandes tendencias. Diciamos hai uns minutos que iamos ben e iso era un logro, un éxito, aínda que curto pero xa substancial.

Do que resta é exemplo a concentración parcelaria, eido no que hai que buscar nos próximos catro anos esas 100.000 hectáreas máis de concentración parcelaria e chegar ó saneamento gandeiro das 900.000 reses. Cómpre así mesmo moderniza-las estruturas agrarias e dotar de infraestruturas as 25.000 explotacións agrícolas. Preciso é tamén moita axuda a todo o que se refire ó tratamento silvícola de Galicia, cuestión moi necesaria para o aproveitamento do noso potencial.

En pesca debemos traballar na reestructuración e modernización da frota, na investigación, na innovación tecnolóxica e na potenciación dos cultivos mariños fundamentais.

En industria, non só continua-la nosa liña de apoio ás pequenas e medianas empresas para que aproveiten o potencial endógeno da nosa Comunidade Autónoma, senón tamén conseguir que sexa unha realidade que a rede de gas natural circule, penetre e chegue ás industrias e ós fogares dos galegos. Eu estou convencido de que, coas axudas galegas e comunitarias, será unha auténtica realidade.

Non me esquezo da oferta turística, que é importante, nin tampouco da mellora das canles de comercialización.

Outro eixo dese horizonte 1993 está no fomento do emprego. Hai que combater-lo desemprego de longa duración. E para iso non só está o fomento da denominada economía social, do cooperativismo, senón tamén a mellora do noso sistema educativo e a completa cobertura do sistema sanitario.

Mellora-lo sistema educativo naquelas escolas que aínda requiren unha ampliación, e mellorar e completa-lo sistema sanitario, para que toda Galicia sexa unha rede mesma de centros de saúde que, coas liñas programáticas expostas no Servicio Galego de Saúde, dará unha resposta a aquelas necesidades que o propio cidadán galego no seu día poida reclamar.

E referíndonos á Universidade, entendo que en Galicia hai que falar de universidades en plural: a de Santiago, a do norte e a do sur compoñen tamén un horizonte 1993 co que tamén cómpre que os galegos se identifiquen e se sitúen na mesma liña.

A firmeza dun Goberno baséase no mantemento deses principios, desas grandes liñas de acción e de traballo que están encamiñadas e pensadas en relación co futuro de Galicia. Todas elas son acción que, pola súa dimensión e importancia, van propiciar con seguridade o establecemento dunha nova conxuntura para a nosa terra, unha conxuntura que será sen dúbida radicalmente distintas da que agora coñecemos e que impoñerá un profundo e renovador cambio da estrutura social e económica do país.

Unha sociedade máis áxil e dinámica, unha sociedade aberta, unha sociedade asentada sobre unha economía máis forte, unha sociedade, en fin, vertebrada, orgullosa de si mesma e confiada nas súas propias potencialidades cara ó exterior.

Estas son, pois, as grandes perspectivas do traballo que está a realiza-lo Goberno que eu presido.

Imos cara ó futuro, pero non esquecémo-lo presente, que é tanto como dicir que o noso guieiro de actuación non se limita ao día a día da xestión gobernamental administrativa. Pola contra, os nosos proxectos queren ter un alcance histórico no tempo. Están dotados de obxectivos claros, sen dúbida discutibles –verémolo a partir de mañá–, pero ninguén pode poñer en tea de xuicio que todos eles xorden dun exhaustivo estudo e coñecemento da situación galega e dunha decidida intención de melloralala.

Evidentemente, señores deputados, nesa Galicia que é síntese das ansias de tódolos homes e mulleres da nosa terra, esa Galicia que quere conxuga-lo

progreso co benestar social desde a solidaridade entre tódalas xentes e tódolos pobos de España e da Europa comunitaria, nesa Galicia non poden ter lugar de ningún xeito as violencias e maila intransixente actitude dos que –desde unha posición ultramarxinal e totalitaria– intentan rachar coa estabilidade democrática.

Estoume referindo a ese minúsculo brote de terrorismo que pugna por crebanta-la paz social a custa da súa propia automarxinación e illamento.

Afortunadamente son un reducidísimo número de mentes distorsionadas pola alucinación e que, na súa demencia, tenta introducir no noso país as sinistras e asasinas prácticas do terrorismo.

Certo é que non teñen base social ningunha e que non atopan máis có total rexeitamento da sociedade galega no seu conxunto. Nembargantes, como máximo responsable político deste país, esta situación, aínda que cativa e localizada, non pode deixar de preocuparme seriamente.

No rexeitamento destas actitudes non pode haber gretas entre as organizacións democráticas de Galicia. Todos sen exclusións e sen dúbidas temos que mostra-lo noso absoluto rexeitamento e negativa a que na nosa terra poidan ter lugar situacións e feitos que tanto mal están a facer noutras comunidades do mundo.

Dito isto, señores Deputados, permítanme que recupere o fío da miña exposición, a fin de constatar unha serie de últimas reflexións sobre a política xeral do Goberno Galego.

Cando presentámo-la moción de censura fixemos fincapé nas consideracións que nos levaron a tomar aquela iniciativa parlamentaria. Salientábamo-la capacidade da Xunta para defende-los intereses xerais do país, pero o desgobierno e mailo caos administrativo e a inoperancia do Goberno puxéronnos na obriga inescusable de denuncia-la situación e de preservar unha proposta alternativa de goberno.

O tempo percorrido pon de manifesto que o cambio de goberno trouxo consigo novas orientacións na acción política, caracterizadas na súa esencia polo predominio dos intereses xerais de Galicia sobre os intereses partidarios ou mesmo particulares.

Tamén se puxo de manifesto, no último ano e medio, a existencia dunha auténtica estabilidade governamental e parlamentaria, ademais dunha notable mellora no funcionamento do aparato administrativo da Comunidade Autónoma, o que se traduce nunha maior operatividade e adecuación á dinámica política do Executivo.

En definitiva, a presenza exterior de Galicia a través do seu Goberno viuse tamén notablemente reforzada.

Insistindo na orientación política do Goberno que eu presido, quero dicir que a Xunta estableceu, como norma capital, sen discusión posible arredor diso, a defensa dos intereses xerais de Galicia para nos arredar definitivamente doutros tempos nos que foron outros intereses os que, en moitas ocasións, primaron sobre aqueles.

A propia natureza da composición governamental, unha coalición partidaria plural, impulsou certamente a primacía dos intereses globais do País Galego. Esta premisa, absolutamente necesaria para a propia estabilidade governamental, foi seguida en todo intre por todos e cada un dos membros do Executivo. De tal maneira que –estou absolutamente convencido– non sería posible atopar nin un só caso ou acción política na que o meu Goberno poida ser xustamente acusado de poñer os intereses particulares ou partidarios por riba de intereses políticos xerais de Galicia.

A unidade do Executivo, a pesar dalgúns intentos desestabilizadores, está sendo outra das clave do crecente éxito deste Goberno entre sectores maioritarios da sociedade galega.

O escaso tempo co que se contou para articula-la coalición governamental, a natural diversidade ideolóxica, a falta de precedentes e a inexperiencia administrativa dalgúns, todo aquilo semella compoñer un mosaico de difícil arranxo e integrado por elementos que ían poñer en perigo a estabilidade do Executivo.

Pero nada máis lonxe do que en realidade aconteceu: o propio Executivo evidenciou axiña que nos topamos ante o Goberno máis estable e sólido que a Xunta tivo desde as súas orixes. Un Goberno no que eu, como presidente, constato cada día que os seus membros actúan como componentes dun Executivo plenamente integrado, e non como membros de distintos partidos políticos. Esta é a nosa fortaleza, Señorías, unha fortaleza que se reflexa nunha acción política e administrativa intensa e capaz, sensiblemente superior á dos períodos anteriores.

Unha maior capacidade de xestión e de execución presupostaría. Unha maior produción normativa, que comporta así mesmo unha maior presenza parlamentaria. Un maior e máis intenso contacto e diálogo cos axentes sociais, coas institucións privadas e organismos de toda índole. Unha maior proxección exterior.

Todo reflexa unha nova dinámica administrativa, lonxe xa daquel paso de elefante vello a que nos tiñan acostumados antes.

Por todo iso é polo que eu, persoalmente, sinto máis satisfacción.

Cambios profundos

O profundo cambio establecido nas relación da nosa Comunidade Autónoma coa Administración Central; a intensificación dos nosos contactos cos gobernos doutras comunidades autónomas que, en moitos casos, están dando forma a acción concretas e importantes, especialmente no que se refire á cornixa cántabra; a nosa proxección europea, con presenza propia en Bruxelas; a positiva dinámica creada polos contactos entre a Xunta e a rexión norte de Portugal; a presenza da Galicia real de 1989 en Latinoamérica; todo iso son mostras incontestables dunha maior e máis fructífera presenza do Goberno Galego no exterior, unha presenza que está a se reflexar na revalorización da imaxe pública e nacional de Galicia, máis alá das nosas fronteiras.

Tampouco ningún Goberno Galego anterior asinara tantos convenios e acordos con sindicatos profesionais, ou tramitara tantas axudas para asociación de todo tipo, ou mantivera tal nivel de contactos, entrevistas, negociacións, etcétera, amosando sempre un espírito especialmente receptivo ante as demandas e aspiracións dos cidadáns e dos colectivos sociais da nosa terra.

Esta actitude non responde a unha visión cínica ou oportunista da vida e da acción política.

Pola contra, responde á nosa máis íntima e absoluta convicción de que sen a participación activa dos axentes sociais, das organización sindicais e profesionais, das entidades empresariais, resulta moito máis difícil, por non dicir imposible, avanzar na procura dos obxectivos políticos e programáticos que o Goberno que eu presido se propón realizar en Galicia.

Señor Presidente, señoras e señores Deputados, non quería remata-lo meu discurso –do que estou seguro faltarán certos temas que as súas Señorías mañá salientarán–, necesariamente longo, sen reafirmarme nunha idea que transcende de todo o seu contido.

A Xunta que eu presido non naceu para gobernar dous anos. Non era esa a nosa intención cando asumímo-la responsabilidade de presenta-la moción de censura, aínda que quizais non moitos nos comprendían suficientemente.

Emporiso coido que hoxe é a maioría do sector da poboación galega que ve na fórmula de Goberno que escollemos a única capaz de situar Galicia no camiño do progreso, da modernidade e da competitividade, obxectivos todos eles non abstractos nin alleos á nosa realidade social, senón necesariamente conxugables coas nosas peculiaridades e particularidades como pobo.

O meu Goberno vén traballando desde o inicio do meu mandato na planificación e programación dunha serie de obxectivos de transformación do noso

país; e faino necesariamente cunha perspectiva temporal: o ano 1993.

Señorías, en repetidas veces eu mesmo teño utilizado a data de 1993 como referencia do noso traballo. Non o facía nin o fago de forma caprichosa, nin é esa data un referente máxico ou ilusorio.

1993 é a data na que Galicia deberá estar definitivamente disposta para afrontar-lo reto do gran Mercado Único Europeo, reto para o que o país non estaba, nin está hoxe, abondo preparado. De aí que consideremos que, aínda que o traballo realizado é moito, non poderemos avaliar convenientemente a nosa xestión antes desas datas. O noso prazo de goberno, e así llo demandaremos no seu día á sociedade galega, remata nun primeiro esforzo en 1993.

Por iso non limitámo-la nosa acción á xestión a curto prazo, con miras partidistas ou electoralistas. Por iso enfrontámo-los grandes retos da nosa sociedade: as infraestruturas, a competitividade, a correcta industrialización, non con miras ó ano 1989, senón ó 1993.

Señorías, xulguen vostedes se o realizado ata agora é coherente con ese obxectivo, se as nosas previsións e programacións están axustadas á solución deses grandes retos. De ser así, e eu estou plenamente convencido de estalo facendo correctamente, estaremos no bo camiño, acertaremos nos grandes desafíos que a Galicia se lle presentan.

Señor Presidente, Señorías, é a miña intención que o debate que seguirá a este discurso sirva para definir posicións, para que os galegos saiban das grandes liñas sobre as que traballamos, lonxe de estériles discusións que non aportan nada.

Se así o facemos, coido que a expectativa que este debate suscitou na sociedade galega se verá correspondida, e o noso esforzo non será baldío.

Agora gustárame que non visen nas miñas verbas máis cá obrigada defensa, polo Presidente do Goberno, dun proxecto político no que os partidos puxeron a súa confianza.

Gustárame, e sei que é difícil, que estas verbas finais da miña intervención non tivesen ningún senso polémico e por iso desexaría pronuncialas de tal xeito que fosen recibidas como a reflexión dun cidadán que cre firmemente nas posibilidades que a sociedade galega ten para aceptar, enfrontar e vencer-los desafíos que ten ante o horizonte 1993.

Moitas grazas.

Títulos da colección
**DISCURSOS
PARLAMENTARIOS**

Xerardo Fernández Albor

Primeira e segunda lexislatura
(1982-1987)

Fernando González Laxe

Segunda lexislatura
(1987-1989)

En preparación

Manuel Fraga Iribarne

Terceira lexislatura
(1990-1993)

Emilio Pérez Touriño

Sétima lexislatura
(2005-2009)

Alberto Núñez Feijóo

Oitava lexislatura
(2009-2012)

Manuel Fraga Iribarne

Cuarta lexislatura
(1993-1997)

Manuel Fraga Iribarne

Quinta lexislatura
(1997-2001)

Manuel Fraga Iribarne

Sexta lexislatura
(2001-2005)

Alberto Núñez Feijóo

Novena lexislatura
(2012-2016)



PARLAMENTO
DE GALICIA

